CONCELLO DE VIGO

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

CANDEÁN

7

AFONSO SALVADOR RODRÍGUEZ GONZÁLEZ



Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo

COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO / CANDEÁN, NÚM. 7

Edición:
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, 1º andar, porta 15. Rúa das Cumieras, s/n
Campus de Vigo
36202 Vigo
Tfno.: 968 813 574
© Afonso Salvador Rodríguez González
Fotógrafo: Afonso Salvador Rodríguez González
Foto portada: a mámoa A Casa dos Mouros
© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2019
© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2019
Printed in Spain - Impreso en España
ISBN: 978-84-8158-821-7
Depósito legal: VG 549-2019
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Maquetación e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

CONCELLO DE VIGO

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

CANDEÁN

7

AFONSO SALVADOR RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Universidade de Vigo

Agradecementos

Detrás deste libro existen moitas persoas anónimas que o fixeron posible. Agradezo especialmente a colaboración de tantos veciños e veciñas da parroquia, algúns dos cales xa non se encontran entre nós. Elas e eles (maioritariamente, as persoas de máis idade dos distintos lugares de Candeán) abriron as súas portas a un estraño para compartir con el a memoria popular herdada e revelar multitude de pequenos tesouros toponímicos integrados agora no mapa toponímico da parroquia, así como nas páxinas deste libro.

A Marilú Campos Rodríguez, polo seu apoio incondicional ao longo de todo este tempo, polos seus consellos e ideas e pola revisión pormenorizada deste libro. As súas valiosas achegas deixaron pegada nestas páxinas.

1 Introdución

En antigas turbeiras, os grans de pole que inundaban o ar hai miles de anos foron pousando coma fina poalla sobre un leito ácido de musgos, plantas insectívoras e xuncas de algodón. Ininterrompidamente, ano tras ano, século tras século, milenio tras milenio. Aquí un gran de pole de bidueiro, ao seu carón de carpe, máis alá outro de faia… As condicións tan propias que reinaban nestas zonas húmidas fixeron que estas partículas ficaran fosilizadas nun magma vexetal que chamamos turba.

Hoxe en día os *tremedais*, *lagoas* ou *arroios* son ecosistemas ameazados, pero a turba existente nestes medios proporciónalles ás persoas investigadoras unha valiosísima información sobre a flora e a vexetación que existiron en cada momento da nosa historia e prehistoria, ordenada cronoloxicamente en secuencias de miles de anos de antigüidade.

Coa toponimia sucede algo semellante. Un verdadeiro manto toponímico cobre os lugares habitados, as terras de cultivo e os montes, incluídos os *fraguedos* e os *laxiais*. Neste substrato inmaterial consérvanse un gran número de elementos denominados topónimos. Estes, a diferenza dos grans de pole, aparecen nun mesmo e único estrato, independentemente da súa antigüidade. Podemos encontrar, así, palabras de orixe prerromana a carón de topónimos de recente creación, derivados moitos destes do nome ou do alcume dos propietarios contemporáneos dunha parcela ou vivenda. Aínda que nalgúns casos o seu significado é transparente, en ocasións só unha análise lingüística pormenorizada nos permite investigar a súa procedencia e o seu significado.

A información que conteñen só resulta comparable coa que nos proporciona a arqueoloxía no ámbito da historia ou a paleontoloxía no da evolución. A elaboración do **Mapa toponímico de Candeán** nos anos 2012 e 2013 proporcionounos **1715 topónimos**. Este abondoso material ofrécenos a posibilidade de indagar en moi diversos aspectos da vida de xeracións e xeracións de habitantes desta parroquia: o territorio que habitaban, os animais cos que convivían, a vexetación que cultivaban ou que medraba de maneira espontánea en campos e montes, o modo en que transformaban os hábitats naturais, como xestionaban as augas, onde residían e que elementos de arquitectura popular creaban, as vías de comunicación que transitaban, a estrutura da súa sociedade e as relacións que establecían entre os seus membros, a transformación das materias primas e as actividades económicas, a historia, a relixión, as lendas populares…

As fontes bibliográficas consultadas revelaron a existencia dunha continuidade nun importante número de topónimos, que apenas variaron ao longo dos últimos 263 anos. No caso dos que si experimentaron modificacións, proporciónannos unha información moi valiosa sobre a súa evolución, que nos axudan a desentrañar algunhas etimoloxías dubidosas. O Catastro do Marqués de Ensenada, en particular, achéganos unha información fundamental sobre os nomes da terra, os cultivos, o hábitat humano e a economía do Candeán do século XVIII.

A preocupación pola conservación da toponimia local, así como por rexistrar os diferentes aspectos dunha sociedade agraria que estaba a esmorecer (o patrimonio etnográfico material, os modos de produción e os oficios, a relixión, a historia local, os ritos máxicos, as lendas de tradición oral etc.) levaron a redactar no ano 2000 o libro *Candeán, memorias dunha parroquia* do autor Xerardo Dasairas Valsa (2000). A información contida nesta obra cobra un especial valor dezaseis anos despois, cando a lembranza dos tempos que aquí se retratan está cada vez máis esvaída.

Agardamos que este traballo contribúa a que se coñeza un pouco máis a parroquia de Candeán a través da súa toponimia. Non como unha obra rematada, senón como un convite a pescudar e a investigar sobre os distintos significados que se ocultan detrás dos nomes da terra. A toponimia, como outras manifestacións daquilo que denominamos patrimonio inmaterial, constitúe unha parte fundamental do patrimonio

cultural da parroquia, non por intanxible menos importante ca os elementos materiais.

Debemos engadir, por último, unha anotación sobre a representación escrita dos topónimos. É ben sabido que en Candeán –como acontece en toda a área occidental de Galiza– se producen os fenómenos da *gheada* e do *seseo,* que aínda prevalecen na fala popular desta parroquia, nomeadamente entre a poboación de máis idade.

Neste libro estes fenómenos represéntanse graficamente conforme establece a normativa galega (como [g] ou ben como [c] ou [z], respectivamente).

2 Estrutura do libro

Os topónimos presentes neste traballo están clasificados tematicamente en once apartados distintos. O primeiro deles é o que denominamos **Os primeiros núcleos de poboamento**. A partir dos datos contidos no *Libro de legos* da parroquia de «San Chrisptoval de Candeán», do Catastro do Marqués de Ensenada, redactado a «siete días del mes de abril de mil sete cientos cinquenta y tres», podemos obter unha radiografía histórica do Candeán de mediados do século XVIII. Naqueles tempos, a parroquia estaba dividida en pequenos núcleos rurais que se dispersaban sobre unha extensa superficie agrícola, composta por cultivos de secaño e regadío, pasteiros, viñas e devesas, tendida aos pés do monte comunal. Estes lugares ou casais, escasamente poboados, estaban formados por casas terreñas coas súas construcións anexas, mais un reducido número de casas «de un alto». Estas últimas contaban xa con andar superior dedicado á vivenda, situado sobre as cortes do gando, e esta será a tipoloxía de vivenda labrega que se acabaría impoñendo no noso país.

No segundo apartado, **O relevo**, reunimos os topónimos que describen a morfoloxía do terreo, os chamados orónimos: elevacións, depresións, crebas na superficie da terra, chans, pendentes, cavidades e rochas. Candeán é unha parroquia de formas suaves con escasos afloramentos superficiais de pedra, pero que ao mesmo tempo presenta unha topografía complexa e variada. Desde as veigas fluviais das partes baixas ata as recháns das cotas de maior altitude, pasando por unha gran variedade de relevos como lombas, ladeiras ou pequenos vales fluviais.

En **Os nomes da auga** (hidrónimos) tratamos os topónimos relacionados coa rede hídrica e co manexo que se facía desta: os

nacentes, as fontes e as minas, as augas correntes, as augas paradas, as zonas húmidas, as infraestruturas tradicionais de regadío (como regos e presas), as súas áreas de servidume ou resíos, as terras ribeiregas, as pontes e pontellas que atravesan os ríos, os ríos vellos ou os muíños, que permitían procesar o gran dos cereais utilizando a enerxía das augas.

Os topónimos que incluímos no apartado **A flora** conteñen o nome das especies e das agrupacións vexetais. Comprenden árbores, arbustos e herbas silvestres, así como as asociacións ou as comunidades que forman. Tamén o nome de certas partes das plantas *(A Candea*, *A Cañoteira)* ou de exemplares singulares *(O Carballo de Xan Mendes)*. Pero tamén tratamos as especies cultivadas: plantas hortícolas, froiteiras, cereais ou plantacións arbóreas. Aínda que é certo que a vexetación natural resultou moi afectada por cavaduras, plantacións forestais e (recentemente) pola urbanización dunha gran parte do territorio, aínda se conservan pequenas mostras das especies e das comunidades vexetais máis representativas, como o bosque de ribeira e a vexetación de brañas e turbeiras. A suma das especies características dos hábitats naturais, plantas cultivadas e outras arvenses (campos de cultivo) e humanizados deu lugar a unha flora rica e variada que deixou a súa pegada nunha abondosa fitotoponimia.

En **A fauna** reunimos os topónimos que conteñen o nome dun animal, sexa este doméstico ou salvaxe. A gandaría existe en Candeán desde a prehistoria, cando os seus habitantes neolíticos ergueron as grandes pedras que forman a cámara megalítica da *Casa dos Mouros*. Xa durante a Idade de Ferro, estaban presentes en Galiza as especies máis representativas da cabana gandeira das sociedades rurais galegas de comezos do século xx. Por outra parte, tamén a fauna salvaxe achegou diversos zootopónimos á toponimia de Candeán, especialmente cando se trataba de animais que presentaban algunha relevancia particular, debido en especial á súa rareza ou ao temor que causaban. Así, algunhas pedras illadas recibiron o nome dun animal (*A Pedra do Moucho*, *A Pedra da Cobra* etc.), que converteron estes penedos en localizadores xeográficos. Algunhas destas especies extinguíronse da parroquia, e ficaron estes topónimos como testemuñas da súa existencia pasada. Este é o caso da *Pedra do Lobo*, situada no *Pinal do Rei* (A Devesa). E quizais tamén o do «Campo doso», que aparece recollido no Catastro de Ensenada. Non sabemos se se trata dun topónimo de

grande antigüidade que recolle a presenza histórica do oso nesta zona, ou ben do nome dun antigo propietario alcumado «O Oso», forma que aparece rexistrada como antropónimo na Idade Media.

O apartado **Agricultura e gandaría** inclúe por unha parte os topónimos relacionados cos cultivos de regadío e de secaño, as distintas tipoloxías de terreos agrícolas, as calidades e as características destes, a súa forma e disposición, o proceso de cavadura de antigas superficies de monte e a súa conversión en novos cultivos, as parcelas de monte que fornecían os recursos necesarios para fertilizar os campos e alimentar o gando etc. Pola outra, diferentes aspectos vinculados coa actividade gandeira: os lugares de estabulación, os pasteiros agrícolas e de monte etc.

En **Sociedade** tratamos un grupo heteroxéneo de topónimos que inclúen os elementos que conforman o hábitat humano: a casa e os espazos anexionados a esta, as construcións accesorias, os peches, os lugares de acceso e outros elementos arquitectónicos, os utensilios de uso doméstico, os espazos comúns, as vías de comunicación, os restos de edificacións abandonadas… Tamén os relacionados coas actividades económicas (os oficios, a artesanía, o procesamento dos recursos naturais, a apicultura etc.) ou coas relacións sociais e de dependencia que existían entre a veciñanza (foros e tributos, *maladías*, herdanzas…).

O apartado **Posesores** comprende diversos topónimos que conservan os nomes de antigos propietarios desas terras. Nomes que nalgúns casos son de ascendencia sueva (incluído o propio topónimo *Candeán*) e de cronoloxía medieval, pero que noutras ocasións son moi recentes, aludindo xeralmente a alcumes ou a nomes familiares. Precisamente, estes *apoios* (como son denominados na parroquia) proporcionan abondoso material de estudo lingüístico, que por si mesmo ben merecería realizar un estudo específico. Os alcumes familiares conteñen unha valiosa información sobre o léxico local (onde encontrariamos posiblemente moitas voces hoxe desaparecidas na fala), antigas ocupacións ou oficios, relacións sociais etc.

Na sección **A historia** incluímos os nomes de lugar que expresan diferentes aspectos da historia local de Candeán, como o seu patrimonio monumental civil *(A Torre dos Mouros)*, elementos arquitectónicos hoxe desaparecidos (*O Torreón*, *A Facha*, quizais tamén *Celeirós*), evidencias do seu pasado medieval *(A Poba)* e os xacementos arqueolóxicos, compostos fundamentalmente por numerosas mámoas

(destaca entre todas elas *A Casa dos Mouros*) e dous castros: o castro de *Codeside* e o *Crasto da Freiría*.

En **A relixión** reunimos os topónimos que nos remiten ao patrimonio monumental relixioso da parroquia *(A Igrexa, A Suaigrexa)* e os que aluden a antigos lugares de culto hoxe desaparecidos ou transformados *(A Terra Santa, O Calvario)* ou a institucións relixiosas (*A Freiría, A Coutada do* Abade ou *A Presa da Abadesa*).

Finalmente, en **As lendas** presentamos dous protagonistas de numerosos relatos máxicos que quedaron fixados en varios topónimos da parroquia de Candeán: os *mouros* e o *tardo*. Lendas desaparecidas por desgraza, na súa maior parte, a causa da actual ruptura da cadea de transmisión oral.



Antiga vivenda no lugar das *Cales*

3 Topónimos

Os primeiros núcleos de poboamento

▶ Candeán

No século XVIII, un dos núcleos principais da parroquia recibía o nome de «Candeán». Contaba entón con dez casas terreñas e unha máis con andar superior, semellante ás vivendas rurais galegas da primeira metade do século XX, que eran denominadas naquel tempo como casas «de un alto». Ao sur deste lugar existía un segundo agrupamento de vivendas denominado «Candean de Avajo», de menores dimensións, que incluía neste caso unha casa alta e catro terreñas, rodeadas de hortas, viñas e terras de regadío e de secaño.

A etimoloxía do topónimo que lle dá nome á parroquia non é moi clara. Gerardo Sacau Rodríguez (1996: 33) relacionaba *Candeán* coa raíz preindoeuropea CAND- ou CANT-, que podería aludir a distintos elementos. Como acepcións máis probables téñense proposto as de «montaña, rocha», mais tamén «póla» ou mesmo «cor branca». Esta aparente desemellanza de significados pode agochar, no entanto, certas afinidades, como poderían ser a albura de certas rochas ou minerais (como o cuarzo), ou a que presentan os cumes das montañas cando se encontran cubertos pola neve. No noso país son frecuentes os topónimos que inclúen esta raíz, cun sentido probablemente oronímico. Refírense xeralmente a cumes de sistemas montañosos e de lugares situados a

unha elevada altitude: O Cando, O Candán, A Candosa, A Canda, A Portela da Canda etc.

Da mesma raíz semella derivar o latín CANDELA 'lume' (Navaza Blanco, 2006: 140), que orixinou topónimos como *Candieira* ou *Candeal*. Aludirían a lugares de provisión de combustible para prender o lume, materiais de textura fina como poden ser a frouma (folla do piñeiro) ou a flor do castiñeiro. No veciño concello de Mos, *candea* é precisamente o nome que recibe o conxunto de acículas de piñeiro, que se apañaba tamén como estrume para os animais. En Candeán, porén, este material denomínase *espiñaceiro*, ao tempo que se reserva o nome de *candea* para a flor do castiñeiro, como acontece en moitos puntos da galegofonía. Esta sería, probablemente, a orixe do topónimo *A Candea*, presente na parroquia de Candeán.

No caso de responder a algunha das anteriores etimoloxías, a terminación do topónimo *Candeán* apuntaría cara a un posible xentilicio –ou mesmo a un alcume familiar– que sinalaría a orixe xeográfica dunha persoa, orixinaria dalgunha localidade que presentaría un topónimo incluído nalgún dos grupos anteriores.

Existe porén unha última posibilidade, que é a postulada por Gonzalo Navaza. O topónimo *Candeán* procedería, segundo este autor, do nome dun *possesor* xermánico *Gandilani*, emparentado lingüisticamente con outros antropónimos semellantes, como son *Candilaci* e *Gandilaz*, derivados de *Gand-ila* (Piel e Kremer, 1976).

Entre os séculos VII e XI, moitos núcleos de poboación galegos foron bautizados cos nomes dos señores ou *possesores* donos do lugar. Estes podían ser de ascendencia sueva, pero tamén se trataba en moitos casos de propietarios galaicos que adoptaban os nomes xermánicos como símbolo de prestixio.

Os topónimos de orixe xermánica resultan moi abondosos nas Rías Baixas e no Baixo Miño. Na mesma parroquia de Candeán existen, como mínimo, outros tres antropónimos que conteñen tamén o nome doutros tantos *possesores*: *Gondomar*, *O Quintián* e *O Bosende*.

▶ Balanciña, A

No Catastro de Ensenada, «A Valanziña» aparece como un importante núcleo de poboación integrado por nove casas terreñas, mais as súas hortas, viñas e terras de secaño. Incluía ademais 78 «ferrados de

monte», dos que 50 serían monte «ynutil por naturaleza» (entendemos que se trataba de áreas de pasto natural ou mato non cultivadas nin arboradas).

O significado deste topónimo non está claro. Podería tratarse dun diminutivo de *avelán, avelao (Hypericum androsemum)*, planta da familia das hipericáceas con grandes follas e vistosas flores amarelas con numerosos estames, que habita nas ribeiras dos ríos e zonas húmidas e sombrizas. Non obstante, o nome desta especie é masculino *(o avelán)* e coñecida en Candeán como *herba de San Xoán*.

Na comarca existen diversos topónimos derivados de *abeleira (Corylus avellana)*, arbore caducifolia silvestre que produce un froito seco chamado abelá. O máis frecuente deles podería ser o abundancial *abeleiral* (véxase *O Abeleiral*), que designa terreos que estiveron poboados de abeleiras. No entanto, o topónimo *Balanciña* non puido descender da forma *abeleira*. Iván Sestay Martínez (2010) apunta á existencia dunha variante *abelán*, presente no Val de Fragoso e no Morrazo, que alternaría de xénero entre o feminino *a abelán*, do latín (ARBOREM) ABELLANAM e o masculino *o abelán*, de ABELLANUM. Neste caso, o topónimo *Balanciña* ben puido derivar do diminutivo *abelanciña* 'pequena abeleira', ao que lle sería suprimido o falso artigo inicial 'a'.

Non podemos desbotar, porén, unha posible orixe *lúdica* do topónimo, que podería ser un diminutivo de *balanza*. Unha balanza é un instrumento de medida utilizado para pesar un determinado corpo. Pero tamén pode ser sinónimo de *bambón* ou *arrandeadouro*: pau apoiado nun punto central que serve como coñecido xogo infantil, onde dous cativos/as sentan nos extremos subindo e baixando alternativamente. Non resulta infrecuente que os lugares de xogo de crianzas e maiores acaben sendo incorporados á toponimia da parroquia. Así, temos *A Escorregada* (Candeán), *A Laxe do Escorregadouro* (Chandebrito, Nigrán), *O Xogo do Balón*, *O Xogo dos Bolos* e *O Baramboadouro* (Coruxo).

Na *Balanciña* ou *As Balanciñas* encóntranse **A Fonte da Balanciña**, **A Presa da Balanciña**, **O Camiño da Balanciña** e **O Canaval da Balanciña**.

▶ Busto, O

Aparece documentado no Catastro de Ensenada como un pequeno núcleo rural formado por tres cativas casas terreñas con horta, terras de

secaño e monte. Arredor do lugar do Busto existen tamén **Os Campos do Busto**, **O Camiño do Busto** e **As Coutadas do Busto**.

O topónimo *Busto* e os seus derivados (*Bustelo*, *Bustarega* etc.) son moi frecuentes na toponimia de Galiza, Asturias e norte de Portugal.

En documentos medievais datados entre os séculos IX e XIII a palabra *busto* aparece de maneira moi profusa, tanto en forma de topónimo como de xenérico. Nesta segunda forma, o seu significado máis común é de «pasto», e utilízase en moitas ocasións como sinónimo de «braña». Xeralmente, refírese a pastos de gando vacún, *bustum vaccalem*, e máis raramente a pasteiros de ovellas, *bustum ovile*. Ata mediados do século XIX, a lingua bable conservaba aínda a forma *bustia* como xenérico, co mesmo significado de «pasto».

Dalgúns documentos medievais semella desprenderse por outro lado unha certa evolución semántica do termo *busto*, que nalgúns casos pasaría a ser sinónimo de «rabaño de gando vacún». Así mesmo, tamén lles daría nome a pequenos núcleos rurais, onde a actividade gandeira sería moi importante. Como sinala Gonzalo Navaza Blanco (2007a), moitos lugares habitados que presentan as formas *O Busto* ou *Bustelos* teñen a súa orixe na Alta Idade Media. Tratábase de antigas explotacións gandeiras ao coidado dunha familia de servos, onde encontraba refuxio e alimento o rabaño do seu señor.

A respecto da orixe da palabra *busto*, presentamos dúas posibles etimoloxías. Na primeira delas (Navaza Blanco, 2007a), trataríase dunha forma prelatina, concretamente preindoeuropea. Estaría relacionada nese caso co latín BOS, BOUIS 'boi'. Sería unha palabra iberorromance de uso común ata a Idade Media. Aparecería documentada por vez primeira nas inscricións celtibéricas en bronce de Botorrita (Zaragoza) como «Boustom».

Na segunda posibilidade derivaría de BUSTU, participio do verbo latino BURERE 'queimar'. A voz BUSTU ou BUSTUM tería o significado de 'terreo queimado para a obtención de pastos'. Como é sabido, a queima de pastos –particularmente de pastos leñosos– era unha práctica moi común. Tiña como finalidade a renovación dos pastos para especies como a vaca e a ovella, así como a eliminación dos obstáculos que dificultaban o seu tránsito. Noutros casos, estas queimas eran destinadas á ampliación das superficies agrícolas e gandeiras deforestando os bosques orixinais. Na actualidade, a persistencia destas prácticas pode

estar detrás de moitos dos incendios forestais producidos nas áreas de montaña. Os seus efectos vense agravados hoxe en día polo abandono das prácticas agrícolas tradicionais e a diminución da cabana gandeira.

O significado orixinal do termo *busto* pasaría a transformarse en 'pasto', cun sentido moito máis amplo. Andando o tempo, este termo decaería na fala viva como xenérico e substituíuse pola voz *queimada*. A palabra *busto* e as súas formas derivadas quedarían fosilizadas entón como topónimos.

Relacionado así mesmo coa gandaría de vacún, temos en Candeán o topónimo *A Vaquería* (castelanismo que traduciriamos como *A Vacaría*), lugar situado na Fonte Escura.



O Busto , topónimo relacionado con antigas prácticas gandeiras

▶ Cavadiña, A

No século XVIII, A Cavadiña era un pequeno asentamento composto por unha casa terreña con horta e unha segunda vivenda en ruínas, rodeadas de monte e devesa. Non estamos certos da súa situación exacta. Podería coincidir co actual lugar de *A Cavada*, pequeno núcleo

que se localiza sobre os muíños da Goleta. Pero existen cando menos outros catro topónimos co mesmo nome, noutros tantos lugares da parroquia de Candeán. Semella que, en todo caso, *A Cavadiña* orixinal non se corresponde con ningún dos barrios actuais.

Entre a Alta Idade Media e mediados do século XIX, moitas antigas superficies de monte (cubertas nalgúns casos de bosques, noutros de mato) foron transformadas en novas áreas agrícolas. O proceso incluíu a eliminación do arboredo ou mato preexistente, a cavadura do terreo e a súa plantación posterior. Foi especialmente intenso ao longo dos séculos XVII e XVIII, debido á introdución de dous novos cultivos desde América que revolucionaron a agricultura galega: o millo e a pataca.

Cavadiña é o diminutivo de *Cavada*, participio do verbo latín CAVARE 'cavar'. Este, á súa vez, deriva de CAVUS, -A, -UM 'oco'. Cavar o terreo é unha forma de arar, de modo que o topónimo *Cavada* sinala esas novas superficies de cultivo que lle foron arrebatadas ao monte. No ano en que se realizou o interrogatorio do Catastro do Marqués da Ensenada en Candeán (1753) este fenómeno encontrábase en pleno apoxeo. Na actualidade, algúns dos actuais topónimos *A Cavada* de Candeán continúan coincidindo con zonas de transición entre os campos de cultivo e as zonas forestais, que presentan aínda unha baixa densidade urbana.

Co mesmo significado de *Cavada*, existen outros topónimos en Candeán que designan estas novas superficies agrícolas: *A Cachada*, *A Cachadiña*, *A Vesada*, *A Rotea* e *A Roza*.

Como topónimos relacionados, aparecen **A Fonte da Cavada**, **O Lugar da Cavada**, **O Lavadeiro da Cavada** e **A Cavada Vella**.

▶ Cotobade, O

O núcleo rural de Cotobade estaba formado naquel tempo por tres casas terreñas con horta, cultivos de secaño e monte. Canto á orixe deste topónimo composto, o primeiro elemento non presenta ningunha dúbida: trátase da palabra prerromana COTTO 'elevación do terreo'. Efectivamente, o actual barrio de Cotobade está situado nunha posición elevada, desde a cal se domina unha ampla superficie habitada e ocupada por vivendas, terras de cultivo e as últimas parcelas forestais ou coutadas que aínda permanecen sen urbanizar. Esta situación

privilexiada permitiría en tempos defender máis facilmente o núcleo orixinal e vixiar os cultivos que o rodeaban.

O segundo elemento do topónimo Cotobade podería derivar do latín ABBAS, ABBATIS 'abade'. Cotobade significaría nese caso *O Coto do Abade*, lugar de residencia do superior dun mosteiro ou convento ou, máis probablemente, do párroco de Candeán. Tense apuntado tamén unha segunda posibilidade: que se trate do nome persoal medieval *Vatis* (en xenitivo BADE), como suxeriría a forma «Cottovade», rexistrada nun documento do ano 1180 (*Iano Paralioneco y Parameco*, Nicandro Ares).

Actualmente, este barrio da parroquia de Candeán recibe os nomes de **O Cotobá** (ou **Os Cotobás**), **O Lugar do Cotobá** e **O Lugar de Cotobade**. Aínda que resulta frecuente escoitar o topónimo de maneira reducida *(Cotobá)*, no Catastro de Ensenada o lugar aparece rexistrado na súa forma completa «Cotovade».

Véxase *A Coutada do Abade*, *O Coto*.

▶ Eido de Arriba, O

Este pequeno grupo de tres casas terreñas, que aparecen incluídas no Catastro de Ensenada, semella que non coincide con ningún dos principais barrios ou lugares actuais de Candeán. Por outro lado, a existencia da palabra *eido* como xenérico de uso frecuente non contribúe precisamente a facilitar a localización do antigo casal. As entrevistas realizadas revelaron a existencia dun mínimo de nove lugares distintos onde se repite o topónimo *Eido* (véxase *O Eido*).

A palabra *eido* procede do latín ADITUM, participio do verbo ADIRE 'engadir'. Refírese ao terreo anexionado directamente á casa, que en moitas ocasións forma unha unidade pechada con ela, protexida do exterior por medio dunha parede de pedra. De forma máis xenérica, tamén comprende os campos de cultivo próximos á vivenda.

O termo oposto a eido é *enxido*, do mesmo modo que en latín ADITU é antónimo de EXITU. *Enxido* é outra forma de uso frecuente na parroquia de Candeán, que designa o terreo próximo á casa onde se cultivan árbores froiteiras. Aínda que en orixe os significados sexan antagónicos, en realidade *eidos* e *enxidos* ocupan unha posición física próxima entre si (Rivas Quintas, 1982). Do mesmo modo que sucede coa forma *eido*, os *enxidos* deixaron rastro igualmente na toponimia de Candeán.

▶ Erminde

No ano 1753, Erminde era un núcleo rural dos máis destacados da parroquia, integrado por oito casas terreñas e unha casa «de un alto», ademais doutras dúas vivendas en ruínas. Arredor deste casal existían hortas e terras de regadío, ademais de secaños e monte. Semella que existiu unha certa vinculación histórica entre este lugar e *A Devesa*, que naquel tempo se encontraba practicamente deshabitada (a excepción dunha única casa terreña), pois o Catastro de Ensenada rexistra o topónimo «Herminde da Devesa», que identifica cunhas terras de secaño.

O Nomenclátor de Galicia inclúe este topónimo como *Ermide*. Temos que advertir, non obstante, que a única forma que recollemos no traballo de campo foi *Erminde*, que coincide ademais en todos os casos co Catastro de Ensenada, documento que rexistra os topónimos «Herminde», «Cocho de Herminde» e o citado «Herminde da Devesa».

De tratarse do mesmo topónimo que *Ermide*, procedería dun anterior *Ermida*. A evolución de *Ermida* a *Ermide* produciuse por relaxación da vogal final (Navaza Blanco, 2006). O topónimo *Ermida* é moi frecuente en Galiza; alude a unha capela ou santuario situado nun lugar despoboado, que na antigüidade se encontraba ao coidado dun ermitán (Rodríguez Gil, 1863).

Non obstante, como xa apuntamos anteriormente, a única forma deste topónimo que temos rexistrada é *Erminde*. A terminación *-inde* que presenta remítenos a un posible antropónimo de orixe xermánica, que estaría incluído dentro do nutrido grupo de nomes de lugar de procedencia sueva acabados en *-ende* ou *-inde*, como Mosende, Ermosende ou Ermesinde. Trataríase neste caso dun antigo lugar ou asentamento altomedieval propiedade dun señor con nome xermánico, que incluiría o elemento *ermen-* 'grande, magno, universal'.

En relación co topónimo *Erminde*, existen ademais **Os Campos de Erminde** e **As Presas de Erminde**.

▶ Esqueiriña, A

Dúas únicas casas terreñas, coas súas hortas e cultivos de regadío e de secaño. Así era o núcleo da Esqueiriña no ano 1753. Co paso dos anos conservou o seu carácter de pequena localización rural, situada no límite entre os espazos agrícola e forestal.

O topónimo *Esqueiriña* podería derivar de *esca*. A *esca* é un material vexetal moi fino e seco que arde con facilidade. Úsase para iniciar o lume. Non obstante, o máis probable é que *Esqueiriña* proceda do latín SCALARIUM, de SCALA 'banzo, escaleira'. Neste caso, o seu significado sería 'chanzos ou pasos que permiten escalar un muro ou acceder a unha leira situada a distinto nivel' (Navaza Blanco, 2007a e Marqués Valea, 2004). Da forma latina orixinal SCALA deriva o galego *escada*, que designa a coñecida escaleira formada por dúas longas pezas verticais unidas por paus horizontais, que permite acceder a unha posición superior. Mais tamén pode referirse aos pasos labrados na terra ou no xabre que permiten ascender un valado; ou ben ás pedras que sobresaen horizontalmente dunha parede de pedra e que permiten gabear por ela. Dous sinónimos derivados da mesma raíz son *esqueiro* e *esqueira*. O topónimo *Esqueiriña* podería referirse en orixe a unha pequena esqueira existente no lugar, quizais no valado dun socalco.

En relación con este pequeno núcleo temos tamén os topónimos **A Fonte da Esqueiriña**, **A Presa da Esqueiriña**, **O Camiño da Esqueiriña**, **As Coutadas da Esqueiriña**, **A Esqueiriña da Castiñeira** e **Os Campos da Esqueiri**ña ou **As Esqueiriñas**.

▶ Fonte Branca, A

A auga foi desde sempre un recurso fundamental, que nunca podía faltar. Antes da construción de pozos particulares e (máis recentemente) do abastecemento de auga mediante traídas municipais e veciñais, a veciñanza debía acudir a algunha fonte pública para aprovisionarse de auga, aínda que nalgunhas ocasións podía facelo mediante unha mina de auga particular (véxase *A Mina*). Tanto é así, que os primeiros núcleos de poboamento situábanse preto dalgunha fonte de auga potable, que proporcionaba auga para beber, bañarse e cociñar. A proximidade dun regato ou río era tamén moi importante, pois as súas augas usábanse tanto para lavar a roupa coma para regar, así como para obter a enerxía necesaria para pór en funcionamento os muíños de auga.

Vemos deste xeito que algúns dos primeiros lugares da parroquia de Candeán estaban vinculados a unha fonte, ata tal punto que esta quedou fosilizada no propio nome do núcleo. É o caso de *A Fonte Branca*, coñecida tamén na actualidade como *Fonte do Xileiro*. A Fonte Branca era no ano 1753 un pequeno asentamento rural formado por

catro casas terreñas e unha casa «de un alto». Hoxe en día, porén, A Fonte Branca forma parte dunha extensa área urbanizada, que forma un continuo que abrangue practicamente todo o sur da parroquia de Candeán.

A palabra *fonte* provén do latín FONS, FONTIS 'fonte', a través da forma medieval FONTEM (Marqués Valea, 2004). O adxectivo *branca* podería aludir a algunha característica da fonte orixinal, que quizais manaba dunha pedra de cor clara, ou con abondoso mineral de cuarzo na súa composición.



Imaxe actual da *Fonte Branca*, hoxe en día transformada nun espazo urbanizado

▶ Fonte da Barca, A

No Catastro de Ensenada, apenas aparecen vinculadas a este núcleo unha casa terreña e outra en ruínas, ademais duns terreos de secaño. Hoxe en día, non obstante, a actual *Fonte da Barca* é un barrio densamente poboado que forma un continuo coa Fonte Escura.

A pesar de que este nome coincide co dunha embarcación (*barca*, do latín tardío BARCA), o lugar non ten ningunha relación con ningún río nin masa de auga navegable. Segundo a versión local, estas *barcas*

serían, en realidade, as barricas do viño que se introducían na presa que existe baixo a fonte. Procurábase así que incharan e se volveran herméticas para preparalas para a trasfega do viño. A propia palabra *barca* pode designar tamén unha artesa para gardar a fariña (Rivas Quintas, 1978).

A forma *barca* semella proceder, no entanto, dun termo prerromano que aludiría a diversos obxectos de forma cóncava, como os barcos e as artesas, mais tamén as posicións topográficas deprimidas, como as concavidades naturais do terreo. Ese podería ser o significado de moitos topónimos que presentan este nome (Marqués Valea, 2004; Navaza Blanco, 2011).

A Fonte da Barca dá nome tanto ao núcleo habitado coma á propia fonte. Ademais, no mesmo lugar existen os topónimos **O Pilón da Fonte da Barca** (lavadoiro) e **O Camiño da Fonte da Barca** ou **Camiño da Barca**.



A Fonte da Barca, conxunto formado por fonte, lavadoiro e presa. Na actualidade este espazo encóntrase en estado de abandono.

▶ Fonte Escura, A

A pesar de non presentar un número moi alto de vivendas, xa no século XVIII parece adiviñarse a futura explosión urbana que había de experimentar toda a zona sur da parroquia de Candeán. Chama moito a atención que das sete vivendas rexistradas no Catastro de Ensenada, catro delas dispuxeran xa de andar superior. Ao núcleo orixinal pertencían ademais hortas, viñas, cultivos de regadío e de secaño, monte, pasteiros e devesa. Esta antiga devesa, hoxe inexistente, presentaría unha extensión aproximada dunha hectárea e podería solaparse con dous topónimos A Devesa rexistrados na recollida de campo, que existen nas proximidades da Fonte Escura.

O topónimo *A Fonte Escura* (que aínda se pode escoitar na parroquia, a pesar da presenza do castelanismo «A Fonte Oscura») inclúe o adxectivo *escura*, procedente do latín OBSCURUS 'escuro'. Refírese probablemente a un lugar pouco iluminado (Marqués Valea, 2004). *A Fonte Escura* é o nome dun dos barrios máis poboados de Candeán, pero ademais existe unha fonte co mesmo nome, que na súa situación orixinal manaba dunha mina de auga situada nun socalco.

A orixe do topónimo *A Fonte Escura* podería estar, quizais, nunha antiga mina de auga hoxe pechada cunha porta metálica, que aínda se conserva dentro dun muro de formigón. Un lugar posiblemente escuro e sombrizo no pasado.

Ademais de *A Fonte Escura* (nome que reciben o barrio e a fonte), existen os topónimos **O Camiño da Fonte Escura** e **Os Campos da Fonte Escura**.

▶ Freiría, A

Situada ao pé do castro do mesmo nome, *A Freiría* xa existía como núcleo habitado cando se redactou o Catastro do Marqués da Ensenada, no século XVIII. Constaba naquel momento de sete casas terreñas, e outra máis en ruínas, rodeadas de hortas e cultivos de secaño, nas proximidades dun monte e unha pequena devesa. A Freiría localízase na área de transición entre os campos de cultivo e do monte, e constitúe un dos núcleos máis definidos do Candeán actual, no que podemos recoñecer aínda unha estrutura característica de poboamento rural, formada por un núcleo habitado rodeado de terras agrícolas.

Sobre *A Freiría* encóntranse **O Monte da Freiría** e **As Coutadas da Freiría**.

O topónimo *A Freiría* deriva do latín FRATE 'irmán' a través do provenzal *Freyre* (Rivas Quintas, 1982: 171). Alude a unha posesión dun mosteiro ou convento, que suxire que o actual núcleo de *A Freiría* ou as terras de cultivo que o rodean foron en tempo propiedade dunha orde relixiosa. O mosteiro de Santiago de Bembrive era o máis próximo á parroquia de Candeán.

▶ Goleta, A

O Catastro de Ensenada rexistra no ano 1753 a existencia dun pequeno núcleo composto por dúas casas terreñas, unha terceira vivenda en ruínas, «un molino deuna rueda (…) y otro arruinado». Hoxe en día aínda se conservan os chamados *Muíños da Goleta*: *O Muíño de Arriba* e *O Muíño de Abaixo*. No mesmo documento do século XVIII recóllese ademais a existencia dunhas terras de regadío no denominado «Cocho da Goleta».

Ademais do topónimo que lle dá nome ao núcleo rural, a recollida de campo deparou tamén os nomes de lugar **A Fonte da Goleta**, **O Pilón da Goleta** e **O Camiño da Goleta**.

Xerardo Dasairas (Candeán 2000: 22) propón para o topónimo *A Goleta* unha etimoloxía que o faría derivar do latín AQUA LEVATA 'auga levada'. Aludiría neste caso a unha condución artificial (unha canle aberta ou un rego), que desviaría a auga dunha corrente natural para ser utilizada como forza motriz dos muíños de auga ou ben para regadío. Porén, os topónimos que presentan este significado sonorizan o *-t-* intervocálico inicial en *-d-*. É este o caso de *A Golada*, concello da provincia de Pontevedra.

Por outro lado, a *goleta* como embarcación antiga a vela é un tipo de navío relativamente recente, que non se comezou a construír ata o século XVIII. Tampouco se trata dunha voz popular no noso país, particularmente en poboacións non costeiras como é o caso de Candeán. Nicandro Ares (2010: 513) apunta dúas posibilidades, que recollemos aquí: o topónimo *goleta* podería proceder dunha palabra árabe, co significado de 'boca de río', ou ben derivar do latín GULA 'gorxa, garganta'. En ambos os casos, estaría aludindo probablemente a

un estreitamento dun val fluvial. Un elemento topográfico que podería orixinar este topónimo sería o encaixamento das ribeiras do río de San Cristovo entre o núcleo da Golada e a Ponte de San Cristovo.

▶ Igrexa, A

Un dos núcleos máis importantes do Candeán de 1753 era «A Yglesia». Estaba formada entón por dez casas (todas elas terreñas) coas súas hortas, viñas e cultivos de secaño. Contaba ademais cunha «Dehesa Real de 48 ferrados», superficie equivalente na actualidade a unhas dúas hectáreas e media de carballeira. Situábase esta propiedade da realeza probablemente na parte noroeste do antigo poboamento, onde se localizan o actual barrio de *A Devesa* e os topónimos *O Pinal do Rei* e *O Lugar do Rei*.

O significado do topónimo é transparente. Deriva da palabra latina ECCLESIA. Este termo designou nun principio as asembleas de cidadáns gregos reunidos para lexislar e tomar acordos, pero posteriormente pasou a referirse ás xuntanzas dos primeiros cristiáns que celebraban o culto en comunidade. Finalmente deulle nome ao edificio que acollía as celebracións litúrxicas. O topónimo *A Igrexa* refírese ao núcleo urbano vinculado á antiga igrexa parroquial de Candeán, que no século XVIII podería estar situada aproximadamente na súa localización actual, tal e como suxire a forma «So a Iglesia», que aparece recollida igualmente no Catastro de Ensenada, e continúa viva na actualidade.

Con todo, a tradición oral da parroquia sostén que a igrexa antiga de Candeán estaba situada uns 200 metros por debaixo da actual, nun lugar que presenta o revelador nome de *Terra Santa* (véxase este topónimo). A toponimia podería apoiar esta versión, pois á mencionada Terra Santa podemos engadir *O Calvario*, lugar que se encontra nunha posición intermedia entre o topónimo anterior e a igrexa actual. Nos calvarios que existen en moitas parroquias galegas, as cruces de pedra ascenden desde a igrexa ata un promontorio que representa *O Calvario* ou *Gólgota*, monte onde (segundo a tradición católica) se produciu a crucifixión de Xesús.

Topónimos relacionados: **O Camiño da Igrexa** e **A Suaigrexa**.



Igrexa parroquial de Candeán

▶ Parachán, A

O lugar da Parachán estaba composto por catro casas terreñas. Posuía ademais unha extensión declarada de catorce ferrados de devesa. Nas proximidades da Fonte da Barca (moi próxima á Parachán) existe precisamente un lugar denominado *A Devesa do Rei*. O barrio da Parachán linda actualmente cunha superficie forestal moi deteriorada, que se conserva a duras penas rodeada de campos de cultivo e núcleos habitados, composta por numerosas coutadas de propiedade particular.

O topónimo *A Parachán* é unha forma composta que deriva de PETRA + PLANA. O mesmo sucede co coñecido topónimo *Pedrafita do Cebreiro*, de PETRA + FICTA 'pedra fincada' (Moralejo Lasso, 1977). No caso da *Parachán*, por alteración do primeiro elemento átono, o compoñente PETRA mudou en *para* (Marqués Valea, 2004: 485). O segundo elemento deste topónimo (Chan) procede á súa vez do latín PLANU, PLANA, formas que no galego occidental confluíron na palabra *chan*. Esta designa polo xeral terreos que presentan un relevo plano (Navaza Blanco, 2007a).

Pensamos que A Parachán recibiu posiblemente este nome debido á existencia dunha antiga laxe ou pedra de superficie chá. Reforza esta idea a presenza do topónimo «Pedrachan» no Catastro de Ensenada, quizais como variante da propia *Parachán*.

A forma *Parachán* está presente tamén na serra do Galiñeiro, en Vincios (Gondomar). *As Paracháns* é o nome que recibe unha zona moi pedrenta próxima ao coñecido petróglifo de *Agua da Laxe*, onde abundan os penedos e as laxes de gran tamaño. Nos somontes da mesma serra do Galiñeiro existe ademais un cume que ten por nome *A Paraguda* 'A Pedra Aguda'.

Topónimos relacionados: **As Paracháns**, **As Coutadas da Parachán**, **O Monte da Parachán**, **A Parachán de Arriba** e **A Parachán de Abaixo**.

▶ Rabadeira, A

A antiga «Ravadeyra» era no ano 1753 un dos núcleos principais da parroquia de Candeán. Contaba naquel tempo con dez casas terreñas e unha casa «de un alto», rodeadas de hortas e cultivos de secaño e regadío. Posuía ademais unha superficie de devesa próxima aos trinta ferrados.

No traballo de campo, ademais do topónimo principal recolléronse as formas **As Rabadeiras**, **O Largo da Rabadeira**, **As Coutadas da Rabadeira** ou **As Rabadeiras**, **O Camiño da Rabadeira** e **A Fonte da Rabadeira**.

O topónimo *Rabadeira* ten sido interpretado como unha variante de *Rabaceira* (Dasairas, 2000: 21). Neste caso, trataríase dun fitónimo derivado do latín RAPACIA, que designaría un 'prado ou terreo onde abundan as rabazas'. *Rabaceira* é precisamente a voz popular, recollida na parroquia de Candeán, que lle dá nome a unha planta máis coñecida no ámbito galego como *labaza* (*Rumex obtusifolius, Rumex crispus*). Malia que existen distintas interpretacións sobre a identidade da planta chamada *rabaceira*, o que semella claro é que todas as especies teñen en común unha 'raíz napiforme' (con forma de nabo). Así, a palabra *rabadeira* derivaría do latín RAPUM 'rabo'.

No entanto, somos da opinión de que *Rabadeira* podería ser en realidade unha contracción de *Rabo + da + Eira: Rabo da Eira > Rabod'Eira > Rabadeira*. Neste caso, o topónimo *Rabadeira* derivaría

do grupo de microtopónimos que aluden á forma estreita –e en moitos casos curva– que presentan moitos terreos, que lembran a cola dun animal: *Rabo do Porco*, *Rabo de Galo*, *Rabo de Lobo*, ou na mesma parroquia de Candeán *Rabo de Asno*. O topónimo orixinal referíase probablemente a unha *eira* que presentaba unha forma estreita e longa. Casualmente, nesta segunda opción o topónimo procedería igualmente da raíz latina RAPUM 'rabo'.

▶ Subride

O Catastro de Ensenada menciona a existencia de catro casas terreñas no antigo núcleo de «Sobride», que tiñan baixo explotación terreos de horta, viñedos, terras de regadío e de secaño e monte. O *Subride* de Candeán figura con este nome no Nomenclátor de Galicia. Este topónimo provén da forma *Sobrida* (derivada do latín SUBERETA), con alteración do sufixo *-ida*, que pasa a converterse en *-ide* (Navaza Blanco, 2006: 512).

A *sobreira* ou *sobreiro* é unha árbore de folla perenne emparentada co carballo, de nome científico *Quercus suber*. O seu nome galego *sobreira* deriva do latín SUBER, SUBERIS 'tapón de botella elaborado con cortizo, o mesmo cortizo e a árbore que o produce, a sobreira'. Tamén é coñecida noutras áreas de Galiza como *corticeira*, *corticeiro* ou *cortizo*, debido á súa característica de codia grosa suberosa, empregada tradicionalmente na construción de colmeas para as abellas e tapóns de botella. O cortizo (denominado tamén 'tecido suberoso') representa para a sobreira unha eficaz cuberta que protexe o seu sistema vascular no caso de incendio e que lle permite á árbore sobrevivir a estas catástrofes, naturais ou provocadas, tan frecuentes nas áreas de clima mediterráneo onde habita. A sobreira acompaña con certa frecuencia o carballo común nas carballeiras en cotas baixas con temperaturas suaves, como as Rías Baixas galegas, ou ben forma bosques puros (denominados *sobredos* ou sobreirais) nas zonas de clima máis cálido de Galiza.

Ademais de Subride, na parroquia de Candeán rexistramos outros dous topónimos, nos que aparece o nome local desta árbore:

- **O Sobreiro** (zona habitada no camiño de Gondomar).
- **O Sobreiro**, **Camiño do Sobreiro** (comprende coutadas e campos de cultivo preto de Erminde).

Topónimos relacionados: **Lavadeiro de Subride** e **Camiño de Subride.**

▶ Tras do Pazo

Este pequeno núcleo do século XVIII, composto por dúas casas terreñas e unha casa en ruínas, semella estar relacionado cun lugar deshabitado denominado «O Pazo da Thorre» ou «Paso da Thorre», que naquela altura apenas conservaba unha edificación en ruínas. O topónimo aínda existe hoxe en día baixo a forma **Tras do Paso**, que dá nome a uns campos próximos a Maceiras. Por outro lado, tamén perdura o topónimo *A Torre* ou *Torre dos Mouros*. Refírese a unha torre medieval, hoxe en ruínas, que se elevaba sobre un pequeno promontorio. Aínda se poden observar os restos da torre principal, as escaleiras de acceso e, sobre todo, os grandes socalcos defensivos que protexen a vertente oriental da ladeira sobre a cal se asentan os restos arqueolóxicos, situados fronte ao castro de Codeside. Segundo J. M. Hidalgo Cuñarro, esta fortaleza erixiuse sobre os restos dun antigo castro, e no seu contorno acháronse restos cerámicos datados na Idade de Ferro, da época de dominación romana e a Idade Media.

Malia que todos os e as informantes pronunciaron *paso* no canto de *pazo*, pensamos que a forma correcta sería esta última (tratándose a outra dun caso de seseo); xa aparece representada deste modo no Catastro de Ensenada, a carón da forma «Tras do Paso». O galego *pazo* deriva do latín PALATIOLU 'pequeno pazo'.

O seu significado non se limita tan só ás construcións barrocas do século XVIII, senón que tamén se refire a elementos anteriores: 'vivendas que destacaban sobre as demais polas súas dimensións, e servíanlle polo xeral de residencia ao señor do lugar' (Navaza Blanco, 2007b: 26).

Existe outra posible acepción do topónimo *Pazo* que o identificaría con antigos refuxios de pastores. Así, J. J. Moralejo no seu artigo «Arco(s), busto(s), pazo(s): toponimia de ganadería?», cita a Varrón para demostrar que os antigos pazos eran instalacións gandeiras: «eundem hunc locum [Palatium] a pecore dictum putant quidam», ou sexa, «crese que este lugar de Palatio denomínase así polo gando» (Navaza Blanco, 2007b: 26).

Semella que este non é o caso do *Pazo* de Candeán. A súa proximidade coa antiga fortaleza medieval da Torre apunta máis ben

ao primeiro significado proposto. Na nosa opinión, podería referirse á antiga residencia dalgún señor feudal vinculado coa Torre dos Mouros. Por outro lado, a proximidade da Torre co lugar de *A Poba* reforzaría a cronoloxía medieval deste asentamento. Os topónimos *A Poba* e *Póboa* derivan dos antigos POPULA, antigos núcleos de repoboación medieval (Moralejo Lasso, 1977). Ademais, no lugar da Poba existía un antigo camiño empedrado de maior largura ca os camiños tradicionais de carros, que podería ser de orixe medieval. O seu trazado coincidiría co actual *Camiño da Quirincosta*.

Outro elemento que semella reforzar a hipótese da antiga residencia señorial é o rexistro no Catastro de Ensenada dunha casa terreña, nun lugar nomeado «O Pombal». Aínda que non se conserva a súa estrutura, si continúa existindo na actualidade o topónimo *O Pombal*, que limita precisamente coa Torre dos Mouros. É ben sabido que os pombais monumentais de pedra eran construcións vinculadas aos antigos pazos.

Ademais do topónimo histórico «Tras do Pazo», na parroquia de Candeán recollemos os topónimos **Pazó de Arriba** e **Pazó de Abaixo**, situados en Subride. Neste caso trátase dun diminutivo de *pazo* (Moralejo Álvarez, 2008: 297).

Topónimos relacionados: **O Campo do Pazo**, **Tras do Paso**, **A Torre dos Mouros**, **A Torre** e **O Camiño da Torre**.

▶ Valadiña, A

O pequeno núcleo de *A Valadiña* constaba de dúas casas terreñas e unha casa «de un alto», e ademais declaraba unha horta e terras de secaño. Como *Valado* e *Valo*, a forma *Valada* (da cal deriva o diminutivo *Valadiña*) procede do latín VALLU e VALLATU 'parede que delimita unha propiedade'. Á súa vez, a voz *valada* refírese a unha propiedade que está pechada por un *valo* ou *valado* (Navaza Blanco, 2007a: 95).

O lugar da Valadiña sitúase sobre A Parachán, a carón da avenida do Aeroporto. Ademais deste topónimo, rexistramos tamén as variantes **O Valado** (no Salgueiro) e **O Saltavalados** (na Fonte Escura e na Freiría). Trátase en ambos os casos de terras agrícolas con desnivel, de modo que o termo *valado* designaría nestes casos as paredes de contención dun socalco.



Parede antiga no *camiño do Calvario*

▶ Outros núcleos

O Catastro de Ensenada inclúe ademais a localización doutras casas terreñas que se distribuían de maneira illada. Nalgúns casos, eses lugares acabaron evolucionando a pequenos núcleos rurais que existiron como tales ata a segunda metade do século xx. É o caso de *A Devesa*, *A Vesada*, *A Maceira* e *Os Cocheiros*. *O Caeiro* contaba naquel tempo con dúas casas terreñas, pero os cambios históricos que experimentaron os límites parroquiais deixaron este lugar fóra do Candeán actual.

Outros topónimos continúan vinculados na actualidade a terras agrícolas que practicamente se conservan sen urbanizar (*A Lagoa*, *O Fabal*, *O Lago*, *O Penedo*, *A Pontecela* e *O Tellado*) ou que foron edificadas nas últimas décadas (*Veiga Aberta* e *O Pombal*). Analizaremos cada un destes topónimos nos apartados correspondentes.

O RELEVO

▶ Caeira, A

Superficie agrícola que descende desde o antigo núcleo da Poba cara ao leste. Está subdividida en numerosas propiedades particulares, de modo que tamén se coñece o lugar como **As Caeiras**. O camiño que lle dá acceso denomínase **Camiño da Caeira**. Esta zona xa aparece mencionada no Catastro de Ensenada como «Caeira» ou «Caeyra».

O topónimo *Caeira* semella derivar do latín CADERE 'caer', a través da forma CADARIA, CADARIU 'o que está en declive' (Rivas Quintas, 1982: 109). Referiríase neste caso á pendente que presenta o terreo, corrixida de maneira artificial mediante socalcos, para permitir deste modo o seu *laboreo*.

A palabra *caeira* foi rexistrada como unha voz viva na fala popular por Elixio Rivas na parroquia de Beluso (Bueu) (1982) co significado de 'caída, pendente, ladeira dun monte'. Tamén en Candeán puidemos escoitar nunha ocasión como se relacionaba o topónimo Caeira coa caída do terreo.

Cun significado análogo, existen outros topónimos en Candeán como *O Caeiro* (antiga estrema parroquial), *A Costeira* e *A Costiña*.

▶ Caeiro, O

Núcleo integrado hoxe en día na veciña parroquia de Cabral, «O Caeiro» ou «Caeyro» aparece rexistrado con estes nomes no Catastro de Ensenada correspondente a *San Cristovo de Candeán*. Naquel tempo apenas contaba con dúas únicas casas terreñas, rodeadas de hortas, viñas e campos de cultivo. A memoria popular conserva aínda o recordo dunha pedra de grandes dimensións (con 4 ou 5 metros de altura), coñecida como **O Penedo do Caeiro**, ou ben **O Penedo do Lugar do Tío Antonio do Caeiro**, que estaba situado a escasos metros do peto de ánimas. Considerábase como unha das estremas que existían entre as parroquias de Candeán e Cabral.

En relación co Caeiro existen ademais os topónimos **O Largo do Caeiro** e **As Ánimas do Caeiro** (peto de ánimas situado nunha encrucillada). O topónimo *Caeiro* pode ter a mesma orixe ca *A Caeira* 'caída natural do

terreo, pendente'. Aínda que o núcleo do Caeiro se asenta nunha zona de relevo suave, a ladeira oriental si presenta unha pendente acusada en dirección ao regato do Rial. Para permitir a explotación agrícola destes terreos construíronse no pasado valados e socalcos.

▶ Canto, O

Un *canto* pode ser un recuncho, unha leira pequena, un agocho, ou ben unha 'esquina, extremidade, ángulo ou lado dun lugar'. Esta palabra procede do latín CANTUM 'lamia de metal dunha roda' e, posiblemente, sexa un préstamo dunha lingua celta (Marqués Valea, 2004).

Conteñen a palabra *canto* os topónimos **A Presa do Canto do Valo** e **O Rego da Presa do Canto do Valo**, situados nas proximidades da Poba (véxase *Valo*).

No límite coa parroquia de Candeán, encontramos o pequeno núcleo rural de **O Canto** (Parada, Cabral). Álzase sobre un meandro do río de San Cristovo, no cal podería existir un substrato de rochas resistentes á erosión que terían obrigado ao río a describir unha curva moi pronunciada. Quizais o carácter que presenta este lugar de *esquina* ou extremidade da parroquia de Cabral (ou dos terreos situados naquela ribeira do río) explique a orixe deste topónimo. Asociados a *O Canto* existen ademais outros topónimos: **O Camiño do Canto**, **Os Campos do Canto** e **A Casa de Tía Carmela do Canto**.

Sinónimo de *canto* é a palabra *recanto*. Aparece nos topónimos **O Recanto** e **O Camiño do Recanto** (O Busto).

▶ Chan

É un xenérico de uso común na parroquia, que designa toda clase de terreos de relevo chan ou con escasa pendente. Aplícase tanto a terras agrícolas coma a montes. Procede do adxectivo latino PLANUM, que na súa evolución ao galego converteuse en substantivo (Marqués Valea, 2004). Na área occidental de Galiza, onde nos encontramos, só existe unha única forma *chan*, mentres que na zona oriental existen dúas formas diferenciadas, unha para o masculino e outra para o feminino: *O Chao/A Chá*, *O Chau/A Chá* (Navaza Blanco, 2007a). En Candeán, como nas demais parroquias do contorno, a palabra *chan* presenta unicamente xénero feminino.

Entre as terras de cultivo que presentan en Candeán a palabra *chan*, temos **A Chan** ou **O Campo da Chan**, **A Chan de Arriba**, **A Chan do Medio** e **A Chan de Abaixo** (A Fonte Escura e Os Currás); **A Chan** (baixo O Calvario); **A Chan do Campo** (A Freiría); **As Chans** e **Os Seguedos das Chans** (sobre Os Cocheiros); **A Chan do Río** (A Parachán); **A Chan da Cerdeira** (A Regueira, A Fonte Escura); **A Chan do Crasto** (A Freiría); **A Chan da Devesa** (As Cales) ou a forma **Par da Chan** («a carón da Chan»), baixo o castro de Codeside.

Tamén se aplica a terreos planos ou chairos na parte alta do monte: **A Chan do Labrego** (sobre A Devesa), **A Chan de Caveiro** (preto do Vixiador, na estrema coa parroquia de Caveiro) ou **A Chan de Loureiro** (sobre A Freiría).

Ademais, entra a formar parte do alcume familiar *Da Chan*: **A Casa de Pepe da Chan**, **A Casa do Generoso da Chan**, **A Casa de Tía Adelaira da Chan** etc. E como forma composta, está presente así mesmo no topónimo *A Parachán (A Pedra Plana)*.

Véxase *Rechán*.

▶ Corguiña

As palabras *corga* e *corgo* consérvanse como xenéricos en diversas zonas de Galiza e do norte de Portugal. Os seus significados son moi variados: 'camiño de carro estreito e profundo entre valados', 'sendeiro que discorre por unha valgada moi afundida', 'pequeno val encaixonado baixo o cal discorre un río', 'terras enchoupadas', 'rego que atravesa terras de regadío', 'poza ou presa de auga corrente onde se introduce o liño' etc.

Semella existir, non obstante, un denominador común na maioría destas acepcións: unha *corga* é 'unha fenda ou encaixamento do terreo que conduce a auga'. Esta pode ser de orixe artificial (un rego ou canle de regadío), ou ben natural (un val pechado, un cavorco). Ás veces pode tratarse dun vieiro profundo que non transporta sequera auga, como o caso dunha congostra.

A palabra *corga* é moi antiga e trátase probablemente dunha voz de orixe celta. As primeiras evidencias escritas proceden das fontes romanas dos tempos do Imperio, onde aparece latinizada como CORRUGUS. Así, Plinio o Vello (*Naturalis Historia*, 33, 4, 74) menciona este termo como a denominación local das conducións de auga empregadas na técnica

do «ruina montium», na minaría aurífera galaica (Navaza Blanco, 2007a: 118).

A Corguiña é unha antiga superficie agrícola ou de pasteiros situada no leste da Freiría. No seu interior existe unha presa coñecida como *A Presa das Leiras*. Non se pode desbotar que o significado deste topónimo estea vinculado cun posible empozamento do liño nesta presa (Navaza Blanco, 2007a: 118). O empozamento era unha parte do proceso do liño que consistía en mergullar a planta durante varios días nunha poza ou regato para que esta amolecera.

No entanto, neste caso decantámonos máis ben por unha interpretación topográfica. No bordo esquerdo de *A Corguiña* existe un relevo peculiar: unha creba no terreo con forma de pequena valgada que se forma na confluencia de dous noiros baixo a zona habitada. A abertura é atravesada por un estreito camiño tradicional moi costaneiro: *O Carreiro da Fonte*. Este camiño era moi utilizado antigamente, pois comunicaba as casas antigas da Freiría coa fonte do lugar, coñecida como *A Fontiña*.

No municipio miñoto de Arcos de Valdevez foi recollido un significado semellante da palabra *corga*: 'caminho apertado entre dois montes, onde geralmente há uma nascente' (*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*; Pereira, 1970: 304). Lembra esta acepción de corga á de *cavorco* no concello lugués de Carballedo: 'sendeiro que discorre por unha garganta ou forca do terreo'(*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*; Rielo, 1971). Interpretamos polo tanto o topónimo *Corguiña* como 'unha pequena corga que se abre na superficie da terra, baixo o núcleo da Freiría'.

Neste lugar recollemos as formas **A Corguiña** e **As Corguiñas**. Linda na súa parte inferior cunha superficie de cultivo denominada **A Suapresa da Corguiña**. A Corguiña aparece rexistrada no Catastro de Ensenada como «Corguiñas» e consta como terreo dedicado a monte. Na actualidade, limita aínda cunha pequena zona de arboredo (parcialmente urbanizada) que presenta uns topónimos reveladores da súa natureza forestal, como *O Souto* e *A Coutada dos Pinos*.

▶ Costal

Existen dúas zonas na parroquia que presentan este topónimo:

— **O Costal**, **O Camiño do Costal** ou **Subida ao Costal** e **As Coutadas do Costal** (en Erminde).

— **O Costal**, «A Pedra do Costal» (no deslinde municipal do ano 1939), **As Coutadas do Costal** e **As Pozas do Costal** (sobre A Freiría).

En todos os casos refírense a superficies forestais que presentan unha pendente acusada, en relación co terreo circundante. O significado do topónimo ten relación cos topónimos *Caeiro*, *Caeira*, *Costeira* e *Costiña*, que aparecen vinculados aquí con terras agrícolas. En todos os casos derivaría do substantivo común *costa*, do latín COSTA 'lombo'. Aplícase a ladeiras, pendentes pronunciadas e camiños que presentan un forte desnivel.

Unha forma semellante que deriva da mesma raíz é *O Costado*. Aparece con certa frecuencia na toponimia do litoral sur galego, co significado de *lombo*. Dá nome a diversos curutos de montes que presentan un perfil suave.

▶ Costeira, A

A Costeira é unha superficie agrícola de relevo suave que remata nun longo e elevado socalco. Sitúase entre o antigo núcleo da Valadiña e os campos das Pereiras, que se estenden ata o río do mesmo nome. Polo norte deste terreo discorre **O Camiño da Costeira**, que debe salvar o desnivel que existe entre varios socalcos. A Costeira está dividida á súa vez en numerosas parcelas particulares, polo que tamén é nomeada en plural: **As Costeiras**.

Na parroquia de Candeán recollemos un segundo topónimo **A Costeira**. Trátase dun tramo en pendente do *Camiño do Moxenas* (O Salgueiro) que comunica coa superficie agrícola de *Os Campos*.

A forma *Costeira* é un derivado de *Costa*, que significa 'terreo en pendente'.

▶ Costiña, A

É un topónimo pouco coñecido, que se refire a uns terreos de pouca extensión situados a carón de *A Costeira*. Aínda que se trata dun diminutivo de *costa*, que como tal significaría 'costa de escasa pendente ou lonxitude', a proximidade dos dous topónimos fainos pensar que o diminutivo *-iña* se refire neste caso ao tamaño dunha propiedade que,

ao estar vinculada co topónimo maior *A Costeira*, presentaría unha superficie pequena.

▶ Cotarro, O

Rexistramos con este nome dous terreos de cultivo:

— **O Cotarro** (no Monte Pequeno).

— **O Campo do Cotarro** (en Subride).

Un *cotarro* (derivado da palabra *coto*) é un outeiro ou coto pouco destacado. Os topónimos mencionados non responden, porén, a esta descrición e distan entre si apenas 300 metros lineais, polo que sospeitamos que a súa orixe podería estar nalgún alcume familiar que non foi rexistrado no traballo de campo.

A voz *cotarro* inclúe dous elementos de orixe prerromana: a palabra COTO 'elevación do terreo' e o sufixo -ARRO/A, que encontramos no microtopónimo de Coia (Vigo) *O Chamorro*.

Véxase *O Coto*.

▶ Cotela, A

É un monte comunal que se sitúa sobre Erminde. Segundo refiren varios informantes, *A Cotela* era o alcume dunha veciña da parroquia que frecuentaba esta zona. Efectivamente, *Cotela* é un alcume familiar de Candeán recollido por nós, e existe unha *Casa da Cotela* na Fonte Escura.

Etimoloxicamente, *Cotela* é unha forma derivada de coto. Podería significar «a do Coto», con sentido localizador, referíndose neste caso a unha muller procedente dun lugar con este nome ou a unha descendente daquela. Na Rabadeira sabemos da existencia de vivendas antigas nunha área chamada *O Coto*. Unha delas recibía precisamente o nome de *A Casa de Joaquín do Coto*.

Véxase *O Coto*.

▶ Cotiño, O

O diminutivo *Cotiño* refírese a un coto de pequeno tamaño ou pouco elevado, ou quizais nalgunha ocasión a unha rocha illada.

Na parroquia de Candeán rexistramos os seguintes topónimos que conteñen esta forma:

— **O Cotiño** ou **Cutiño** (no cruzamento do camiño da Fonte da Barca co camiño do Mantido, na Parachán). Neste caso, a palabra cotiño designaría unhas rochas hoxe desaparecidas. De feito, a escasa distancia deste lugar existe o topónimo *A Canteira*.

— **O Cotiño** (chamado tamén **Os Cotiños** ou **As Coutadas do Cotiño**), **Os Cotiños Pequenos** e **O Camiño do Cotiño** (zona de coutadas situada sobre O Busto).

— **O Cotiño Simón** ou **Coto Simón** (sobre o castro da Freiría).

Ademais destes topónimos, na Rabadeira volvemos encontrar a forma **O Cotiño** nunha zona forestal próxima ao Regoufe. Mais neste caso o seu significado orixinal non semella ser o mesmo. A elevada concentración de topónimos que conteñen a palabra *Coto* que existe aquí lévanos a pensar que, posiblemente, o diminutivo *Cotiño* se refira neste caso ao tamaño relativo das propiedades, e non ao do coto en si. Outro caso singular sería o de **Os Cotiños Pequenos**, mencionado anteriormente. Dado que o topónimo orixinal xa se encontraba en diminutivo, e resultaba difícil reducilo aínda máis, quizais un modo de recalcar as reducidas dimensións dun terreo fora incorporar o adxectivo *pequenos*, a semellanza das formas antagónicas *As Cales Grandes* e *As Cales Pequenas*, que tamén se encontran nas proximidades do Busto.

Véxase *O Coto*.

▶ Coto, O

Grupo de topónimos que se localizan arredor do lugar da Rabadeira:

— **O Coto** ou **Monte do Coto**, **O Camiño do Coto** (a carón da *Pedra do Moucho*, na estrema coa parroquia de Cabral).

— **O Monte do Coto** ou **O Coto**, **As Coutadas do Coto** e **O Coto** (veigas na zona occidental da Rabadeira). Neste lugar existían dúas casas antigas: **A Casa de Joaquín do Coto** e **A Casa de Filomena do Cocho**.

A palabra galega *coto* (ben como topónimo, ben como xenérico) é de uso frecuente na comarca e designa calquera 'elevación rochosa de pequenas dimensións', ou ben en zonas de maior altitude 'picoutos ou cumes ben definidos'. Deriva da raíz prerromana COTT-, e deulle nome a un elevadísimo número de microtopónimos. En castelán xerou

a forma *cueto*, que abunda na toponimia da cornixa cantábrica, onde moitos cumes principais conteñen as formas *Cueto* e *Cuétara* (Navaza Blanco, 2011).

Formas derivadas de *Coto* son *Cotiño*, *Cotarro* e *Cotarelo*. Esta última aparece mencionada no Catastro de Ensenada, onde tamén figura como «Cotorelo», pero non se encontrou durante o traballo de campo. *Cotarelo* contén o sufixo diminutivo *-elo* mais un elemento intermedio *-ara-*, quizais enfático (Ares Vázquez, 2005). Como *Cotiño*, o seu significado sería 'coto de pequeno tamaño'.

O *Camiño do Coto* aparece rotulado como *Camiño do Couto*. Trátase dunha confusión, por corrección dun castelanismo que en realidade non é tal, pois o *coto* galego é distinto do *coto* castelán (en galego *couto*): 'conjunto de varios lugares, aldeas o parroquias formando un feudo o territorio señorial' (Rodríguez González, 1958-1961). Esta segunda forma deriva pola súa parte de CAUTUM, participio do verbo CAVEO 'vedar, gardar' (Ares Vázquez, 1998).

▶ Coto Ferreiro, O

Ferreiro deriva do latín FERRARIUS 'de ferro'. A semellanza do *Monte do Ferro* ou *Monteferro*, *O Coto Ferreiro* debería quizais o seu nome á presenza de mineral de ferro nas súas rochas. É unha das estremas do monte comunal de Candeán, onde limita coas parroquias de Trasmañó e Caveiro, do concello de Redondela.

▶ Covas, As

A palabra *cova* pode designar unha cavidade ou abrigo de rocha natural, que non ten porque ser necesariamente de grandes dimensións. Na serra do Galiñeiro encontramos numerosos exemplos, como *A Cova do Demo*, *A Cova da Vella* etc. Noutros lugares próximos (como Chandebrito, Nigrán) os pequenos refuxios naturais que se forman baixo rochas de granito reciben o nome de *abrigueiros*.

A parroquia de Candeán apenas presenta formacións naturais de rocha (gneis neste caso). Os topónimos que conteñen esta palabra aluden seguramente a outro significado desta, a de 'concavidade orográfica, depresión do terreo' (Navaza Blanco, 2007a). Nas estremas da parroquia de Candeán encontramos o lugar de *A Cova* (As Regadas, Cabral) e *A*

Chan da Cova (Vilar de Infesta). Nos dous casos, o mapa de pendentes revela a existencia de concavidades no terreo moi pronunciadas e de escasa superficie. Depresións máis abertas e de maiores dimensións reciben o nome de *regueiras* e *valgadas* nesta área. Quizais a forma *cova* se aplicara ás topografías máis marcadas, semellantes a cárcavas. A palabra *cova* presenta en realidade un amplo abano de significados, pois pode designar igualmente unha pequena escavación no terreo onde se enterran as sementes (Franco Grande, 1972).

Dentro dos límites da parroquia de Candeán, na Parachán, existe unha zona agrícola con este nome, onde encontramos os topónimos **As Covas**, **As Covas de Arriba**, **As Covas de Abaixo**, **O Camiño das Covas** e **O Rego das Covas**.

O Catastro de Ensenada rexistra nesta zona as formas «As Covas», «Covas de Avajo» e «Coutada das Covas». O galego *cova* deriva do latín hispánico COVA (> latín CAVA, 'oco').

▶ Escorregada, A

Zona de coutadas e *seguedos* de forte pendente, situada na marxe esquerda do río do Souto (A Freiría), que aparece rexistrada no Catastro de Ensenada. Comparte a mesma raíz con este topónimo o alcume familiar de *Os Escorregas*.

A forma *escorregada* deriva do verbo *escorregar* 'deslizarse, esvarar' (Navaza Blanco, 2007a: 123). Refírese aos terreos que presentan unha forte pendente, onde antigamente os rapaces e rapazas xogaban a escorregar ladeira abaixo. Ás veces tratábase de longas laxes moi inclinadas que utilizaban como tobogán, esvarando sentados sobre pequenas pedras ou vexetais mulidos. Estes lugares eran coñecidos con nomes tales como a *A Laxe do Escorregadouro* (Chandebrito, Nigrán) ou *A Laxe do Escorregadoiro* (Catoira).

En ocasións, o uso que se facía destas superficies era menos lúdico, ao utilizarse como esvaradoiros sobre os que se facían rodar, ou escorregaban, os toros das árbores despois dunha corta (Navaza Blanco, 2007a).

A topografía accidentada desta parte da parroquia de Candeán puido ter influído na localización do castro do lugar da Freiría, que tería aproveitado as defensas naturais que ofrece este lugar, complementadas con pronunciados noiros nas exposicións máis vulnerables.

▶ Fonte do Seixo, A

É o nome dunha fonte moi coñecida que se encontra no parque forestal do Vixiador, no monte comunal de Candeán. Baixo *A Fonte do Seixo* encóntrase **A Lagoa da Fonte do Seixo**, topónimo que non alude ao estanque actual, senón a unha zona húmida (posiblemente unha braña) que existía anteriormente neste lugar.

O topónimo podería aludir a algún seixo de certas dimensións que existiría nas inmediacións da fonte. Aínda que o cuarzo é un mineral presente na composición de rochas como o granito e o gneis, ás veces aparece en forma pura como dique. A palabra *seixo*, de uso común, deriva do latín SAXUM 'pedra de gran dureza'.

Relacionada coa palabra seixo encontramos tamén a forma *seixeira*, presente no topónimo **A Coutada da Seixeira** (Erminde).

▶ Goleta, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Laxe, A

Rexistramos este topónimo en dúas zonas distintas da parroquia de Candeán:

— **A Laxe** ou **As Laxes**, **O Camiño da Laxe** ou **Camiño Fondo** e **As Coutadas das Laxes** (entre A Rotea —San Paio— e o Monte Pequeno).

— **As Laxes** e **O Camiño das Laxes** (preto da Torre dos Mouros).

Laxe é un xenérico de uso común, que significa 'pedra plana'. Localmente refírese a unha rocha natural de certas dimensións e superficie lisa, que aflora nun terreo sen apenas sobresaír del; significado este que coincide coa primeira das acepcións do substantivo *rocha* que inclúe o *Dicionario da Real Academia Galega*. Nalgunhas zonas tamén se denominan *laxes* as pedras planas de pequeno tamaño utilizadas como baldosa ou pavimento, chamadas tamén *lanchas* ou *lousas*.

Os topónimos coa palabra *laxe* recollidos nas proximidades do Monte Pequeno débenlle o seu nome a unha gran laxe que atravesaba o antigo **Camiño Fondo** ou **Camiño da Laxe**, hoxe asfaltado. A palabra

laxe é de orixe prerromana, posiblemente celta. Foi latinizada no noroeste ibérico como LAGENA (Navaza Blanco, 2007a: 122).

▶ Lomba, A

É o nome dun pequeno núcleo, que no ano 1956 ou 1957 (anos do voo americano) apenas contaba con dúas vivendas. No século XVIII estaba ocupado por terras de labradío, tal e como consta no Catastro de Ensenada. Recibe o nome de **A Lomba** ou **O Lugar da Lomba**. Existían alí dúas casas antigas: **A Casa do Carrete** e **A Casa do Tío Manolo da Lomba**. A carón do camiño que comunica coa Mancoña erguíase un fito de pedra coñecido como **O Marco da Lomba**, que servía de límite entre as parroquias de Candeán e Cabral. Baixo A Lomba encóntranse **Os Campos da Lomba**, tamén chamados **O Solombo**.

A palabra *lomba* deriva do latín LUMBUS 'lombo, parte posterior do corpo humano, que vai desde os ombreiros ata o van' *(Dicionario da Real Academia Galega)*. Metaforicamente, aplícase a unha 'prominencia prolongada do terreo, de perfil curvo e suave' (Álvarez Maurín, 1994). As lombas son formas que resultan comúns en relevos montañosos; con frecuencia, a liña máis alta dunha lomba marca a liña divisoria das concas fluviais de dous ríos ou regatos.

A Lomba sitúase entre A Mancoña (Cabral) e A Rabadeira (Candeán) e forma unha elevación do terreo que descende desde A Freiría, flanqueada polo *Río do Sou*to a occidente e o *Río do Rial* a oriente, afluentes ambos os dous do *Río de Cernades*.

▶ Monte

A palabra *monte* non ten só un sentido orográfico, de 'elevación notable do terreo que sobresae do relevo circundante', senón que tamén se pode referir ao uso da terra (Navaza Blanco: 2007a). Un *monte* é tamén unha superficie non cultivada, cuberta de vexetación forestal como bosques, plantacións arbóreas, mato, gándara, brañas, panasco ou pedreiras; en contraposición coas terras agrícolas (ás que por outro lado serve de complemento necesario). Cando as terras de cultivo son abandonadas, dise delas precisamente que «quedaron a monte».

Dentro deste concepto de monte como superficie forestal podemos encontrarnos ademais cunha segunda acepción, que neste caso ten

que ver coa propiedade. Así, nas parroquias de Vigo resulta habitual distinguir por un lado o *monte* propiamente dito (en Candeán *monte baldío*) e por outro as *coutadas* (*tomadas,* nas parroquias do sur do concello), de propiedade particular.

Como montes parcelados ou divididos en coutadas de propiedade particular, temos **O Monte da Tía Carmela**, **O Monte do Melero**, **O Monte de Codeside**, **O Monte de Rabodeasno**, **O Monte do Polinar do Graña**, **Os Montes de Xocín** e **O Monte do Brasileiro**.

E como montes de carácter comunal: **O Monte do Costal**, **O Monte da Parachán**, **O Monte do Estripeiro**, **O Monte Pequeno**, **O Monte dos Zoques**, **O Monte da Facha**, **O Monte da Verde**, **O Monte do Coto** e **O Monte da Cachadiña**.

A palabra *monte* deriva do latín MONS, MONTIS 'monte, montaña'.

▶ Monte Pequeno, O

Pequena superficie de monte comunal rodeada de propiedades particulares, moitas delas edificadas. Hoxe dá nome a un núcleo habitado da parroquia de Candeán, que non aparece citado no Catastro de Ensenada. Como topónimos relacionados, encontramos na mesma zona **A Presa do Monte Pequeno**, **A Mina do Monte Pequeno** e **O Camiño do Monte Pequeno**.

Véxase *Monte*.

▶ Outeiriño, O

Terra de cultivo situada sobre o camiño de Gondomar, coñecida tamén como **Os Outeiriños**. Encóntrase nunha ladeira de forte desnivel, que podería estar relacionada coas estruturas defensivas da fortaleza medieval de *A Torre dos Mouros*. Como proba da natureza rochosa do lugar, *O Outeiriño* linda polo nordeste cos campos coñecidos como *As Laxes*. Entre *As Laxes* e *As Centieiras* existiu ademais unha canteira que forneceu de pedra as obras de construción da avenida do Aeroporto, que son perfectamente visibles na fotografía aérea do voo americano realizada entre os anos 1956 e 1957. O nome refírese a uns outeiros de pequeno tamaño.

Véxase *O Outeiro*.

▶ Outeiro, O

Nome dun pequeno núcleo de Parada (Cabral) que linda coa parroquia de Candeán. Encontramos ademais os seguintes topónimos, que conteñen tamén a forma *outeiro*:

— **O Campo do Outeiro** (na Parachán).
— **A Casa do Outeiro** e **O Lugar de Outeiro** (na Fonte da Barca). Os do Outeiro é o alcume dunha familia de Candeán.
— **Xan de Outeiro** (nos Currás). Antigo terreo agrícola, hoxe urbanizado.

Outeiro é a forma galega do latín ALTARIUM 'ara de sacrificios', derivado á súa vez da voz ALTUS 'alto, elevado' (Marqués Valea, 2004). É unha palabra de uso común, co significado de 'pequena elevación illada e prominente do terreo'; mais tamén de 'rocha, penedo'. Esta última acepción está presente nas parroquias do concello de Vigo, especialmente para referirse a grandes penedos naturais.

▶ Parachán, A

Topónimo composto dos elementos latinos PETRA + PLANA 'laxe, pedra de superficie plana'.

Véxase *A Parachán*, no apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Pedra

A palabra *pedra* é un xenérico de uso común en galego. Ás veces utilízase como sinónimo de *penedo*, pero o significado de *pedra* en realidade é moito máis amplo, pois non se limita só ás pedras de formas naturais que presentan un tamaño grande, senón a todo tipo de rochas ou fragmentos delas, independentemente das súas dimensións. Etimoloxicamente, a voz galega *pedra* deriva da palabra latina PETRA, que presenta o mesmo significado.

Este substantivo deixou un rastro moi visible na toponimia local, que bautizou con nome propio moitas pedras de natureza singular, debido á forma que presentaban, ás súas dimensións, ao seu carácter de fitos na paisaxe ou marcos divisorios etc. Neste caso non resultan raras as

oscilacións entre as formas *pedra* e *penedo* nun mesmo topónimo: *A Pedra do Moucho/O Penedo do Moucho*.

A recollida realizada permitiu rexistrar os seguintes topónimos que inclúen a palabra *pedra*: **A Finca das Pedras**, **As Pedras Negras**, **A Roza das Pedras**, **A Pedra do Moucho**, **As Pedras do Mouro** (ou Casa dos Mouros), **A Pedra da Cobra**, **A Pedra Ancha**, **A Coutada das Pedras**, **A Pedra da Cobertoura**, **A Pedra do Valo**, **A Pedra do Gato**, **A Pedra Longa** ou **A Pedra Lonca**, **A Rechán da Pedra Longa** e **As Coutadas da Pedra Longa**.

A esta listaxe temos que sumar outros nomes que aparecen recollidos en diversas fontes, como no deslinde municipal de Vigo do ano 1939 ou no mesmo Catastro de Ensenada, que non foron localizados no traballo de campo, como «A Pedra da Facha», «A Pedra das Ferraduras» ou «A Pedra Jacinta».

▶ Pedriñas, As

É o nome dunhas coutadas situadas entre O Salgueiro e A Rabadeira. Como diminutivo de *pedra*, o topónimo *As Pedriñas* alude a un conxunto de pedras de pequeno tamaño.

▶ Penedo, O

A palabra *penedo* é un xenérico de uso habitual na comarca, co significado de 'pedra grande que sobresae da terra ou do mar'. Deixou abondosas pegadas na toponimia local, como:

— **O Penedo do Gato** (preto da Parachán).
— **O Penedo**, **O Monte dos Penedos**, **O Camiño do Penedo**, **O Penedo de Arriba** e **O Penedo de Abaixo** (preto do Monte Pequeno).
— **O Penedo do Moucho** ou **Pedra do Moucho** (preto da Rabadeira).
— **Os Penedos** (baixo O Calvario).
— **O Penedo**, **Os Campos do Penedo**, **A Coutada do Penedo** e **O Camiño do Penedo** (en Erminde, baixo o camiño do Cocho do Lago).
— **Os Penedos**, **As Coutadas do Penedo**, **As Coutadas dos Penedos** e **O Camiño dos Penedos** (sobre A Esqueiriña).

Segundo relata a veciñanza, neste último lugar explotouse unha canteira, da cal se extraeu pedra para construír o edificio da antiga Caixa de Aforros de Vigo.

A palabra *penedo* componse da palabra *pena* 'rocha, pedra' mais o sufixo galego *-edo*, derivado do latín -ETUM 'formación, conxunto de'. A orixe da palabra *pena*, xenérico común en moitas áreas de Galiza, non está clara. Podería proceder da forma latina PINNA 'amea ou elemento sobresaínte dunha muralla', 'pluma'; ou ben dun céltico PENNO 'cabeza, cume' (Marqués Valea, 2004: 179).

▶ Rechán

Rechán (pronunciado tamén como *rachán*) é unha forma viva na fala da parroquia, cun significado análogo a *chan*: 'superficie de relevo suave, que apenas presenta pendente'. Na toponimia de Candeán, altérnase coa forma *chan* para nomear as zonas planas que se encontran en terreos de monte: **A Rechán dos Touciños** ou **Chan dos Touciños**, **A Rechán da Pedra Longa**, **A Rachán** (A Devesa); tamén o «Coto Rachán», que aparece representado no deslinde municipal do ano 1939.

Precisamente, esa foi a diferenza que encontramos no uso das dúas formas: mentres a palabra *chan* se aplica a todo tipo de terreos, tanto agrícolas coma de monte, o seu derivado *rechán* **s**ó se utiliza no segundo caso. Isto concorda coa definición de *rechán* que encontramos no *Dicionário Electrónico Estraviz*: 'planície extensa e larga que encontramos sobre umha montanha', ou ben 'pequeno planalto na ladeira dumha montanha ou na vertente dun vale'.

A palabra *rechán* componse dunha forma orixinal *chan* precedida do prefixo *re-*, que semella presentar neste caso un valor intensificador: 'chan largacía ou extensa'.

Véxase *Chan*.



Enterramento neolítico na *Rechán dos Touciños*. As chans situadas a unha certa altitude acollen con frecuencia necrópoles de época megalítica. *Na Rechán dos Touciños* observamos ademais unha curiosa coincidencia, pois comparten o mesmo espazo físico un enterramento prehistórico e un cemiterio contemporáneo.

▶ Solombo, O

Reciben este nome uns campos de cultivo situados baixo o lugar de *A Lomba* (A Freiría). Son coñecidos tamén como **A Leira da Coxa**. A carón destes discorre o **Camiño do Solombo** ou **Camiño do Sulombo**.

Figura no Catastro de Ensenada como «Sulombo» ou «Sulomba» e naquel tempo estaba ocupado por terras de regadío, así como por montes e «un ferrado de dehesa». Esta última podería estar situada nas actuais *Coutadas da Fonte*. O topónimo *Solombo* ten un significado transparente: son terras que se sitúan baixo ('so' ou SUB) o *lombo* topográfico sobre o que se asenta o lugar de *A Lomba*.

Os nomes da auga

▶ Cales, As

A mediados do século XX, *As Cales* era un pequeno núcleo rural próximo ao Busto, formado por unhas tres vivendas. Se retrocedemos

ata o século XVIII (Catastro de Ensenada) non existía aínda ningunha casa, toda a superficie estaba ocupada por campos de secaño.

Entre a veciñanza que habita nesta zona, existe unha vacilación moi estendida entre as formas *Cales* e *Calas*. Mesmo en dúas ocasións rexistramos unha terceira forma, *As Escalas*, que aumentou as nosas dúbidas sobre o significado do topónimo. Precisamente, en Candeán existe un xenérico *escala* co significado de *escada*.

Non obstante, acudindo ao Catastro de Ensenada vemos que este só rexistra a forma *Cales*: «Campo das Cales», «Campo de Cales» e «Cales de Avajo». Ademais, existe un revelador «Campo de Canles», que suporía a conformación definitiva da orixe deste topónimo.

Os topónimos coa forma *Cal* poden ter en ocasións carácter viario, co significado de 'camiño, senda' (do latín CALLIS 'sendeiro') (Fernández González, 2007). Pero noutros moitos casos (como este que estamos a ver) trátase dunha variante de *canle*, 'sulco que conduce a auga'. Por perda do 'n' entre vogais, o latín CANALE transformouse en *Caale*, que deriva finalmente na forma *Cal* (que tamén existe como xenérico na fala). Nada ten que ver coa pedra calcaria 'óxido de calcio', que presenta ademais xénero masculino *(o cal)*.

Existen varios topónimos próximos que conteñen as formas *Cales*/*Calas*. Incluímolos aquí coa primeira das variantes, pero en todos os casos foron recollidas as dúas: **As Cales** (núcleo habitado), **As Cales Grandes**, **As Cales Pequenas**, **A Fonte das Cales** e **O Camiño das Calas**.

Nestes topónimos, a palabra *cal* aparece sempre en plural (como tamén o fai nas fontes históricas do século XVIII). Opinamos polo tanto que eran varias as canles que atravesaban estes campos, e que lle deron nome á zona.

▶ Fonte

A palabra *fonte* deriva do latín FONTEM 'fonte' (Marqués Valea, 2004: 104). Designa os lugares onde mana a auga procedente dos acuíferos subterráneos. Pode tratarse de olleiros naturais, pero o máis frecuente é que a auga fora encanada, saíse ao exterior a través de estruturas artificiais que lles permitían ás persoas beber doadamente, así como aprovisionarse de auga con comodidade. As fontes foron en tempos uns elementos fundamentais na xeografía humana, pois permitíanlles a veciños e veciñas acceder á auga para o consumo humano e animal,

aseo e cociña. Ás veces estas fontes contaban ademais con lavadoiro e presa de regadío. Así é que todos os antigos lugares de Candeán contaban cunha fonte de referencia, que por suposto tiña nome propio.

Hoxe en día, moitas destas fontes verten auga non apta para o consumo humano, contaminada por numerosas filtracións e por contaminación difusa. Outras fontes mesmo chegaron a secar, a causa dos profundos cambios que experimentou a morfoloxía da parroquia nos últimos anos. A autoestrada que atravesa Candeán ten afectado drasticamente os acuíferos subterráneos e provocado o secado de diversas fontes e pequenos regatos.

No traballo de campo recollemos os nomes de numerosas fontes: **A Fonte Escura**, **A Fonte da Barca**, **A Fonte da Regueira**, **A Fonte de Suasálvares**, **A Fonte do Salgueiriño**, **A Fonte do Xaméndez**, **A Fonte do Xamanel**, **A Fonte do Leria**, **A Fonte das Bechas** ou **A Fonte do Bechas**, **A Fonte da Esqueiriña**, **A Fonte do Inglés**, **A Fonte da Felisa** ou **dos Agostos** ou **da Balanciña**, **A Fonte Branca** ou **A Fonte do Xileiro**, **A Fonte de Maceiras**, **A Fonte da Maleita**, **A Fonte da Pepita**, **A Fonte do Carballiño**, **A Fonte do Ferro Vello**, **A Fonte da Cavada**, **A Fonte do Tardo**, **A Fonte da Sita** ou **A Fonte do Gorxán**, **A Fonte da Carrancha**, **A Fonte da Custodia** ou **A Fonte da Saladina** ou **Fonte do Eirado**, **A Fonte da Tía Emilia** ou **A Fonte do Pito**, **A Fonte do Lago**, **A Fonte da Rogelia**, **A Fonte da Rabadeira** e **A Fonte do Croque**.

▶ Fonte do Ferro Vello, A

Emparentada coa palabra *ferreiro* está a forma orixinal *ferro* (do latín FERRUM 'mineral de ferro', 'espada ou obxecto de ferro'), quelle dá nome a unha fonte situada en Erminde: *A Fonte do Ferro Vello*. O nome podería derivar dun antigo cano ou biqueira enferruxado, a través do cal manaría a auga.

Relacionados con este nome, existen ademais os topónimos **As Coutadas do Ferro Vello** e **O Camiño do Ferro Vello** ou **Camiño da Fonte do Ferro Vello**.

▶ Fonte Escura, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Fontiña, A

Diminutivo de *fonte*. Refírese quizais a unha fonte de escaso caudal. *A Fontiña* está situada no lugar da Freiría. Ao seu carón existe un terreo denominado **As Fontiñas**.

Véxase *Fonte*.

▶ Gorgullón, O

Na parroquia de Candeán existen diversas formas populares que designan a acción de brotar ao exterior as augas subterráneas a través dun olleiro, ao ascender de abaixo cara arriba en forma de gallaróns. Así, rexistramos nesta parroquia o verbo *gorgullar*, así como os substantivos *gorgullón* e *gurgulleiro*. A palabra *gorgullón* podería derivar do latín GURGULIONE (Rivas Quintas, 1982) 'esófago', 'canón formado por un río'. Quizais cun sentido figurado: 'auga que expulsa a terra á superficie '.

Encontramos este topónimo en tres lugares:

— **Gorgullón** (baixo Rabodeasno).
— **Gorgullón** (na Devesa).
— **Gorguillón** (coutadas situadas sobre Erminde).

Véxase *O Olleiro*.

▶ Lago, O

Topónimo que recollemos en tres lugares distintos da parroquia de Candeán:

— **Os Lagos** e **Camiño dos Lagos** (baixo a Torre dos Mouros).
— **O Lago** ou **Os Lagos** e **Os Campos do Lago** (a carón do colexio público de Candeán, na Devesa).
— **O Lago**, **O Camiño do Lago**, **O Cocho do Lago**, **O Camiño do Cocho do Lago**, **A Fonte do Lago** e **Os Campos do Lago** (na Goleta).

A pesar de que esta forma ten a súa orixe no hidrónimo *lago* 'masa de auga de extensión considerable, rodeada de terra', en realidade refírese a terras de cultivo que teñen a particularidade de seren moi húmidas ou propensas a enchouparse. É un caso análogo ao topónimo *A Lagoa*, cando se refire a este mesmo tipo de terreos. A palabra *lago* deriva do latín LACUS 'lago'.

▶ Lagoa, A

Tampouco se trata neste caso de lagoas propiamente ditas, nin de brañas ou de turbeiras. Os topónimos incluídos a continuación refírense ás lagoas só en sentido figurado, pois nomean en realidade terras agrícolas moi húmidas, polo normal próximas a algún regato, cun significado semellante a *barxa*.

— **A Lagoa** (ou en plural As Lagoas) e **O Camiño da Lagoa** (baixo A Curva do Marqués, na avenida do Aeroporto).
— **A Lagoa** (en Subride).
— **A Lagoa**, **O Camiño da Lagoa** e **O Seguedo da Lagoa** (nos Cocheiros, baixo A Esqueiriña).

A palabra *lagoa* consérvase como unha voz viva na fala popular, co significado de 'campo moi húmido, terra enchoupada'. Procede do latín LACUNAM 'foxo', derivado á súa vez de LACUS, 'estanque, depósito de auga', e designaría en orixe un lago de pequenas dimensións (Marqués Valea, 2004).

No entanto, a palabra *lagoa* presenta unha segunda acepción moito máis fiel ao seu significado orixinal. Unha *lagoa*, como hidrónimo propiamente dito, é unha 'masa de auga estancada sobre un relevo deprimido, pouco drenada'. Trátase nestes casos de *lagoas* 'lagos de pequeno tamaño' e pantanos naturais. É moi frecuente, porén, que na área xeográfica na que nos encontramos reciban tamén o nome de *lagoas* as brañas e as turbeiras, coñecidas estas últimas nalgunhas partes de Galiza como *tremedais* (*arroios* no Baixo Miño). Ademais de topónimo, a palabra *lagoa* úsase tamén neste caso como xenérico.

Estas lagoas adoitan localizarse sobre antigas superficies de arrasamento mesozoico. Son os vestixios da chamada *superficie fundamental galega*, que se formou por erosión e aplanamento do macizo hercínico (formado hai 380/280 millóns de anos). Esta superficie desapareceu da maior parte da costa galega por fenómenos posteriores. Apenas se conservan algunhas chans ou planaltos a modo de illas, situadas polo xeral arredor dos 400 metros de altitude. A zona máis alta do monte do Vixiador, na estrema coa parroquia de Cabeiro, estaría incluída dentro desta unidade.

O relevo suave que presentan estes chans fixo posible a acumulación de auga e a formación de turbeiras hai varios miles de anos. As turbeiras son un tipo de zonas húmidas moi frecuentes no norte de Europa,

pero no noso país teñen, non obstante, o carácter de ecosistemas *relíticos* 'últimas representacións dun hábitat ou especie que estivo anteriormente moito máis estendido'. As turbeiras aparecen sobre superficies que favorecen a encharcada, onde por causa da acidez, as baixas temperaturas e o propio enchoupamento do terreo a materia orgánica tarda moito tempo en descomporse. Fórmase así un tipo de carbón vexetal chamado *turba*, que dá nome a estas formacións.

Moitas turbeiras galegas formáronse ao final da última glaciación; outras posiblemente a partir das primeiras deforestacións de orixe antrópica da prehistoria, que tiñan por finalidade a creación de pasteiros e a cavadura de montes para cultivalos. As brañas e turbeiras foron moi frecuentes en tempos históricos no noso contorno, como revela a toponimia: *As Chans da Lagoa* (Baiona, Coruxo –Vigo–, O Morrazo), *As Lagoas* (actual campus de Vigo), *A Lagoa dos Bromús* (Vincios, Gondomar), e un longo etcétera. É moi significativo o feito de que, na maioría dos casos, estas antigas *lagoas* xa non existen e perduran tan só na toponimia local e na memoria das persoas maiores. Síntoma evidente da fraxilidade destes ecosistemas que, tras varios miles de anos de existencia, sucumbiron en moitos casos vítimas de plantacións forestais, drenaxes, captacións de augas, apertura de pistas etc.

Na parroquia de Candeán e nas súas inmediacións existían varias *lagoas*, que nalgún caso aínda se conservan na actualidade. Tratábase de turbeiras, ou ben de brañas (superficies húmidas sobre as que se desenvolven con frecuencia as pradeiras de *herba das brañas –Molinia caerulea–*). Ao pé do parque forestal do monte Vixiador, xa no concello de Redondela, encóntrase a *Lagoa Grande* ou *Lagoa de Cabeiro*. Polas informacións que recollemos, a súa extensión e grao de encharcamento debeu ser maior no pasado. Un recordo recorrente é o do rescate das vacas que afundían con frecuencia na zona húmida. Para sacalas dos olleiros, a veciñanza tiña que atravesar unhas varas longas baixo a barriga dos animais e puxar con forza. Porén, a pesar destas vicisitudes, sabíase da importancia das turbeiras para manter os pastos frescos no verán, así como para alimentar os mananciais. Como nos dicía un informante con moita sabedoría: «Estaba mui ben que hubera iso, porque é a nai da aghua».

Na parroquia de Candeán e nos montes máis próximos rexistramos os seguintes topónimos que inclúen a palabra *lagoa* co significado de *braña* ou de *turbeira*:

— **A Lagoa Grande** ou **Lagoa de Cabeiro** (nas inmediacións do parque forestal do Vixiador). No seu interior encontrábase *O Ulleiro* 'surxencia de auga que gurgulla desde a capa freática'.
— **A Lagoa de Pontillón** (no monte de Cabeiro, augas abaixo da Lagoa Grande).
— **A Lagoa da Fonte do Seixo** ou simplemente **A Lagoa** (baixo A Fonte do Seixo, onde se localiza o actual estanque).
— **As Lagoas da Pedra do Valo**. Chamadas tamén **As Lagoas de Loureiro**, **As Lagoas do río Loureiro**, **As Lagoas do Colazo** ou **As Lagoas** (nas marxes do río do Loureiro).
— **As Lagoas do Crasto** ou **As Lagoas** (nas marxes do Río do Loureiro, augas abaixo das anteriores).



Turbeira da *Lagoa Grande*, un dos humidais interiores de maior valor ecolóxico do concello de Vigo

▶ Lagoeira, A

É un campo de cultivo situado na Fonte Escura. Este topónimo deriva de *lagoa*, forma que resulta moito máis frecuente. A variante *lagoeira* é tamén un xenérico local, recollido en Candeán co significado de 'terreo enchoupado, lameira'.

▶ Mina

Nesta comarca, o xenérico *mina* designa as escavacións subterráneas realizadas na procura dun manancial, tamén coñecidas como *minas de auga*. Algunhas casas de Candeán dispuñan deste tipo de obras hidráulicas para o abastecemento propio de auga. A palabra *mina* procede do latín MINAM ou do celta MEIN (Marqués Valea, 2004).

En Candeán, rexistramos os seguintes topónimos coa palabra *mina*:

— **A Mina** (na Parachán).
— **As Minas** (na Quinta de Dona Amalia, A Fonte Escura).
— **A Mina do Bastos** e **A Mina do Larán** (no Salgueiriño).
— **A Mina da Rambloia** e **A Mina da Maceiriña** (en Maceiras).
— **A Mina do Calloas** (na Parachán).
— **A Mina do Chupaaceites** (na Fonte Branca).
— **A Coutada da Mina** e **O Campo da Mina** (no Cotobade).
— **As Minas** ou **As Coutadas da Mina** (baixo O Vixiador).
— **A Mina Manota** (sobre A Fonte do Seixo).
— **As Presas da Mina** (en Erminde).
— **A Mina** e **O Camiño da Mina** (na Vesada).

▶ Minada, A

A Minada (ou **As Minadas**) é un terreo próximo ás Cales, situado a carón do camiño do Cocho do Lago. No lugar existía unha mina de dúas bocas.

Véxase *A Mina*.

▶ Muíño

A palabra *muíño* deriva do latín tardío MOLINUM 'muíño' (de MOLERE 'moer') (Marqués Valea, 2004: 714). As partes baixas da parroquia de Candeán carecían de muíño propio, polo que veciños e veciñas acudían a moer á parroquia de Cabral. A proximidade destes muíños deixou con todo unha pegada propia na toponimia da parroquia:

— **Carreiro do Muíño**, oficialmente «Camiño do Paporrubio» (situado na Parachán, era o antigo sendeiro que conducía aos muíños do río Lagares).

— **A Devesa do Muíño**. Tomou o seu nome dun muíño próximo, **O Muíño do Pontillón**, coñecido tamén como **Muíño de Parada**, **Muíño dos Casales** ou **Muíño das Lagoas** (está situado ao pé do lugar de O Outeiro –Cabral–, na marxe esquerda do río de San Cristovo). Para acceder a este pequeno núcleo cruzábase o río polo Pontillón ou pola Ponte de Parada.

Na zona alta de Candeán existen tamén os topónimos **O Campo do Muíño** (que xa aparece mencionado no Catastro de Ensenada) e **Os Seguedos do Campo do Muíño**, que se encontran baixo A Lomba (A Freiría). Candeán tamén conta, non obstante, con muíños propios:

— **Os Muíños da Goleta**: **O Muíño de Arriba** e **O Muíño de Abaixo**. En relación con estes muíños recollemos os seguintes topónimos: **O Lughar dos Muíños**, **As Coutadas do Muíño**, **O Campo do Muíño** e **A Casa de Tía Aurora do Muíño**. Na relación de bens do Catastro de Ensenada xa aparece unha referencia aos muíños da Goleta: «un molino deuna rueda (…) y otro arruinado». Estes muíños están situados na marxe dereita do río da Goleta ou río de San Cristovo, do que tomaban a auga.

— **Os Muíños do Crasto** ou **Muíños do Castro**: **O Muíño do Crasto de Arriba** e **O Muíño do Crasto de Abaixo**.

A unha distancia duns 250 metros do *Muíño de Abaixo*, río abaixo, encontramos unha zona cultivada na mesma marxe dereita do río denominada **O Muíño Vello**, así como a chamada **Presa dos Muíños Vellos**. Este nome suxire a existencia dun muíño (hoxe desaparecido) nesta zona. Este muíño podería ser moi antigo, pois no Catastro de Ensenada aparece rexistrada unha superficie de regadío co nome de «Moyño Vello», aínda que non podemos precisar a súa situación.

En relación cos muíños existen diversos elementos como os *peiraos*, pequenas paredes de pedra practicadas no curso dos ríos que desviaban a auga cara a un rego, que a conducía en dirección a uns muíños ou terras de regadío. Un exemplo deste tipo de estruturas é o **Peirao dos Muíños da Goleta**.

Os muíños onde moían as veciñas e veciños da parroquia de Candeán podían ser de *herdeiros* (propiedade colectiva de varias familias) ou de *maquía* (de propiedade individual), onde o dono ou donalle cobraba un tributo en especie *(a maquía)* a quen acudía a moer. Algún dos muíños do río Lagares correspondían a esta última tipoloxía. O traballo de campo deparounos tamén a expresión *muíño seco* 'muíño que xa non moe'.



Muíños da Goleta

▶ Olleiro, O

A voz *olleiro* designa en galego e portugués o manancial a través do cal asoma á superficie a auga subterránea. En moitos casos, trátase

de suxestións nas que gurgulla a auga que alimenta unha braña ou turbeira. Cun significado semellante, existe na comarca a expresión *ollo de mar*, que se refire ás fontes ou pozas nas que segundo diversas lendas tradicionais mana a auga do mar, que é conducida baixo terra a través de ocultos *brazos de mar*. As formas *ollo* e *olleiro* terían aquí un sentido metafórico, debido á forma circular que presentan normalmente. Derivarían neste caso do latín OCULUM 'ollo' (Marqués Valea, 2004).

Encóntrase esta forma nos seguintes topónimos:

— **O Olleiro**, **As Coutadas do Olleiro** ou **Coutadas do Ulleiro** e **O Camiño do Olleiro** (coutadas lagoentas situadas baixo o camiño do Recanto, en Erminde).
— **O Olleiro** (*seguedo* situado en Lamas, Erminde).
— **O Ulleiro** (surxencia que alimenta a Lagoa Grande, a carón do Vixiador).

Véxase *O Gorgullón*.

▶ Ponte

É un substantivo de todos e todas coñecido, que designa unha construción que une entre si as dúas marxes dun curso ou masa de auga, coa finalidade de que poida ser atravesado. Procede da forma latina PONTEM 'ponte' (Marqués Valea, 2004: 843). Na parroquia de Candeán recollemos dous topónimos que inclúen a palabra *ponte*:

— **A Ponte de Parada** ou **O Pontillón** (une a parroquia de Candeán co lugar do Outeiro —Cabral—, atravesando o río de San Cristovo).
— **A Ponte de San Cristovo** (atravesa o mesmo río de San Cristovo, neste caso 280 metros río abaixo dos Muíños da Goleta).

Trátase en ambos os casos de pontes rústicas consistentes en laxes atravesadas entre as dúas ribeiras do río. O caudal que presenta esta corrente e a largura do seu leito non fixeron necesario edificar pontes de maior tamaño e complexidade.



Ponte de San Cristovo, que atravesa o río do mesmo nome. Segundo a tradición, neste lugar encontráronse Santa Mariña e San Cristovo (patróns de Cabral e de Candeán, respectivamente), cando se disputaban as terras das citadas parroquias. Santa Mariña —máis áxil e pequena, que ademais corría descalza- avanzou máis lixeira ca San Cristovo (que corría cuns pesados tamancos), anexionando unha maior superficie de terreo. Os límites da parroquia de Cabral chegarían así ata esta pontella.

▶ Pontecela, A

É o nome dunha superficie agrícola de regadío que, como é habitual, presenta dúas formas: unha en singular **(A Pontecela)** e outra en plural **(As Pontecelas)**. A auga procede da **Presa da Pontecela** (situada a menos de 100 metros ladeira arriba), que é conducida pola cabeceira dos campos a través do **Rego da Presa da Pontecela**.

O Catastro de Ensenada xa menciona este topónimo, que aparece transcrito como «Pontecela» ou «Pontezela». Ademais das terras de regadío, o citado documento revela tamén a existencia dunha casa arruinada e un monte. Hoxe en día, aínda permanecen os restos de antigas estruturas de pedra nun pequeno alto cuberto de carballos, que linda polo nordeste con este lugar. Cómpre sinalar que os restos da fortificación medieval da Torre dos Mouros están situados a pouco máis de 50 metros ao sur da Pontecela.

O topónimo *A Pontecela* semella ser un derivado de *ponte*, composto por esta mesma raíz mais o sufixo diminutivo latino -CELLUS (Bascuas López, 2006: 222), indicador da antigüidade desta forma (Navaza Blanco, 2007a: 51).

Unha *pontecela* sería unha ponte de pequeno tamaño, seguramente de tipo rústico, que estaría situada posiblemente baixo os campos do mesmo nome. Atravesaría o regato que discorre por ese lugar, unha pequena corrente de auga que nace na Fonte Branca e desemboca no río de San Cristovo.

Nalgunhas zonas de Galiza rexístranse ademais os xenéricos *ponticelo* ou *ponticela*, sinónimos de *pontillón* e *pontella*. Designan precisamente unha pequena ponte, composta en moitos casos por pedras longas ou lousas atravesadas entre as dúas marxes dun río (García González, 1985). Así, Eligio Rivas Quintas (1978) inclúe a seguinte descrición para a palabra *ponticela*, recollida en Xunqueira de Espadanedo: 'Pequeño puente rústico de lajas tendidas sobre pies derechos, para pasar un río; a veces es de madera'.

▶ Pontillón, O

Recollemos o topónimo *Pontillón* en tres localizacións distintas:

— **O Pontillón** ou **A Ponte de Parada**, **O Muíño do Pontillón** e **O Seguedo do Pontillón** (sobre o río de San Cristovo, fronte ao Outeiro, en Cabral).
— **O Pontillón** e **O Camiño do Pontillón** (sobre os Muíños da Goleta).
— **O Puntillón** (tamén chamado **O Pontillón** ou **O Pontillón de Cabeiro**) e **A Lagoa do Pontillón** (Cabeiro). Antiga pontella que permitía atravesar o río Fondón, no camiño de Porto Cabeiro.

O topónimo *Pontillón* é un diminutivo de *Ponte*. Designa unha ponte de pequeno tamaño sen protección laterais, construída en pedra ou madeira, que permite atravesar un curso de auga que non é moi caudaloso, polo xeral, mediante unha ou varias lousas estendidas horizontalmente. É sinónimo de *pontella*, *ponticela*, *pontello*, *pontigo* e outras formas semellantes. É ademais un vocábulo de uso común en Galiza, que aínda se conserva como tal na parroquia de Candeán.

▶ Poza

A palabra *poza* pode designar diversos corpos de auga estancada ou de escasa corrente. Estes poden ser de carácter natural, como as pozas de río (*A Poza da Moura,* en Domaio, é un exemplo moi coñecido), ou ben charcas ou pequenas lagoas de augas paradas que se forman sobre superficies chans (como *A Poza Negra*, na serra da Groba).

Pero este termo tamén se usa nalgunhas zonas como sinónimo de *presa*. Trátase neste caso de estruturas artificiais destinadas a represar as augas dunha pequena corrente, para o seu uso en regadío. En Candeán recollemos con este significado as pozas seguintes: **A Poza do Petou**, **A Poza das Aspras**, **A Poza de Porla** (de Portland 'cemento'), **A Poza** (O Xunco Mariño), **A Poza de Arriba** e **A Poza de Abaixo** (ou **Presas do Fabal**), **A Poza dos Pinos**, **A Poza da Fonte do Bechas**, **As Pozas do Crasto**, **A Poza do Campo Longo**, **A Poza do Reboliño**, **A Poza da Levada** (A Esqueiriña), **A Poza Nova** (baixo A Freiría), **A Poza do Rial**, **As Pozas do Monte** (sobre o río do Souto) e **A Poza do Monte** (A Rabadeira).

Algunhas reciben o nome do alcume dos seus propietarios: **A Poza do Frebe**, **As Pozas de Mariños** e **A Poza de Pesca**.

Como derivados de poza, temos ademais **O Campo da Poza** (O Cotobade), **O Carreiro das Pozas** (A Besada), **As Coutadas de Pozas** e **As Pozas** (preto do camiño do Salvador).

A palabra *poza* é o feminino de *pozo* (véxase *Pozo*).

▶ Pozo

Os topónimos coa palabra *pozo* son moito menos frecuentes ca os que presentan a forma *poza*. Nalgún caso refírense a pozas fluviais ou de río (**O Pozo da Macheta**, situado no río de San Cristovo, baixo Rabodeasno). Pero normalmente toman o seu nome de perforacións artificiais practicadas no chan para obter auga; aínda que poden estender o seu significado a calquera depresión do terreo, con auga ou sen ela, con independencia da súa orixe (Navaza Blanco, 2007a). **A Coutada do Pozo**, na Fonte Escura, podería deber o seu nome a un pozo escavado nesta antiga zona forestal. Nunha única ocasión encontramos que se utilizara a palabra pozo para designar as presas de regadío: **Os Pozos do Quintián** (A Rabadeira).

Descoñecemos, por último, cal é a orixe do topónimo **O Pozo Negro**, que dá nome a unhas coutadas próximas ao Cotobade.

A palabra *pozo* deriva do latín PUTEU 'pozo, fochanca' (Navaza Blanco, 2011).

▶ Presa

A presa foi un elemento fundamental na paisaxe agrícola de Candeán e resultou imprescindible para poder realizar cultivos de regadío, como o caso do millo e os produtos hortícolas. Alí onde non se dispuña dun caudal suficiente e abondoso de auga, que era capturado directamente dun regato a través dun *peirao*, precisábase destas infraestruturas hidráulicas tradicionais. A función de *presas* e *presotes* era acumular a auga de mananciais e pequenos cursos de auga, que fluía en pequenas cantidades, para liberala despois en forma de *presadas*, que se *tandeaban* 'repartían' entre os herdeiros ou regantes. Esta é a definición da palabra *presa* que nos proporcionaba Juan Sobreira Salgado no século XVIII: 'La pared que se hace para hacer acopio de agua cuando el manantial es pobre y no alcanza' (Sobreira Salgado, 1792-1797).

Os topónimos que inclúen a palabra *presa* resultan moi frecuentes na parroquia de Candeán, alternado ás veces coa variante *poza*: **A Presa do Petou**, **A Presa de Abaixo**, **A Presa de Xaméndez**, **A Presa da Regueira**, **A Presa do Monte**, **As Presas do Xunco Mariño (A Presa de Arriba**, **A Presa do Medio e A Presa de Baixo)**, **A Presa do Monte Pequeno**, **A Presa da Ribaxe**, **A Presa das Lagoas**, **As Presas de Pedro**, **A Presa de Xiráldez, A Presa do Canto do Valo**, **A Presa da Pontecela**, **A Presa da Fonte do Bechas**, **A Presa da Viña**, **A Presa da María da Perfeuta** ou **A Presa da Abadesa**, **A Presa do Salgueiriño**, **A Presa** (ou **Poza**) **da Maleita**, **A Presa das Maceiras** ou **da Maceiriña**, ou **A Presa de Tras do Paso**, **As Presas do Fabal** (**A Poza de Arriba** e **A Poza de Abaixo**), **A Presa do Mariño**, **As Presas de Lamas**, **As Presas da Maruxa**, **As Presas de Erminde**, **As Presas dos Pinos**, **As Presas da Dovesa,**[1] **As Tres Cartas** ou **Presa das Tres Cartas**, **A Presa da Fonte**, **A Presa de Xiráldez** e **A Presa do Río do Souto**.

[1] *Dovesa* é a forma labializada do topónimo Devesa, moi común na fala popular.



Presa de regadío na *Fonte Escura*

Algúns topónimos, referidos sobre todo a terras agrícolas, incorporan a palabra *presa* como elemento localizador. Cando se sitúan baixo unha presa aparecen encabezados pola preposición *sub-*:

— **A Suapresa**, **A Poza da Suapresa** (baixo As Regas, A Freiría).
— **A Suapresa da Corguiña**, **A Suapresa**, **As Coutadas da Suapresa** (sobre o camiño do Cabo, A Freiría).

O topónimo *Suapresa* tamén aparece mencionado no Catastro de Ensenada. A palabra *presa* deriva do latín (AQUAM) PRE(N)SAM, participio do verbo PRENDERE 'tomar, apreixar' (Marqués Valea: 2004). O seu significado podería asimilarse a 'auga retida'.

▶ Presote, O

Diminutivo de presa, que incorpora un sufixo *-ote*. Esta forma rexístrase na toponimia do Val Miñor, Baixo Miño e zonas próximas, como O Val de Fragoso (Navaza Blanco, 2011).

O mapa toponímico de Candeán recolle as seguintes formas con este nome: **O Presote** (Fonte Escura), **O Presote** (camiño do Lago),

Os Presotes (A Poba), **Os Presotes** (O Cotobade), **O Presote de Arriba** e **O Presote de Abaixo** (baixo a Fonte de Suasárbores), **O Presote** (nas Queimadas, A Goleta) e **Os Presotes** (A Poba).

▶ Regadas, As

Nome que recibe un pequeno núcleo rural (que se observa na fotografía do voo americano dos anos 1956/1957), xunto con veigas húmidas e coutadas, situados todos eles no oeste da Rabadeira. Coñécense como **As Regadas**, **As Coutadas das Regadas** e **Detrás das Reghadas**. No Catastro de Ensenada As Regadas aínda non figuran como lugar habitado, pero si como terras de *monte*, *terrestal* e *secaño*, que recibían os nomes de «As Regadas», «Regadas de Avajo» e «Cocho das Regadas».

A palabra *regada* deriva de *rego* e pode significar 'cantidade de auga que corre por un rego' ou 'terreo á beira dun río ou regato' *(Dicionario da Real Academia Galega)*. En realidade, a segunda acepción deste termo está relacionada coa primeira, pois as terras baixas de regadío (ou veigas) que se sitúan nas proximidades dun río ou regato adoitan recibir as súas augas a través dun rego, en forma de *regadas*. A palabra *regada* tería un significado análogo a *presada*, 'cantidade de auga acumulada nunha presa de regadío que é liberada de golpe e conducida para regar os campos' (forma viva no sur do concello de Vigo).

Véxase *O Regueiro*.

▶ Regas, As

Campos situados baixo os Muíños do Crasto. No Catastro de Ensenada esta forma aparece nos topónimos «Cocho das Regas» e «Cocho da Rega». Esta última variante en singular do topónimo suxírenos que, quizais, o nome orixinal do lugar fose *A Rega*.

A palabra *rega* derivada de *rego*, como *regueiro*, *regueira*, *regato* ou *regada*. Como xenérico, a súa acepción máis coñecida nesta zona é 'acción de regar'. Así, tornar a auga para regar un campo sería «botar a aghua para a regha». En sentido metafórico, tamén se escoita con frecuencia a expresión «caír unha regha de aghua», como sinónimo de chover. O termo *rega* pode ter en Galiza outros significados relacionados, como 'levada, condución de augas' ou 'prado de regadío'.

Sobre *As Regas* localízanse precisamente os Muíños da Freiría, e ao pé destas A Poza da Suapresa, que xa aparece mencionada no Catastro da Ensenada, no século XVIII. A existencia de regadío nestes terreos xa vén polo tanto de vello.

No entanto, a forma *rega* pode ter así mesmo un valor orográfico (Navaza Blanco, 2007b): 'encaixonamento formado na unión de dúas ladeiras, polo cal adoita discorrer un regato'. Quizais, como sucede noutros casos (*río/ría*, *carballo/carballa* etc.), se trate dunha forma feminina e aumentativa de *rego*: 'rego de grandes dimensións'. En Candeán, *rega* tamén ten este significado na fala popular, polo que é entón sinónimo de *buraca* ou *gorgoza* (palabras tamén recollidas na parroquia) 'regueira moi profunda'. O val polo cal descende o río do Souto (onde se encontran as ladeiras de *A Escorregada*), que se sitúa a escasa distancia de *As Regas*, podería coincidir perfectamente con esta descrición.

Véxase *Regueiro*.

▶ Rego

A palabra *rego* orixinou unha fértil familia léxica, na que están incluídas outras formas tratadas tamén neste libro, como *Regueira*, *Rega*, *Regueiro* e *Regada*. A orixe deste termo semella estar no celta REKU. En galego, existe probablemente unha certa confusión semántica con este nome, que tanto pode designar unha canle tradicional de condución de augas coma un regato ou pequeno curso de auga (Marqués Valea: 2004). Non obstante, en Candeán e nas parroquias do contorno a palabra *rego* aplícase normalmente ás conducións de auga destinada a regadío ou a outros usos, que parten dun regato ou dunha presa; malia que tamén é extensivo aos regos que se abren nas terras de labradío nos labores agrícolas.

Diversos topónimos inclúen a palabra *rego* en Candeán: **O Rego de Loureiro**, **O Rego da Presa do Canto do Valo**, **O Rego do Cabo**, **O Rego do Cocho**, **O Rego do Morte** (alcume persoal), **O Rego das Chans** e **O Regho de Sorrego** (forma redundante).

Tamén está presente en **Os Campos do Rego do Morte**, **Ladodorrego** e **O Campo do Rego**.

▶ Regueira, A

A voz *regueira* é un xenérico vivo no contorno de Vigo, que designa unha depresión do terreo ou valgada a través da cal circula unha corrente de auga. Conteñen a palabra *regueira* os seguintes topónimos de Candeán:

— **A Regueira** (pequeno núcleo habitado), **A Fonte da Regueira**, **A Presa da Regueira**, **O Camiño da Regueira** e **O Río da Regueira** (na Fonte Escura).
— **A Regueira** (sobre As Presas do Xunco Mariño, no Monte Pequeno)
— **As Regueiras**, **O Camiño das Regueiras**, **As Coutadas das Regueiras** e **Os Seguedos das Regueiras**. Neste caso presenta unha forma en plural As Regueiras, pois sobre este lugar conflúen efectivamente dúas regueiras ou valgadas distintas. A zona está situada preto do núcleo de Erminde, no cabo do mal chamado *Camiño do Gumersindo* (que realmente é o nome tradicional doutro camiño paralelo). O seu nome correcto é O *Camiño das Regueiras*.

O nome *regueira*, que se corresponde coas formas medievais *rekaria*, *regaria*, *requera* e outras afíns, está relacionado coas voces *reco* e *rego*, derivados posiblemente do celta REKU.

▶ Regueiriño, O

Diminutivo de *regueiro*. É o nome dunha terra de cultivo situada a carón do camiño do Cabo (A Freiría), que posiblemente se refira a algún pequeno regueiro próximo. Quizais o regueiro orixinal se nutría doutro topónimo tamén en diminutivo: *A Fontiña*.

Véxase *O Regueiro*.

▶ Regueiro, O

É un topónimo que se repite en distintos lugares da parroquia:

— **O Regueiro** e **O Camiño do Regueiro** (na Poba).
— **O Regueiro** (baixo as Presas do Xunco Mariño, no Monte Pequeno).
— **Os Regueiros**, **O Seguedo dos Regueiros**, **O Camiño dos Regueiros** e **Os Campos dos Regueiros**. Estes topónimos recollen

a forma regueiro sempre en plural, polo que supoñemos que desde o primeiro momento aludían a varios regueiros distintos (encóntranse na Goleta).

— **O Regueiro** e **O Camiño do Regueiro** (na Vesada).

Un *regueiro* é unha pequena corrente de auga, que pode ser de carácter natural, ou ben un rego ou canle artificial. Como voz viva na parroquia de Candeán, refírese a unha condución de auga *(rego)* destinada a regar campos de cultivo. A palabra *regueiro* podería proceder da voz celta REKU, aínda que tamén conflúe co verbo latino RIGARE 'regar' (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014).

▶ Rexedouro, O

É o nome dunha superficie de cultivo próxima ao Salgueiro, coñecida como **O Rexedouro** ou **Os Rexedouros**,[2] preto da cal se encontran **As Presas do Rexedouro**. No Catastro de Ensenada aparece en ocasións con xénero masculino: «Rejedouro de Avajo», «Rejedoiro do Medio». Pero con maior frecuencia con xénero feminino: «Rejedoira», «Rejedoura», «Rejedoura de Avajo», «Rejedoira de Avajo» e «Rejedoyra de Avajo».

Non varía porén o número, que no documento histórico aparece en todos os casos en forma singular. É posible, polo tanto, que o topónimo orixinal fose *A Rexedoura*. No século XVIII, estes campos estaban rexistrados como terras de secaño, pero tamén como superficie forestal de «dehesa» (presumiblemente carballeira), con algo máis dunha hectárea de extensión.

Descoñecemos cal é a orixe deste topónimo, que aparece relacionado cos ríos: *Fervenza da Rexidoira* e *Ponte da Rexidoira* (Cesuras), *Muíño da Rexedoira* (O Pino) etc. Tense sinalado a posibilidade de que proveña do latín RUGIRE 'ruxir', polo son que producen as augas en rápidos e fervenzas (Dasairas Valsa, 2000). No entanto, o pequeno regueiro que discorre polos pés deste lugar ten un caudal moi escaso, e a zona non

[2] O sufixo *-ouro* é característico da fala do sur da provincia de Pontevedra. Podemos encontralo en moitos topónimos (Fontoura, Ancoradouro, Rapadouro) e voces populares (delourar, vasoura, couro etc.). Pola contra, a forma máis estendida no resto do país é *-oiro* (Ancoradoiro, Fontoira...).

presenta tampouco pendentes pronunciadas. Ademais, o Catastro de Ensenada non rexistra en ningún caso unha hipotética *Ruxidoura*.

Entendemos que este topónimo deriva do latín REGERE 'conducir, dirixir, gobernar'. Quizais se refira a algún elemento que *rexía* ou *renxía* as augas procedentes da Devesa Nova, que serían canalizadas cara ás superficies de regadío. Os campos do Rexedouro encóntranse precisamente a menos de 100 metros do pequeno núcleo de *As Cales*.

Véxase *As Cales*.

▶ Rial, O

Observamos unha confusión moi estendida na fala local entre as formas **O Rial** e **O Real** (ou en plural, Os Reales), que se alternan dependendo das persoas informantes. O Rial (ou Real) é unha superficie agrícola situada nas ribeiras do río de Cernade, afluente do río Lagares que nace nas Pozas do Colazo, na estrema entre as parroquias de Candeán e Vilar de Infesta (Redondela). Localízase baixo o lugar da Freiría, onde tamén se encontran **A Poza do Rial**, **O Río do Rial** e **As Veigas do Rial**. Como no topónimo principal, nestas formas tamén existe a dualidade Rial/Real.

O hidrónimo *Rial* deriva probablemente do latín RIVALE 'o que se encontra na outra beira do RIVU ou río'. Esta forma clásica daría orixe así mesmo á palabra *rival* 'adversario, opoñente, persoa que se sitúa en fronte nosa'. Trátase dun topónimo que aparece con frecuencia nomeando veigas ou terras agrícolas situadas nas marxes dun curso de auga, que se encontrarían na ribeira oposta dun río ou regato, a respecto dun posible observador.

▶ Rial de Leiros

Tamén aquí alternan na fala local as formas **Rial de Leiros** e **Real de Leiros**; mesmo existe unha terceira variante **Rendeleiros**. A situación destas parcelas agrícolas nas marxes dun pequeno regato, así como a documentación histórica que consultamos (o Catastro de Ensenada rexistra as formas «Rial de Leiros», «Rial de Leiro» e «Rua do Leiro»), confirmarían a etimoloxía que propomos para o topónimo *Rial*, que derivaría da palabra latina RIVALI, fronte a un pouco probable *real* como propiedade monárquica, procedente do substantivo tamén latino REX 'rei'.

O topónimo *Rial de Leiros* nomea uns terreos situados no nacemento dun pequeno afluente do río de San Cristovo. Está composto por dous elementos: o primeiro deles *(Rial)* aludiría á localización destas parcelas nas marxes dun regato. O segundo indícanos que neste lugar existían varios *leiros*. En Lugo, a palabra *leiro* designa unha pequena parcela agrícola (Rivas Quintas, 1978).

Véxase *Rial*.

▶ Ribeira, A

É un topónimo que presenta en Candeán formas moi diversas, como **A Riveira** ou **As Riveiras**, **A de Rivera**, **A da Rivera**, **A Ribeira do Río**, **O Camiño da Rivera** e **A Ribeira de Xan Panas**. A pesar de situarse nas marxes do río de San Cristovo, no seu curso alto, recibindo naquel lugar o nome de **Río da Rivera** pensamos que en realidade deriva dun antropónimo *Rivera*, forma castelanizada do apelido *Ribeira*.

O Catastro de Ensenada rexistra unha superficie de 64 *ferrados* de monte en Candeán propiedade de «Thomas de Rivera», residente en San Nicolás de Prado (Ponteareas). Non coñecemos a localización deste terreo, que o Catastro sitúa no «Porto da Fraga», pero unha veciña de Erminde revelounos que os *seguedos* e as coutadas que reciben este nome foron propiedade nun tempo da familia dos *Rivera*.

En orixe, *ribeira* é un substantivo que alude ás marxes dunha corrente ou dunha masa de auga. Deriva do adxectivo latino RIPARIAM.

▶ Río

A palabra *río* procede do latín RIVUS 'río, canle' (Marqués Valea, 2004: 67). Designa en galego todo tipo de correntes de auga doce, independentemente do seu caudal ou da súa situación ao respecto dos distintos tramos (alto, medio ou baixo). Os ríos de maior caudal adoitan presentar un nome único e constante ao longo de todo o seu curso (*Río Miño*, *Río Lérez* etc.). No entanto, os ríos e os regatos de escaso caudal cambian de nome tramo a tramo e adoptan os topónimos dos lugares que atravesan.

Así, para o *Río de San Cristovo*, principal corrente de auga de Candeán, recollemos as seguintes formas: **Río de Figueiras**, **Río das Covas**, **Río das Pereiras**, **Río de Parada**, **Río da Macheta**, **Río de**

Codeside, **Río de San Cristovo**, **Río da Goleta**, **Río Vello**, **Río da Pomba**, **Río da Roza** ou **Regato da Roza**, **Río do Salgueiro**, **Río do Cocho do Lago** e **Río da Ribera**.

Aínda que de menor caudal, ao pé da Rabadeira discorre outro regato que recibe nomes como **Río do Souto**, **Río Vello, Río do Loureiro** ou **Río do Crasto**.

Outros topónimos que conteñen esta palabra, referidos a pequenas correntes de auga, son os seguintes:

— **O Río da Regueira** (baixo o Xunco Mariño).
— **O Río da Regueira** (baixo o lugar da Regueira, na Fonte Escura).
— **O Río do Rial** ou **Río de Cernades** (na Freiría).
— **O Río de Regoufe**.
— **O Río da Fonte Escura**.

▶ Río Vello, O

Coñécese con este nome o tramo de río ao que lle foi subtraída unha parte do seu caudal, que é desviada nun peirao situado no extremo superior, e conducida cara a uns muíños ou terras de regadío. Alí onde as augas son devoltas novamente ao seu leito, río abaixo, este recupera o seu caudal orixinal. Ese sector do curso do río que baixa co seu caudal diminuído é o que se coñece como un *río vello*. Durante o traballo de campo atopamos tres *ríos vellos* distintos na parroquia de Candeán:

— **O Río Vello** (baixo As Presas da Devesa). As súas augas descenden cara á Xunqueira e á Pontecela, e é afluente do río de San Cristovo.
— **O Río Vello** (entre A Goleta e O Salgueiro, no propio río de San Cristovo).
— **O Río Vello** (afluente do río de Cernade, que atravesa os campos dos Cocheiros e da Rabadeira). Presentan este nome ademais **As Coutadas do Río Vello** e **As Presas do Río Vello**.

A tradición oral de Candeán conserva aínda o significado destes topónimos:

— «A aghua baixa encañada pá os muíños. Se é muita bótase po Río Vello» (A Goleta).
— «No Pontillón tandeaban 'repartían' a aghua». Cando baixaba moita, no peirao dos Muíños da Goleta desviábana para *O Río Vello* (A Goleta).

— «Aquí había un río vello. Cando viñan as cheas collían e botaban a aghua ao río» (A Devesa).
— Cando baixaba moita auga das coutadas practicábase un corte na levada para evitar que entrara moita auga na Esqueiriña; esta baixaba entón por *O Río Vello* (Os Cocheiros).

▶ Rosío, O

En Subride de Arriba encontramos os seguintes topónimos relacionados coa palabra *rosío*: **O Rosío**, **O Camiño do Rosío**, **O Rosío de Arriba** e **A Presa do Rosío**.

Na fala da zona rexistramos as variantes *Rosío* e *Rocío*. Existe unha interpretación local deste topónimo, segundo a cal este se debe á frecuencia con que aparece *rocío* neste lugar.

Á parte de que a palabra *rocío* sexa un castelanismo (no lugar da forma patrimonial *orballo*), na parroquia de Candeán aínda sobrevive na fala popular o xenérico *resío*. Aplícase nalgúns casos ao perímetro que rodea a vivenda ou a parede exterior do lugar, que se mantén libre de vexetación. Pero tamén se aplica con sentido hidronímico: o *resío* é o bordo exterior dunha presa de regadío, necesario para os labores anuais de limpeza, consistentes na roza da vexetación e no baleirado dos sedimentos que se foron acumulando no fondo e diminúen a capacidade da presa. Eses sedimentos que atúen a poza son depositados ao redor desta, ocupando un espazo perimetral de propiedade privada. A cambio, os propietarios dos *resíos* (que ocupan dous metros arredor do perímetro da poza) aproveitaban estas lamas para fertilizar e mellorar as súas terras de cultivo.

Outro tipo de *resío*, vinculado tamén aos sistemas de regadío tradicional, era a servidume dun metro a cada lado dos regos de condución das augas, reservada aos seus labores de mantemento e ao paso dos regantes.

Este xenérico podería proceder do latín RESIDUU 'espazo de servizo contiguo á casa' (Navaza Blanco, 2007a), que como xa vimos é un dos significados que presenta esta forma en Candeán.

▶ Sorrego, O

Refírese a uns terreos situados baixo un rego ou canle de regadío, nas marxes do río de San Cristovo, no Salgueiro: **O Sorrego** ou **Os Sorregos**, **Os Campos do Sorrego**, **O Sorrego do Tío Sebino**, **Os Seguedos de Sorrego** e **O Camiño do Sorrego**.

Este topónimo está composto pola palabra *rego* precedida pola preposición *so-* 'baixo de' (> latín SUB-).

Véxase *Rego*.

▶ Tomadas, As

Zona de monte que se sitúa sobre o núcleo rural do Busto, nas proximidades da *Presa da Devesa Nova*. Aparece mencionada no Catastro de Ensenada como «Thomada», «Thomadas» e «Coutada da Thomada».

Nas parroquias do sur do concello de Vigo, así como no Val Miñor e na península do Morrazo, a palabra *tomada* é sinónimo de *coutada* 'parcela de terreo forestal de propiedade particular, deslindada con marcos de pedra, que en moitas ocasións aparece pechada perimetralmente por un valo de pedra ou terra'. A propia palabra *tomada* (participio do verbo *tomar*) alude á apropiación e acoutamento dunha porción de monte que en tempos era de propiedade colectiva ou comunal, nun contexto histórico de expansión das terras de cultivo e crecente presión sobre o medio forestal (Navaza Blanco, 2007a: 94).

Con todo, temos que apuntar que en Candeán este tipo de parcelas non reciben o nome de *tomadas*, senón *coutadas*. A palabra *tomada*, como substantivo xenérico, foi usada por un informante desta parroquia cun significado completamente distinto: o de 'canle de regadío, rego'. Esta acepción da palabra *tomada* semella ser pouco frecuente, pero aparece recollida na obra do Padre Sarmiento como sinónimo de *levada*: «La voz presa, de prehendo, es una como tomada o tomadura de agua».

O topónimo *Tomada* significaría, neste caso, 'auga tomada dun río ou regato, desviada e conducida a través dunha canle de regadío cara ás terras agrícolas'.

A FLORA

Abeleiral, O

O Abeleiral ou **Beleiral** é unha ladeira situada nos Cocheiros, a carón do Río Vello. No Catastro de Ensenada consta como unha «dehesa» de dous ferrados de superficie e campos de secaño. As regueiras e valgadas húmidas de certa pendente, nas proximidades dun curso de auga, son o hábitat característico da abeleira *(Corylus avellana)* en gran parte de Galiza. No contorno da cidade de Vigo é unha especie escasa e moi localizada, aínda que en lugares favorables (como as ribeiras do río Eifonso) pode chegar a formar pequenos *abeledos* de gran riqueza ecolóxica. Da abeleira aproveitábanse os brotes novos, moi rectos, como vara dos bois. O seu froito *(*a *abelá)* é de pequeno tamaño nas variedades silvestres, pero recollíase igualmente para o consumo humano no outono.

Na zona occidental galega esta arboriña recibe o nome de *abeleira*, a diferenza do resto de Galiza, onde predomina a forma *abelaira*. A palabra *abeleira* deriva de ABELLANARIA, do latín ABELLANA 'relativo á cidade de Abella' + -ARIA. Durante a época do Imperio romano, a cidade de Abella (na rexión italiana da Campania) tiña moita sona polas súas abelás, as chamadas *abellana nux* 'noces de Abella'. De aí que este froito seco pasara a denominarse '*abellana*' (Navaza Blanco, 2006).

O topónimo *Abeleiral* componse do nome da árbore, *abeleira*, mais un sufixo colectivo -ALE. Un *abeleiral* será, xa que logo, unha formación ou bosque de abeleiras.



Abeleira (*Corylus avellana*) nas proximidades da *ponte de San Cristovo*

▶ Ameixeira, A

A *ameixeira* é a árbore froiteira que produce as ameixas. Esta palabra deriva do nome do froito, *ameixa*, mais o sufixo -ARIA. Á súa vez, *ameixa* podería proceder do nome latín desta drupa, DAMASCENA PRUNA 'a ameixa de Damasco', pois considerábase oriúnda da capital siria (Navaza Blanco, 2006). **A Ameixeira** (ou **As Ameixeiras**) é o nome dunha superficie agrícola dividida en longas parcelas particulares, que se dispoñen paralelas entre o camiño da Rabadeira e o socalco inferior. No Catastro de Ensenada, a «Ameijeira» ou «Ameixieira» xa aparece vinculada a seis propietarios distintos. Tratábase como agora de terras de cultivo, que incluían tamén unha horta. Entendemos que esta horta estaría relacionada co pequeno núcleo de *A Lagoa*, próximo á Rabadeira.

As hortas máis exteriores, que en Candeán son denominadas con frecuencia *enxidos*, conteñen habitualmente árbores froiteiras, entre as cales se encontra a ameixeira *(Prunus domestica)*.

▶ Amieira, A

A Amieira (en plural **As Amieiras**) é unha zona de cultivo vinculada ao núcleo da Igrexa, situada baixo O Calvario. O topónimo deriva posiblemente dunha raíz prerromana AM- 'auga' mais un sufixo -ARIU. Podería ser un sinónimo de *amieiro*, pero ao presentarse baixo forma feminina o máis probable é que teña valor colectivo: 'lugar poboado de amieiros' (Navaza Blanco, 2006).

O Catastro de Ensenada rexistra os seguintes topónimos relacionados: «Campo da Ameeira», «Campo da Ameira», «Ameyra de Arriva», «A Ameira» e «Amieira». Vemos como na maioría dos casos se conserva o duplo 'e' de «A Ameeira». Quizais se trate dun vestixio dunha forma orixinal *Ameneira*, cando aínda non se pechara o primeiro 'e', que se transformou en *Amieira*.

Este topónimo non se localiza en ningunha ribeira fluvial, pero a 50 metros descende un pequeno afluente do río de San Cristovo, que nace na *Fonte do Carballiño*. Este lugar si reuniría as condicións necesarias para acoller un *amieiral*. Temos que advertir, porén, que algúns dos topónimos que se atribúen a esta árbore poderían referirse non á árbore en si, senón a un curso de auga (Navaza Blanco, 2006), pois todas estas formas comparten a mesma raíz.

Véxase *Os Amieiros*.

▶ Amieiros, Os

Os Amieiros e **Os Seguedos dos Amieiros** son dous topónimos que se localizan nas ribeiras dun pequeno afluente do río de San Cristovo, que nace no *Olleiro* 'ollo de auga, manancial'. Unha variante desta forma que tamén recollemos no traballo de campo é **Os Samieiros**.

O *amieiro (Alnus glutinosa)* é quizais a máis característica das nosas árbores de ribeira. Disponse nas marxes dos cursos de auga por riba da banda ocupada polos salgueiros, e ten un gran valor ecolóxico polas numerosas funcións que realiza: estabilización das ribeiras, depuración de contaminantes orgánicos, refuxio da fauna acuática etc.

A diferenza do castelán «aliso» (derivado de ALNUS, nome latino desta árbore), o galego *amieiro* semella ter unha orixe prerromana. As formas *amieiro* (> *ameeiro*), *ameneiro*, *abeneiro* e outras derivadas, así como a

leonesa *ume(i)ro*, poderían proceder dunha raíz preindoeuropea UM-, AM- ou AB- 'auga' (Navaza Blanco, 2006).

Balanciña, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

Bosque, O

É unha zona de coutadas, campos e vivendas próxima ao lugar do Salgueiro. A palabra *bosque* é relativamente recente no noso país, xa que substitúe na Idade Media a forma latina SILVA 'selva', que pasou a nomear a *silva* ou *silveira (Rubus spp.)* (Navaza Blanco, 2007a).

A forma *bosque*, pola súa parte, procede do occitano *bòsc,* e aínda que desprazou en galego a anterior SILVA latina, tivo no entanto un escaso éxito como nome común. A lingua galega prefire outras formas, xerais ou específicas, para referirse a unha superficie arborada: *carballeira*, *devesa*, *souto*, *pinal*, *fraga* etc. A palabra *bosque* ten nesta comarca escasa presenza e un sentido mesmo pexorativo: 'zona de vexetación intricada, dificilmente transitable'. Representa a antítese da paisaxe cultural (cultivos, soutos xestionados para a produción de castaña, devesas sometidas a podas periódicas, pasteiros naturais, mato rozado e pastado polo gando etc.). Á par da palabra *bosque* encontramos tamén a forma *boscal*, substantivo presente na comarca miñorana.

▶ Candea, A

Parcela agrícola estreita, hoxe urbanizada, que se situaba na cabeceira das leiras de *A Caeira*, na Poba.

En Candeán, como noutras moitas partes de Galiza, *candea* é o nome que recibe a inflorescencia 'conxunto de flores' do castiñeiro. No concello veciño de Mos, no entanto, as *candeas* son as acículas ou follas de piñeiro. Para nomear a *frouma* do piñeiro, en Candeán existe unha forma distinta: *espiñaceiro*. A palabra *candea* ten ademais outras acepcións no noso país, como '*pondón* do millo' ou 'inflorescencia de abeleira, bidueiro e outras especies'.

A palabra *candea* deriva do latín CANDELA 'cirio', que á súa vez está relacionada con CANDERE 'arder, prender lume' (Navaza Blanco, 2007a). Os materiais vexetais que reciben o nome de *candea* teñen unha característica común: a súa textura é moi fina, e unha vez secos resultan moi axeitados para iniciar o lume. O topónimo *A Candea* podería sinalar unha zona onde veciños e veciñas facían provisión deste recurso.

O nome *candea* pode referirse tamén a unha candea ou cirio, de acordo co significado orixinal que ten esta palabra en latín. As *candeas* constitúen o elemento central da celebración do día 2 de febreiro da Virxe da Candeloria. Neste día era tradicional na parroquia de Candeán facer grandes fogueiras, as chamadas *candelorias*, mentres que na festividade de San Xoán estas luminarias (tan frecuentes nas parroquias do contorno) apenas se prendían.

▶ Cañoteira, A

Terras de cultivo situadas na Goleta, a carón do núcleo habitado. Na cabeceira destes campos encóntrase **A Casa de Margarita da Cañoteira**.

O xenérico *cañota*, de uso frecuente na comarca, designa un 'toro groso e retorto dunha árbore' (que pode ser aproveitado para leña, pero non para madeira), e con maior frecuencia as 'partes que restan dunha árbore despois de ser pinchada' (base do tronco e raíces). Noutras partes de Galiza, a palabra *cañota* tamén se utiliza como sinónimo de *caracocha* ou *cachopa* 'tronco de castiñeiro, carballo ou outra frondosa moi groso e medio seco'. Troncos que adquiriron esa conformación polas podas periódicas ás que eran sometidos (as chamadas *demoucas* ou *derrames*). Pero tamén pode referirse ao *cano* cortado de verzas ou cereais (millo, trigo etc.) unha vez que foron apañados os froitos.

Cun sentido semellante a *cañota* temos a palabra *cañoto*, rexistrada tamén en Candeán. Existe, non obstante, unha terceira forma relacionada, *canoto*, que se ten encontrado especialmente no interior de Galiza. Ademais de designar certos paus delgados, dá nome tamén aos canos de diversas hortalizas e cereais, como verzas, trigo, millo e algunhas especies de caules tan finos como a planta do liño, ou mesmo a parte córnea dunha pluma. Esta última variante aseméllase máis á que podería ser a forma orixinal latina deste topónimo CANNA 'cana'. Precisamente, a palabra *cañota* presenta o que podería ser un trazo de castelanismo, pois o galego conserva nestes casos a consoante 'n'

e non a troca por un 'ñ' como fai o castelán *(cana/caña)*. A toponimia portuguesa podería de feito non rexistrar este topónimo (Navaza Blanco, 2006). En todo caso, de tratarse dun castelanismo, a súa introdución no galego foi moi temperá, pois a palabra *cañota* xa aparece documentada no noso país no século XV.

Ademais de *cañota*, na parroquia de Candeán existe así mesmo a variante *cañoto*, que aparece nun topónimo do Monte Pequeno que non foi localizado: **O Cañoto**; tamén está presente como alcume familiar **(Os Cañotos**, **As do Cañoto)**.

▶ Carballeira, A

É un xenérico moi usado en galego que designa, como sabemos, un bosque ou un conxunto de carballos. A palabra prerromana *carballo* deriva posiblemente dunha voz CARBA sucedida dun sufixo -ALIU. O nome latino do carballo é ROBORE, e deu lugar a outro grupo de topónimos distinto entre os cales se encontraría a forma *Reboreda* (véxase *O Cerqueiro*).

Co nome *carballo* desígnanse varias especies distintas de *quercíneas* 'árbores produtoras de landras' de folla caduca, sobre todo a especie *Quercus robur*. Outro carballo que tamén foi mencionado por algúns informantes é o cerquiño *(Quercus pyrenaica)*, pero este é moi escaso nesta área xeográfica e polo contrario abundante no interior de Galiza, en zonas de influencia mediterránea (véxase *O Cerqueiro*). A diferenza de *carballo*, *cerquiño* procede da palabra latina QUERCUS, nome xenérico que engloba todas as especies de carballos, ademais de sobreiras e de aciñeiras.

O carballo é con diferenza a especie máis representativa do bosque autóctono na maior parte de Galiza, incluídas as Rías Baixas. Aquí aparece acompañada por outras árbores que medran en menor número, como a sobreira *(Quercus suber)*, a pereira brava *(Pyrus cordata)* e o loureiro *(Laurus nobilis)*. As sucesivas deforestacións que se produciron neste territorio desde o Neolítico transformaron a maioría destas carballeiras en terras de cultivo, así como en pastos leñosos de mato atlántico. Aínda así, o carballo continuou sendo unha especie indispensable para o provisionamento de leñas, madeira para a construción, mangos de ferramentas, froitos e outros moitos recursos. De modo que sempre se conservaron exemplares illados en propiedades particulares, e rodais e pequenos bosques de carballos denominados

devesas, que en moitos casos foron substituídos posteriormente por árbores de crecemento rápido como piñeiros e eucaliptos.

A pesar do común que resulta na fala popular a palabra *carballeira*, esta deixou escasos rastros na toponimia de Candeán. Quizais este feito sexa debido, precisamente, á existencia dun xenérico *devesa* que presenta un significado moi semellante a *carballeira*.

A Carballeira (en plural **As Carballeiras**) é unha zona de cultivo próxima á Lagoa (A Rabadeira), preto das coutadas das Pedriñas. No antigo límite das parroquias de Candeán e Cabral, nos Currás, existía a chamada **Carballeira** ou **Carballeira do Picos**.

▶ Carballiño, A Fonte do

Está situada no norte do barrio da Igrexa, entre coutadas e terras de cultivo. *Carballiño* é diminutivo de *carballo*. O topónimo refírese posiblemente a un pequeno carballo que existía nas proximidades do manancial. Quizais teña relación co topónimo «Fuente do Carvallo», que aparece mencionado no Catastro de Ensenada como nome duns terreos de monte e regadío propiedade dun veciño do lugar da Igrexa. Vinculado co mesmo lugar aparece tamén no citado documento un «Carvallo Zerrado».

Véxase *A Carballeira*.

▶ Carballo de Xan Méndez

Os carballos centenarios son exemplares singulares de gran tamaño que destacan na paisaxe e constitúen por si mesmos fitos xeográficos que reciben un nome propio. Estes nomes aluden ao santuario ao que están consagrados *(O Carballo de Santa Mariña*, *O Carballo de Santa Margarida)*, ao pazo ao que están vinculados *(Carballo do Pazo de Cartelos*, *Carballo da Casa do Herdeiro)*, ao núcleo rural onde se encontran *(O Carballo do Pelete)* ou a algunha característica destas árbores (como o caso do desaparecido *Carballo das Cen Pólas*). Algúns recibían o nome feminino de *carballa* 'carballo de grandes dimensións'. Pero outros tomaron o nome do seu propietario ou da persoa que o plantou. Este sería o caso do *Carballo do Vello* (Chandebrito, Nigrán), *O Carballo de Martiz* (Amoedo, Pazos de Borbén) ou en Candeán, do *Carballo de Xan Mendes*.

O Carballo de Xan Méndez erguíase sobre **O Camiño de Xan Méndez** que conducía á súa vez á **Casa de Xan Méndez**. Situábase na encrucillada que existe sobre O Regueiro, na Fonte Escura, cando neste lugar apenas existían edificacións e aínda se conservaba unha pequena *devesa* de carballos e castiñeiros ao seu carón, chamada *O Castañal*.

Véxase *Carballeira*

▶ Carrasqueiro, O

Coutadas que se localizan sobre A Freiría. Reciben ademais os nomes de **A do Carrasqueiro**, **As Coutadas do Carrasqueiro** e **A Coutada dos Carrasqueiros**. Baixo este terreo forestal existen uns prados coñecidos como **Os Seguedos do Carrasqueiro**.

Carrasqueiro é unha forma derivada de *carrasco*, nome xenérico de diferentes especies da familia das ericáceas. Non resulta frecuente que estas plantas reciban nomes específicos, pero na área comprendida entre A Ría de Vigo e O Baixo Miño puidemos recoller algunhas destas formas, como *carrasco macho (Calluna vulgaris)* e *carrasco femia* ou *carrasco de arroio (Erica ciliaris)*. Nas parroquias do concello de Vigo tamén existe a forma *carrasca*, pero esta refírese a outra familia vexetal distinta: a das cistáceas. Así, 'carrasca blanca' é o nome que recibe en Comesaña a especie *Cistus psilosepalus*, de rechamantes flores brancas.

Carrasco, *carrasca*, *carqueixa*, *carrameixa* e outros nomes de pequenas plantas de base leñosa e hábitats montesíos comparten unha mesma raíz KAR-, de orixe preindoeuropea, que podería referirse a unha «planta de terreno fragoso, de roca, planta dura» (Rivas, 1982: 77).

Castañal, O

Topónimo que encontramos en Cabral preto dos límites parroquiais de Candeán, fronte a castro de Codeside. Pero tamén está presente en distintos puntos da parroquia:

— **Castañal** (na Regueira, A Fonte Escura).
— **Castañal** (nos Cocheiros, A Rabadeira).
— **Castañal** (en Subride).

Do latín CASTANEALE (> CASTANEA 'castiñeiro') deriva o galego *castañal*, que designa un lugar cuberto de castiñeiros (Navaza Blanco, 2006). Esta

forma resulta pouco común en Galiza, excepto na zona suroccidental (Navaza Blanco, 2011).

A palabra *castañal* é un xenérico que permanece vivo na fala de Candeán. Semella presentar un significado distinto a *Souto*. Así, mentres un *souto* é unha masa de castiñeiros destinada á produción mixta de froito, leña e madeira, un *castañal* era unha superficie ocupada por *cañotas* de castiñeiro vivas, pero que carecían de tronco. As varas ou pólas que brotaban periodicamente do pé destas árbores cortábanse en ciclos de cinco anos. En Cabeiro traballaban numerosos artesáns cesteiros que demandaban este produto. Acudían a estas plantacións na procura de materia prima, que transportaban en carros de bois ata a parroquia redondelá. O destino destas varas, que se deixaban a amolecer en auga e fendían posteriormente en forma de láminas, era a elaboración de cestos.

Véxase *O Souto*.

▶ Castiñeira, A

A variante de castiñeiro *castiñeira* pode designar un pequeno souto, certas variedades de castiñeiro de menor porte do habitual, ou ben que producen certo tipo de castañas alongadas. Non obstante, tamén pode ter unha orixe antroponímica, ao nomear as propiedades dunha persoa de apelido *Castiñeira*. Este semella ser o caso dos topónimos de Candeán que conteñen esta forma, situados todos eles arredor dos Cocheiros e, para sermos máis precisos, á **Casa da Tía Pilar da Castiñeira**, **A Casa da Castiñeira, O Lugar da Castiñeira, A Devesa da Castiñeira** e **A Esqueiriña da Castiñeira**.

▶ Centeeira, A

Topónimo que se repite en tres lugares distintos da parroquia de Candeán:

— **As Centieiras**, **As Centieiras de Arriba** e **As Centieiras de Abaixo** (baixo a Torre dos Mouros).
— **A Cintieira**, chamada tamén **Cintieiras** ou **Centieiras** (na Lomba).
— **A Centeeira** (coñecida tamén como **Centeeiras** ou **Centieiras**) e **O Camiño das Centieiras** (no Caeiro, actualmente na parroquia de Cabral).

Aparece ademais rexistrado no Catastro de Ensenada como «Zentieyra» ou «Zenteeyra».

Os cultivos de *centeo (Secale cereale)* sitúanse polo xeral en superficies marxinais, fóra das mellores terras agrícolas. O centeo é un cereal de secaño moi resistente ao frío e adaptado aos solos pobres, que foi plantado con frecuencia en zonas montañosas do interior de Galiza, onde tivo moita importancia na alimentación das comunidades labregas. De feito, é coñecido en moitos lugares co nome de *pan*. Xunto do trigo, foi un compoñente fundamental das *estivadas*, cultivos de cereais de secaño que se realizaban en terras de monte comunal que se cavaban, queimaban e sementaban periodicamente.

O nome *centeo* deriva do distributivo latino CENTENUM (do numeral CENTUM). Pois segundo declaraban Plinio e Santo Isidoro: «un rende un cento», aludindo á extraordinaria produción deste cereal (Navaza Blanco, 2006: 195). A forma *Centeeira* provén en concreto de CENTENARIA, CENTENARIU (> CENTENUM).

A planta do centeo proporcionaba a chamada *palla centea* ou *colmo*, compoñente fundamental das antigas cubertas vexetais ou *colmados*. Con todo, a función principal do centeo foi a produción de gran para o consumo humano, destinado en particular á elaboración de pan: «Centeno, especie de cereal bastante comun, cuyo grano hace buena mezcla con el trigo y con el maiz tambien, principalmente si se le añade una sesta ú octava parte de mijo menudo y panizo» (Rodríguez Gil, 1863).

▶ Cerdeira, A

Nome común de *Prunus avium*, árbore caducifolia que medra de maneira espontánea nos bosques do interior de Galiza, pero que podemos encontrar plantada en terras agrícolas de todo o país, como árbore froiteira. Dispersados os seus froitos polas aves, podemos encontrar cerdeiras naturalizadas nalgúns montes do concello de Vigo, en escaso número.

En Candeán recibe o nome de *cerdeira*, aínda que noutras parroquias viguesas é coñecida tamén como *cereixeira*, forma afín ao portugués *cereijeira*. O nome desta árbore deriva do seu froito, a *cereixa*, chamada en latín vulgar *ceresia* (> latín clásico CERASIUM 'cereixa, froito comestible da cerdeira, de tipo drupa'). A denominación antiga da árbore, *ceresaria*,

evolucionaría nalgúns casos a *cerzeira*, forma precursora de *cerdeira* (Navaza Blanco, 2006).

Rexistramos en Candeán tres topónimos que conteñen a palabra *cerdeira*:

— **As Cerdeiras** (ao pé do castro de Codeside).
— **Chan da Cerdeira** (na Fonte Escura).
— **A Cerdeira** (no Monte Pequeno).
— Existiría ademais un topónimo non localizado **A Cereixeira**, que apuntaría a unha posible convivencia na parroquia de Candeán das formas, *cerdeira* e *cereixeira*.

▶ Cerqueiro, O

O Cerqueiro (en plural **Os Cerqueiros**) era unha superficie agrícola, hoxe parcialmente urbanizada, que se encontra baixo o antigo núcleo de Rabodeasno. No Catastro de Ensenada aparecen varios topónimos con este nome, incluíndo parcelas de cultivo e coutadas. Ás veces estes topónimos presentan xénero feminino, vacilando entre as formas *Cerqueiro* e *Cerqueira*: «A Coutada da Zerqueira» (ou *Cerqueira*) ou «Coutada de Zerqueiro» e «Campo de Zerqueiro». Quizais estas *Coutadas do Cerqueiro* ou *da Cerqueira* se situaban nas proximidades da actual *Devesa do Muíño*.

Este topónimo podería ser un derivado de *cerca*, «construción feita con estacas ou outro material coa que se cerra unha propiedade» *(Dicionario da Real Academia Galega),* pero o máis probable é que proceda da forma latina CERQUARIU/CERCARIU, de QUERCUS 'carballo, aciñeira ou sobreira, árbore produtora de landras'.

Cerqueiro é un dos nomes que recibe en galego a árbore *Quercus pyrenaica*. Tamén é coñecido como *carballo negral*, *carballo mouro*, *rebolo* e *carballo cerquiño*, entre outros. Precisamente, esta última forma *(carballo cerquiño)* escoitámola nunha ocasión en boca dun veciño de Candeán, e está presente ademais noutras parroquias do concello de Vigo. As variantes *cerquiño*, *cerqueiro* e *cerqueira* (derivadas de QUERCUS) están rexistradas na fachada atlántica galega, mentres que as outras formas serían máis propias do interior do país. No lugar de Prado (Gondomar) rexistramos ademais a forma *carballo cerqueiro*, e o carballo común recibe o nome de 'carballo blanco'.

O cerquiño *(Quercus pyrenaica)* é un carballo de follas *marcescentes* (unha vez secas, continúan prendidas nas pólas durante meses). É o carballo máis frecuente nas comarcas do interior de Galiza que presentan un clima de influencia mediterránea, e temperaturas moi contrastadas no verán e no inverno. En zonas litorais ten, no entanto, escasa presenza en comparación co carballo común *(Quercus robur)* e mesmo coa sobreira *(Quercus suber)*. Sorprendentemente, forma pequenos rodais nas zonas máis secas das nosas costas (é o único carballo autóctono das illas Cíes). Porén, moitos destes exemplares son en realidade híbridos de carballo e cerquiño *(Quercus x andegavensis)*.

Na Parachán, preto do Cerqueiro, existían exemplares illados de *carballo cerquiño*, tal e como nos explica unha veciña. Estes carballos eran moi valorados na celebración de rituais de cura de crianzas herniadas, que non podían andar. Noutras partes de Galiza dicíase que estes rapaces e rapazas estaban afectados polo enganido ou tangaraño. Escollíase para tal fin un cerquiño novo, de pequeno tamaño:

Unha noite acudían ao lugar tres mulleres de nome María e tres homes chamados Xan. Fendían o cerquiño polo medio e abríano en dúas metades. Ás doce da noite situábanse os homes a un lado da arboriña, e as mulleres en fronte. Un home pasaba o neno sobre a rachadura do cerquiño e ofrecíallo a unha muller:

—Toma, María!

—Que me dás, Xan?

—Douche un neno eivado, quero que mo deas san.

Repetían a operación un total de nove veces. Cando remataban, xuntaban as dúas partes do cerquiño, atábannas e embadurnábanas de barro. Logo daban boa conta da comida e bebida que dispuxeran previamente sobre un mantel no chan, tendo bo coidado de non deixar nada sen comer. Se, pasado un tempo, o cerquiño se recuperaba da operación e soldaba era sinal de que o neno/a estaba sandado.



Cerquiño (*Quercus pyrenaica*)

▶ Ceviñeiro, O

É unha área de cultivos e coutadas situada entre A Igrexa e O Salgueiro, que xa aparece incluída no Catastro de Ensenada cos nomes de «Zebiñeiro», «Zibiñeiro» e «Zibiñeira». A recollida de campo deparou ademais as seguintes formas: **Ceviñeiro** ou **Os Ceviñeiros**, **Os Ceviñeiros de Arriba**, **Os Ceviñeiros de Abaixo**, **O Ceviñeiro Largo, O Ceviñeiro Corto**, **O Camiño do Ceviñeiro**, **A Presa dos Ceviñeiros** e **As Coutadas dos Ceviñeiros**.

Ceviñeiro alterna na fala local con **Zuviñeiros**, **Civiñeiros**, **Zoviñeiros**, **Ceviñeiros** e **Aceviñeiros**. Esta última é precisamente a que mellor conserva a forma orixinal da cal derivan todas as demais: *Os Aceviñeiros*. *Aceviñeiro* é un derivado con sufixo *-eiro* de *aceviño*, unha das numerosas variantes que presenta en galego o nome da árbore denominada cientificamente *Ilex aquifolium*, coñecida no noso país como *acevo*, *acevro*, *acivo* ou o normativo *acivro*. No suroeste de Ourense e sur da provincia de Pontevedra recibe o nome de *aceviño*, análogo ao portugués *azevinho*. Outros topónimos que practicamente

comparten a mesma forma son *O Aceviñeiro* e *Os Aceviñeiros*, que se localizan nos concellos ourensáns de Lobios, Muíños e Verea. *Aceviño* é por outro lado o diminutivo de *acevo*, unha das variantes que mencionamos antes.

O *aceviño* é unha pequena árbore de follas perennes, ríxidas e bordeadas de espiñas (sobre todo as inferiores). É moi frecuente en zonas montañosas, onde se observa en gran número mesturado con carballos e outras árbores frondosas autóctonas nas devesas de altura. Tamén aparece salpicando as urceiras e as orlas forestais que bordean este tipo de bosques. Na costa rarea bastante, e resulta moi escaso nos montes que rodean a cidade de Vigo. A presenza no pasado dun exemplar de *aceviño* nesta parte da parroquia de Candeán deu nome posiblemente a estes regadíos e coutadas.

Os exemplares femininos da especie presentan uns froitos vermellos na madurez, que contrastan vivamente co verde escuro e lustroso das follas. Desde hai décadas, existe unha forte demanda destes ramos durante a época de Nadal, comercio que conduciu a un exceso de explotación destas árbores (afectando especialmente os *aceviños* de xénero feminino). Esta situación levou a que no ano 1984 a Xunta de Galicia emitira unha orde que declaraba o acivro como a primeira especie protexida pola lexislación autonómica, orde que foi derrogada no ano 2018, e despoxou o acivro da protección legal da que gozaba.

A rareza do *aceviño* nos montes periurbanos de Vigo supliuse coa substitución desta especie pola *xilbarbeira (Ruscus aculeatus)*, que presenta unhas falsas follas igualmente ríxidas e escuras, rematadas nunha punta aguda, e (nos exemplares femininos) unhas bagas vermellas semellantes ás do acivro. Este pequeno arbusto, que medra especialmente baixo carballos e sobreiras, sufriu igualmente a presión do comercio no Nadal.

A palabra *acivro* deriva do latín AQUIFOLIUM 'acivro'. A evolución foi semellante á que experimentou a voz *trevo* (de TRIFOLIUM) (Navaza Blanco, 2006: 36).

▶ Codeside

O topónimo *Codeside* componse da raíz *codeso* mais un sufixo abundancial *-ide* (de *-ido*). Como *Codesedo* e *Codeseda*, significa 'terreo onde abundan os codesos'. O substantivo *codeso* provén á súa

vez do latín vulgar CUTISUS, derivado do clásico CYTISUS (Navaza Blanco, 2006: 219).

Codeso é o nome que recibe en galego un arbusto da familia das leguminosas, que garda unha certa semellanza coas *xestas* ou *xiestas* (que precisamente teñen como nome científico *Cytisus spp.*). No entanto, o nome científico do codeso é outro: *Adenocarpus lainzii*. Medra en beiras de camiños e leiras agrícolas, con frecuencia ricas en nitróxeno, e pode cubrir por completo campos de cultivo abandonados. Existe en Galiza unha segunha especie de codeso moi parecida á anterior, *Adenocarpus complicatus*, pero esta aparece nas orlas forestais e carballeiras aclaradas do interior.

O Codeside (tamén chamado **Monte de Codeside** ou **Coutadas de Codeside**) é o nome dunha elevación do terreo que se sitúa na marxe dereita do río de San Cristovo, modelada durante a Idade de Ferro, onde se encontran os restos dun poboamento castrexo. Vinculados con este espazo encontramos os topónimos **O Camiño de Codeside**, **A Cruz de Codeside**, **Os Campos de Codeside**, **Coudeside de Abaixo** e **O Río de Codeside** (un dos moitos nomes que toma o río de San Cristovo).

Ademais de *Codeside*, escóitanse tamén en Candeán as variantes **Cudeside,**[3] **Coudeside** e **Codecide**. No Catastro de Ensenada o sufixo *-ide* («Codezide», «Codeside») alterna con *-ido* («Codezido»).



A Cruz de Codeside, situada aos pés do castro

[3] A forma *Cudeside* débese a un fenómeno de harmonización vocálica: o *o* átono pecha en *u* pola presenza dun *i* tónico.

▶ Coutada do Trigo, A

Coutada da Parachán que linda co *Penedo do Gato*, coñecido punto de referencia da parroquia de Candeán. Nesta superficie cultivábanse cereais de secaño, concretamente centeo e trigo, como lembra aínda a veciñanza. Resulta clara polo tanto a orixe deste topónimo. A palabra *trigo* procede do nome xenérico latino desta planta TRITICUM (de TRITUM, participio de TERERE 'mallar') (Marqués Valea, 2004: 403).

Diversas especies e variedades de trigo *(Triticum spp.)* foron sementadas ao longo da nosa historia debido ao seu alto valor nutricional e serviron de base para elaborar pan, ben en forma pura, ben mesturado con outros cereais. O seu cultivo está amplamente documentado no norte peninsular durante a Idade de Ferro (Torres Martínez, 2005: 228).

No Catastro de Ensenada non aparece este topónimo, pero si «A Trigueira» ou «As Trigueiras». É posible que se corresponda co mesmo lugar, pero non temos plena certeza.

▶ Coutada dos Carballos, A

Está situada na Parachán.

Véxase *A Carballeira*.

▶ Cudosal, O

Este topónimo localízase nunha zona de coutadas que existe sobre A Rabadeira. A única forma que recollemos sobre o terreo foi **O Cudosal**. Podería tratarse dunha alteración dunha forma orixinal **O Codesal**. Xa vimos anteriormente que o topónimo *Codeside* pode presentar a variante *Cudeside,* por efecto da harmonización vocálica. *Codesal* é unha forma derivada de *codeso* que incorpora o sufixo -ALE. O seu significado é o mesmo ca o doutros topónimos abundanciais referidos ao mesmo arbusto visto anteriormente, como *Codeside*, *Codesedo* e *Codeseda* 'lugar poboado de codesos'.

Porén, a labialización do *e* átono de *Codesal* en ausencia de labiais ou de bilabiais semella estraña, polo que non podemos desbotar unha etimoloxía distinta para este topónimo, descoñecida para nós.

Véxase *Codeside*.

▶ Devesa, A

No Catastro de Ensenada rexístrase a existencia dunha casa terreña con horta no lugar de *A Devesa*, ademais de terras de secaño e monte. Os seus propietarios residían en Erminde e no propio lugar da Devesa. O traballo de campo revelou a existencia dun total de sete lugares que comparten o nome de *devesa*:

— O actual barrio de **A Devesa**, chamado tamén **A Dovesa.**[4] En relación con este lugar existen tamén os topónimos **O Camiño da Devesa**, **As Presas da Devesa**, **O Pilón da Devesa** e **Os Campos da Devesa**.
— **A Devesa** (na Fonte Escura). Denominada tamén **A Devesa do Rei**.
— **A Devesa do Muíño** (preto de Parada, en Cabral).
— **A Devesa** (en Erminde).
— **A Devesa**, **A Chan da Devesa**, **A Devesa Nova**, **Os Campos da Devesa Nova** e **A Presa da Devesa Nova** (todos eles situados ao norte do Salgueiro, sobre o camiño do Cocho do Lago).
— **A Devesa da Castiñeira** (na Esqueiriña). Neste caso, semella tratarse dunha antiga carballeira particular ou coutada propiedade da Casa da Castiñeira (Os Cocheiros).
— **A Devesa** (na Freiría).

O topónimo *Devesa* é moi frecuente en Galiza. Deriva da forma latina DEFENSA, participio do verbo DEFENDERE 'defender, prohibir, vedar' (Navaza Blanco, 2011: 38). Refírese a superficies orixinalmente arboradas, sometidas a prohibicións ou limitacións de uso. O Padre Sarmiento apunta como orixe posible do topónimo a expresión «Terra Defensa» (Sarmiento, 1970). Tratábase de antigos espazos de uso comunal que a partir do século XV foron apropiados por parte da monarquía, que aínda que permitiu a continuidade de certos aproveitamentos tradicionais (como o caso do pastoreo), por outro lado prohibiu outros como a extracción de leña e madeira, que pasou a estar reservada a certos sectores estratéxicos do reino como a construción naval. En moitos casos, os topónimos actuais conservan aínda esa antiga vinculación coa monarquía, denominándose en moitos casos

[4] Na fala común a palabra *devesa* pronúnciase con frecuencia como *dovesa* debido a un fenómeno de labialización (desprazamento do punto de articulación dun fonema).

como *Devesa do Rei*. Temos rexistrada esta forma na *Devesa do Rei* da Fonte Escura, así como nas formas *O Pinal do Rei* e *O Lugar do Rei* no barrio da Devesa. Moitas destas antigas propiedades reais pasaron co tempo a mans particulares.

Pensamos que, nun primeiro momento, estas devesas tiveron como especie principal o carballo *(Quercus robur)*, pois as plantacións de piñeiros, procedentes de Portugal, non se comezarían a realizar ata o século XVII. No traballo de campo puidemos comprobar como algúns veciños e veciñas da parroquia continúan a empregar a forma *devesa* como xenérico, co significado de 'carballeira de propiedade particular'.

▶ Espadanal, O

Zona agrícola situada baixo As Cales, coñecida tamén como **O Espadenal** ou **Espedenal**. Pode accederse a ela desde A Lagoa, a través do **Camiño do Espadanal**. É un derivado colectivo en -ALE de *espadana*, palabra aínda viva na parroquia de Candeán, coa que é designado o lirio de auga *(Iris pseudacorus)*. Este topónimo xa aparece recollido no Catastro de Ensenada, coas mesmas formas que se rexistran na actualidade: «Espadanal» e «Espadenal».

Deriva do latín SPATHA 'espada'[5] (Navaza Blanco, 2006: 343) e o sufixo -ANNA, que para algúns autores sería un hidrónimo celta co significado de 'pantano' (Silgo Gauche, 2013:42). De ser correcta esta etimoloxía, a palabra *espadana* traduciríase literalmente como 'espada de pantano, espada de auga'. Sabemos que, efectivamente, as plantas que reciben en galego o nome popular de *espadanas* presentan unhas follas largas e longas con aparencia de espadas. Ademais, trátase polo xeral de especies acuáticas con follas semellantes entre si, malia que taxonomicamente non están emparentadas e presentan polo tanto flores e frutificacións moi diferentes.

Reciben o nome de *espadana* as seguintes especies:

— As tifáceas, en especial *Typha latifolia*, que presenta unhas follas máis largas. No concello de Vigo tamén podemos encontrar a especie *Typha angustifolia*, que como o seu propio nome

[5] En parroquias viguesas como Sárdoma, Beade, Castrelos ou Freixeiro a *espadana* recibe o nome popular de 'espada'. Desta forma deriva o topónimo *As Espadeiras*, situadas en Freixeiro, nas ribeiras do río Lagares.

científico indica ten unhas follas máis estreitas, e é tamén máis escasa. Ademais de *espadana*, recibe tamén o nome de *palla real*. Habita en brañas e zonas encharcadas solleiras, con pouca profundidade de auga.

— Plantas do xénero *Iris* (lirios). Incluídas dentro da familia das iridáceas, as especies do xénero *Iris* son polo xeral terrestres. Algunhas delas distribúense a través de áreas de montaña. En Vigo encontramos dúas especies deste xénero; unha delas medra no litoral, sobre solos areosos: *Iris foetissisima (*a *espadana fedorenta)* (García Martínez, 2008). Porén, o nome *espadana* aplícase normalmente a unha especie acuática: a *espadana amarela (Iris pseudacorus)* (García Martínez, 2008) coñecida tamén como *lirio bravo*. Trátase dun lirio de grandes e atractivas flores amarelas que habita en lagoas, charcas e beiras de ríos e regatos, que soporta ben a sombra dos amieiros e outras árbores de ribeira.

O Espadanal sería o lugar onde medraban as espadanas. O nome de *espadana* refírese neste caso á espadana amarela *(Iris pseudacorus)* ou ben á *palla real (Typha latifolia)*. Os campos de *O Espadanal* non están situados nas ribeiras de ningún curso de auga natural ou braña, pero iso non significa que non puideran aparecer estas especies, pois tamén poden medrar en regos de condución de auga. Precisamente, o núcleo rural máis próximo chámase As Cales, nome que deriva da existencia de canles de regadío tradicionais.

Entre os lugares de Rabodeasno (Candeán) e O Canto (Cabral), nas ribeiras do río de San Cristovo, existe unha superficie agrícola denominada **A Espadana**, que se localiza na marxe esquerda do río. Neste caso non existen dúbidas sobre a idoneidade do lugar como hábitat de calquera destas dúas especies.



Espadana (Iris pseudacorus) en flor, nas marxes do río de San Cristovo

▶ Estripeiro, O

É unha extensión de monte próxima ao Vixiador atravesada polo camiño que ascende da Esqueiriña á Pedra Longa. Comprende unha zona de propiedade comunal denominada **O Estripeiro** ou **O Monte do Estripeiro**, mais unha superficie de parcelas particulares: **As Coutadas dos Estripeiros** ou **Os Estripeiros**.

Estripeiro é o nome galego e portugués dunha arboriña caducifolia moi ramalluda e con espiñas: *Crataegus monogyna*. A diferenza da pereira brava, o estripeiro ten as follas divididas en lóbulos e os seus froitos son unhas bagas pequenas e comestibles de cor vermella e forma arredondada. O porte deste arbusto ou pequena árbore é moi semellante ao que presenta a pereira brava *(Pyrus cordata)*, de aí que en moitos lugares (incluídas as parroquias de Vigo) esta última reciba tamén o nome de *estripeiro*, e xérase así unha gran confusión entre estas dúas especies da familia das rosáceas.

A palabra estripeiro procede do latín STIRPE, mais un sufixo -ARIU. STIRPE é a 'parte soterrada dunha árbore, o canoto coas súas raíces', mais tamén significa *esgallo* (quizais pola súa relación co elemento enraizado dun enxerto, o *patrón*). O *estripeiro* adquiriría o seu nome por ter sido usado como patrón para enxertar algunhas variedades cultivadas de pereira (Navaza Blanco, 2006).



Follas de estripeiro (*Crataegus monogyna*) no Sorrego

▶ Fabal, O

O Catastro de Ensenada menciona a existencia dunha casa terreña no lugar de «O Faval», vinculada con terras de regadío, monte e devesa. Na recollida de campo rexistramos os seguintes topónimos, próximos todos eles entre si e situados ao norte da Igrexa: **O Fabal** ou **Os Fabales**, **As Presas do Fabal**, **O Camiño do Fabal**, **Os Campos do Fabal**, **Os Fabales de Arriba**, **Os Fabales de Abaixo** e **As Coutadas do Fabal**.

O Fabal é un topónimo que deriva da palabra galega *faba (Vicia faba)*. Esta conserva a forma latina orixinal FABA, nome que recibía esta planta. É un legume de gran valor nutricional que foi cultivado na península ibérica desde o Neolítico e foi durante a protohistoria ou prehistoria recente un cultivo xeneralizado na Europa occidental. É un compoñente básico de calquera horta familiar, que pode ser secado e almacenado durante un tempo sen estragarse (Torres Martínez, 2005:

230). Tense apuntado a posibilidade de que algúns topónimos co mesmo nome poderían referirse a outras especies semellantes á faba, pola forma que presentan as súas follas ou froitos (Marqués Valea, 2004). Sen desbotar esta opción, pensamos que é moi probable neste caso que a forma *Fabal* que estamos a ver signifique precisamente 'campo ou horta de fabas', pois xa temos constancia da presenza de cultivos neste lugar desde o ano 1753.

▶ Figueiras, As

Figueira é o nome galego dunha coñecida árbore froiteira: *Ficus carica*. É cultivada polos seus froitos, aínda que por veces aparece naturalizada entre as rochas da beiramar. *Figueira* procede do latín FICARIA 'árbore que produce figos' (FICUS en latín).

A existencia de figueiras na parroquia de Candeán quedou rexistrada desde antigo na toponimia local, como se desprende do Catastro de Ensenada. Ademais do núcleo habitado de **Figueiras** (Cabral), próximo á Parachán, existen actualmente os seguintes topónimos co nome desta árbore:

— **Figueiras** ou **A Coutada de Figueiras**. A ausencia de artigo nestas dúas formas fainos dubidar da orixe destes topónimos, que poderían non aludir directamente ao nome da árbore, senón ao apelido dun propietario (Navaza Blanco, 2007a).
— **As Figueiras** e **A Poza de Figueiras** (zona agrícola próxima á Lomba).

▶ Folgada, A

A Folgada (ou **Folgadas**) é unha zona agrícola da Goleta onde aínda se conserva algún *seguedo*. Linda cun pequeno regueiro que descende da *Presa dos Cebiñeiros*.

O substantivo *folgada* pode ter diversas acepcións en galego, como 'terras que se encontran descansando ou en barbeito despois dun cultivo' ou 'veigas húmidas dedicadas á produción de herba de prado'. Este último significado foi recollido no veciño concello de Redondela (Monteagudo, 1998). Precisamente, *A Folgada* da Goleta recibía este nome porque «Chamábanlle así porque eran campos que non se traballaban, que estaban pá poñer herba pá o inverno».

Folgada deriva do latín FILICATA 'lugar onde medran os FILICTUS ('fentos')'. Este topónimo está relacionado con outros como *Folgueira*, *Filgueira* ou *Folgoso*, que aluden tamén ás plantas coñecidas popularmente como *fentos*. A voz *fento* refírese polo xeral ao fento común (*Pteridium aquilinum*). Outras especies de pteridófitas que presentan unha disposición distinta dos seus rizomas e follas reciben no contorno de Vigo a denominación xenérica de *fentas*, que pode ir acompañada dun adxectivo descritivo: *fenta miúda*, *fenta do carballo*, *fenta do río* etc.

▶ Laranxeiro, O

Laranxeira é o nome da árbore que produce o froito da *laranxa*. A procedencia deste étimo é sánscrita «narangah» e chega a nós a través do árabe «narang». Con esta denominación foi introducida durante a Idade Media na península ibérica a laranxeira amarga *(Citrus x aurantium)*. No século XVI, os portugueses traen ao continente europeo outra especie afín, a laranxeira da China *(Citrus* x *sinensis)*, de sabor moito máis doce. A laranxeira prospera a baixas altitudes en zonas de clima suave, pois é moi sensible ás xeadas.

O Catastro de Ensenada rexistra no século XVIII as formas «O Laranjeiro», «Laranjeiro» e «Naranjeiro». Na actualidade este topónimo consérvase sobre o barrio da Igrexa, onde existe unha superficie cultivada denominada **O Laranxeiro** ou **A Laranxeira**. Aínda que a forma máis común en Galiza é laranxeira, tamén existe como vemos a variante masculina laranxeiro. Na antiga estrema parroquial de Candeán con Cabral (lugar da Feira) existe ademais unha fonte coñecida como **A Fonte do Laranxo**, **Fonte do Laranxeiro** ou **Fonte do Naranxeiro**, que lle dá nome ademais ao **Camiño do Laranxeiro**. Como podemos comprobar, as formas patrimoniais *Laranxeiro* e *Laranxeira* resisten aínda, fronte o castelanismo *Naranxeiro*.

▶ Lareiral, O

Nome dunha superficie de cultivo que presenta socalcos e pequenas zonas arboradas, situada baixo os lugares da Fonte Branca e do Calvario. Interpretamos este topónimo como un abundancial de *loureiro*. Malia que a forma colectiva máis común en galego de loureiro é *loureiral* (de

loureiro mais un sufixo -ALE) (Navaza Blanco, 2006: 324), pensamos que neste caso se trataría dun derivado da variante 'laureiro', próxima ao latín LAURUS, moi común en textos medievais. Esta forma recóllese tamén na fala actual (Losada, Castro e Niño, 1992), malia que neste caso se trata dun castelanismo inducido pola forma *laurel*.

Aínda que este topónimo semella ter perdido unha das vogais iniciais, podemos rastrexar a súa forma orixinal no Catastro de Ensenada. Neste texto aparece documentada a forma actual «Lareiral», mais tamén as variantes «Loreiral», «Layreiral» e «Louriral», nomes que conservarían o ditongo *lau/lou*. Temos que advertir non obstante que a redución AU>A resulta insólita en galego, polo que non podemos desbotar que o topónimo *Lareiral* presente unha etimoloxía distinta.

O Lareiral ao que se refire este topónimo sería en principio (en ausencia dunha etimoloxía alternativa) unha zona abrigada onde abundarían os loureiros, que poderían presentarse en forma de sebe (ocupando nese caso os valados e as estremas das fincas), ou ben mesturados de maneira natural con carballos.

Véxase *Loureiro*.

▶ Loureiro

Área forestal que comprende monte comunal e propiedades particulares ou coutadas. O Catastro de Ensenada documenta con este nome unha extensa zona de monte «comun deesta parroquia» denominada «O Loureiro» ou «Chan de Loureiro», que presentaba unha extensión de 3000 ferrados (unhas 150 hectáreas), dos cales 1000 eran considerados como «inútiles» (sic). A superficie era de tales dimensións que en realidade debía incluír moitos outros topónimos que non aparecen indicados neste documento. Este monte é atravesado por unha pequena corrente de auga, **O Río do Loureiro**, que formaba nas súas marxes unha zona húmida coñecida como **As Lagoas do Loureiro**.

Os topónimos recollidos no traballo de campo que inclúen a palabra *loureiro* son:

— **O Loureiro**, **A Chan de Loureiro**, **A Lagoa do Loureiro**, **As Coutadas do Loureiro** (chamadas tamén **As Coutadas das Lagoas do Loureiro** ou **As Coutadas do Río Loureiro**) e **O Río Loureiro**.
— **O Loureiro** (campo situado baixo Erminde).

A palabra *loureiro* provén do latín vulgar LAURARIU (Navaza Blanco, 2006: 322), derivada de LAURUS ('loureiro', 'coroa triunfal de loureiro'), que designa a árbore de nome científico *Laurus nobilis*. Como o loureiro das Illas Azores *(Laurus azorica)* e o das illas Canarias e Madeira *(Laurus novocanariensis)*, o noso loureiro é tamén un sobrevivente da antiga *laurisilva atlántica* que cubriu gran parte de Europa no período terciario, cando as condicións climáticas eran de tipo subtropical. Hoxe en día, o loureiro é unha arboriña moi común en cotas baixas próximas ao mar, onde as temperaturas son suaves e a humidade elevada.

Poderiamos pensar que este topónimo se refire a un lugar onde abundaban os loureiros, pero queremos facer dúas observacións: a primeira delas é que alude a unha única planta; a segunda, que a zona se encontra nunha cota próxima aos 400 metros de altitude, onde as condicións non son quizais as óptimas para a especie. O topónimo podería aludir máis ben á presenza dun exemplar illado ou de certas dimensións de loureiro, nun lugar onde este non abondaría.

▶ Maceira, A

O topónimo *Maceira* aparece localizado en tres zonas distintas da parroquia de Candeán:

— **A Maceira** (Fonte Escura). Ata hai unhas décadas era unha coutada poboada de carballos e castiñeiros. Da vexetación orixinal apenas se conserva unha vella cerdeira.
— **A Maceira** ou **As Maceiras**, **A Fonte da Maceira** (campos de cultivo, baixo A Freiría).
— **As Maceiras**, **A Fonte de Maceiras** (barrio situado a carón do *Lugar do Marqués*, baixo A Maleita).

Maceira é o nome que recibe a coñecida árbore froiteira de nome científico *Malus domesticus*, chamada *mazaira* na área oriental de Galiza. En Candeán esta arboriña denomínase *maceira*, aínda que resulta frecuente que nas zonas onde existe seseo adquira o nome de *masanseira*, como acontece noutras parroquias próximas como Coruxo. Con esta denominación alternativa evítanse confusións, ao confluír as formas *maseira* (árbore) e *maseira* (recipiente) (Navaza Blanco, 2007a: 107).

A palabra *maceira* deriva do latín MATTIANARIA. Na documentación histórica dos séculos X e XI aparece con profusión baixo a forma *mazanaria* (Navaza Blanco, 2006: 341).

▶ Maceiriña, A

Maceiriña é o diminutivo de *maceira*. Podería referirse a maceiras de pequeno tamaño, que darían nome a estes lugares. No entanto, dous topónimos que presentan esta forma están situados precisamente nas inmediacións da *Maceira* (Tras do Paso). Sospeitamos que, neste caso, podería tratarse en orixe dunha parcela incluída dentro dun topónimo maior *A Maceira*, que adoptou o nome de *Maceiriña* debido quizais á súa menor superficie, en relación con outros predios próximos. Observamos este fenómeno noutros topónimos da parroquia, como *A Maleita/A Maleitiña* e *A Costeira/A Costiña*.

Encontramos este topónimo no lugar de **A Maceiriña** (Cabral), situado sobre *Os Campos de San Cristovo*. Tamén en Candeán, a carón da Maceira, onde foron recollidos os topónimos **A Presa da Maceiriña** e **A Mina da Maceiriña**.

▶ Millada, A

Reciben o nome *Millada* tres superficies agrícolas na parroquia de Candeán:

— **A Millada** (na Esqueiriña).
— **A Millada** (na Freiría).
— **A Millada** (na Igrexa).

A palabra *millada* deriva de *millo*, voz que provén á súa vez do latín MILIU 'moído'. As sementes da planta orixinal do *millo* moíanse e a fariña resultante consumíase en forma de papas de leite, ou ben mesturábase con outras fariñas para elaborar pan (Torres Martínez: 2005: 225). O cereal que recibiu nun primeiro momento o nome de *millo* era unha gramínea extensamente cultivada en Galiza desde os inicios do período castrexo e posteriormente, durante as idades Media e Moderna (Vázquez Varela, 1993-1994), de nome científico *Panicum miliaceum*. A partir da chegada desde América da especie *Zea mays*, de maior tamaño e grans máis grosos, a acabada de chegar adoptou o nome da especie autóctona, coa que garda un certo parecido. Ademais, substituíu gradualmente a primeira, que ficou relegada a un cultivo marxinal destinado á produción de alimento para as aves.

A especie americana adquiriu a denominación de *millo* ou *millo groso*, mentres que o millo autóctono, para evitar confusións, pasou a chamarse *millo miúdo*, debido ao menor tamaño dos seus froitos.

O topónimo *Millada* aparece rexistrado no Catastro de Ensenada da parroquia de Candeán, en pleno proceso de substitución do millo miúdo polo novo cereal (Rionegro Fariña, 1999), de modo que non podemos determinar con total seguridade cal das dúas especies deu nome a estes topónimos. Porén, observamos que se trata de veigas húmidas situadas nas proximidades de pequenos cursos de auga ou con acceso á auga de regadío. Cremos que estas terras son máis adecuadas para o cultivo de millo americano ou *millo graúdo* ca de millo miúdo, cultivo de secaño que presenta unhas menores necesidades de auga. Por outro lado, as «Respostas xerais ao interrogatorio» do Catastro de Ensenada sinalan que a produción de millo americano en Candeán era de 250 ferrados, fronte aos apenas tres ferrados de millo miúdo, que no ano 1753 xa presentaba, polo tanto, un carácter moi residual.

Por outro lado, Lorena Carrasco e Gonzalo Navaza (2014) sinalan que o topónimo *Millada*, que tamén aparece rexistrado na parroquia de Beade, refírese posiblemente ao millo americano, pois a denominación local da especie autóctona non é millo miúdo, senón *paínzo*.

▶ Nogueira, A

A Nogueira (ou en plural **As Nogueiras**) é unha zona de cultivo composta de varias leiras paralelas. Un camiño que parte desde o centro da Goleta **(O Camiño da Nogueira)** percorre as cabeceiras destes campos.

A palabra *nogueira* deriva do latín vulgar NUCARIA, do latín NUX, NUCIS 'noz' (Marqués Valea: 2004). A nogueira é unha árbore que apareceu en Galiza como especie cultivada durante a Idade de Bronce. A súa expansión correu en paralelo á plantación de soutos e ao cultivo a grande escala de cereal, como revela a análise do pole atopado en diversas turbeiras. Medra en terras agrícolas ricas en nutrientes e, a diferenza da cerdeira e outras especies, non se naturaliza nos nosos montes, onde as condicións dos solos non lle resultan favorables. Ademais da calidade da súa madeira, a nogueira é cultivada sobre todo polo seu froito: a *noz*, froito seco de gran valor nutritivo. Unha vez secas, as noces consérvanse durante meses.

En Candeán recollemos dúas formas distintas de nomear esta árbore: *nogueira* e *anoceiro*. Esta última sería unha variante de *noceira*, forma esta máis común, presente tamén no concello de Vigo. Nas parroquias

do rural vigués pronúnciase con seseo.

Existen en Galiza numerosos nomes de lugar nos que aparece a forma *nogueira*, pero a variante *noceira* non deixou polo contrario ningunha pegada no rexistro toponímico. Esta sería unha proba da súa recente aparición, derivada directamente do nome do froito, a *noz*.

▶ Olmos, Os

Topónimo que se repite en tres localizacións distintas:

— **Os Olmos** (preto da Balanciña, Subride).
— **Os Olmos** (baixo a Fonte do Leria, no Monte Pequeno).
— **A Presa dos Olmos** (próxima á Presa da Pontecela, na Poba).

O Catastro de Ensenada recolle ademais o topónimo «Cocho dos Olmos». *Olmo*, *ulmeiro* e *lamagueiro* son denominacións galegas de dúas das tres especies de árbores ulmáceas que existen no noso territorio. A terceira sería o *lodoeiro* ou *lidueiro (Celtis australis)*, que presenta unhas follas máis alongadas. A palabra *olmo* foi considerada un castelanismo; porén, aparece rexistrada en textos medievais do século XIII, polo que actualmente está aceptada como forma patrimonial (Navaza Blanco, 2006).

Ulmus glabra é un olmo que se distribúe preferentemente polo norte de Galiza e zonas montañosas. Non se encontra nas proximidades de Vigo como especie silvestre; a poboación máis próxima é un pequeno rodal relicto que existe na serra do Suído. Pola súa parte, *Ulmus minor* aparece naturalizado nas áreas máis mediterráneas de Galiza, onde recibe o nome castelán de *negrillo*. Non observamos que medre de maneira espontánea no concello de Vigo, pero si nas ribeiras do río Louro (en moi escaso número), no concello de Mos.

Sospeitamos que a palabra *olmo* non se refire en realidade a ningunha destas dúas especies pertencentes á familia das ulmáceas, senón ao *choupo negro (Populus nigra)*, unha salicácea. Xa dixemos que en Vigo non se observan olmos de maneira natural, polo que é difícil velos plantados nos espazos agrícolas ou nas beiras dos ríos que atravesan as parroquias. Non é este o caso do chopo negro, que aparece con relativa frecuencia nas marxes do río Lagares e nalgúns dos seus afluentes; exemplares que superan en ocasións o metro de diámetro á altura do peito, o que dá unha idea da súa idade. Temos observado o porte columnar característico desta árbore en fotografías antigas de

Balaídos, tomadas nos anos vinte do século pasado. Por outro lado, o topónimo *Os Olmos* repítese en distintos lugares do concello de Vigo, polo que as árbores que lle deron nome deberon ser bastante comúns.

A confusión entre estas especies semella que vén de lonxe. Así, Juan Cuveiro Piñol, no ano 1876, proporcionaba a seguinte definición da palabra *olmo* (Cuveiro Piñol, 1876): 'Árbol que crece hasta la altura de treinta piés, de tronco recto, hojas acorazonadas y de un hermoso verde, flores y frutos en pequeños racimos, que se caen al nacer las hojas: su madera es fuerte, sólida y fácil de labrar y comun en sitios y paseos públicos. Ulmus campestris'.

A descrición non se corresponde con ningún dos olmos que temos en Galiza, que non teñen o tronco recto nin as follas cordiformes; pero si se aproxima bastante á do chopo negro, de porte columnar e follas triangulares ou romboides. No leste de Lugo (Castro de Rei, Pedrafita do Cebreiro) o chopo recibe o nome de *olmo (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués;* Acosta, 1970:27 e Rielo, 1971: 321), e nós mesmos escoitamos esta mesma voz no veciño concello de Nigrán.

▶ Pereira, A

Topónimo que se repite en dúas zonas distintas da parroquia de Candeán:

— **As Pereiras**, **As Pereiras do Río**, **As Pereiras de Abaixo**, **As Pereiras de Arriba**, **O Peirao das Pereiras** (na Parachán).

— **As Pereiras** (na Rabadeira).

Trátase en ambos os casos de terras de cultivo, que xa aparecen rexistradas como tales no Catastro de Ensenada.

Pereira é o nome popular da coñecida árbore froiteira de nome científico *Pyrus communis*, cultivada polo seu froito: a pera. Deriva do latín PIRARIA (Navaza Blanco, 2007a: 106). A pereira brava atlántica (*Pyrus cordata*) habita porén en espazos forestais (carballeiras pouco densas, orlas de bosques etc.). Noméase na comarca como *pereiro* e *perucheiro,* e máis frecuentemente como *estripeiro*. O *pereiro* é unha especie silvestre que produce uns froitos de pequeno tamaño coñecidos como *peros* ou *peruchos*. Está estreitamente emparentado coa pereira cultivada, enxertada con frecuencia sobre o patrón da especie silvestre.

A palabra *estripeiro* dá lugar a frecuentes equívocos, pois realmente este é o nome doutro arbusto espiñento, de aparencia semellante, de nome científico *Crataegus monogyna*.

É coñecida a tendencia da lingua galega a bautizar con nomes femininos as árbores froiteiras, en contraposición coas forestais ou silvestres, que producen con frecuencia froitos de menor tamaño moito menos apreciados, e reciben neste caso denominacións masculinas. Cremos que o topónimo *A Pereira* (en plural *As Pereiras*), que dá nome a estas terras cultivadas da parroquia de Candeán, refírese ás pereiras cultivadas.

▶ Pereiriña, A

Os topónimos **A Pereiriña**, **As Pereiriñas** e **O Camiño da Pereiriña** están situados entre A Igrexa e A Goleta, nunha superficie agrícola próxima a un regato que ten o seu nacemento na *Fonte do Carballiño*.

Pereiriña é diminutivo de *Pereira*; alude posiblemente a unha pequena pereira cultivada que existiría no pasado neste lugar.

Véxase *Pereira*.

▶ Pereiro, O

Zona de cultivo situada ao norte da Rabadeira. Como está composta por varias leiras paralelas, recibe tamén a denominación en plural **Os Pereiros**. Aparece rexistrado no Catastro de Ensenada como «Pereiro» e «Cocho do Pereiro».

Pereiro é un dos nomes galegos da *pereira brava* atlántica ou *cagoteiro (Pyrus cordata)*, pequena árbore autóctona que produce como froito unha periña silvestre denominada *pero* ou *perucho*. Úsase como patrón para enxertar variedades cultivadas de pereira. É confundida con frecuencia co *estripeiro (Crataegus monogyna)*, pero este presenta as follas lobuladas e uns froitos case que globosos, vermellos na madurez.

Véxase *A Pereira*.


▶ Pinal

É un derivado do substantivo singular *pino*, ao que se engadiu un sufixo colectivo *-al*. Designa unha 'plantación de piñeiros'. Como veremos na entrada seguinte, durante o século XVIII a forma castelán *pino* substituíu na fala popular a galega *piñeiro* (véxase *O Pino*).

Pinal e *coutada* son dúas formas que se usan moitas veces en Candeán a modo de sinónimos. Porén, é posible que exista un certo matiz semántico. Quizais o xenérico *Pinal* se refira a formacións máis ou menos recentes de piñeiros e eucaliptos, mentres que as superficies ocupadas por carballos se denominan localmente *devesas*. No Catastro de Ensenada aparece con frecuencia a forma *Coutada*; non é o caso de *Pinal*, que non se menciona en ningunha ocasión. Por outro lado, a variante *Pinal* figura na maior parte dos casos acompañada do alcume dun propietario e resulta pouco frecuente que apareza xunto a topónimos históricos. Este feito reforzaría a nosa impresión de que a forma *Pinal* é relativamente recente.

Os topónimos recollidos na parroquia de Candeán coa palabra *Pinal* son **O Pinal de Añes** (Os Catro Camiños), **O Pinal de Añes** (A Parachán), **O Pinal do Bicho**, **O Pinal dos Brasileiros**, **O Pinal do Urbano**, **O Pinal do Rei**, **O Pinal do Tío Secundino**, **O Campo do Pinal**, **O Pinal do Mequiques**, **O Pinal do Xoubiña**, **O Pinal de Xan Panas**, **O Pinal do General Sanjuán** ou **A Coutada do General Sanjuán**, **O Pinal do Morte** (en Cabral) e **O Pinal de Arbones**.

Véxase *O Piñeiro*.



Piñeiral na Devesa

▶ Pinos, Os

A palabra *pino* resulta máis frecuente en Candeán ca a patrimonial *piñeiro*; tamén aparece a forma colectiva *pinal*, que xa vimos anteriormente. Encontramos topónimos coa palabra *pino* en dous lugares distintos da parroquia de Candeán, así como un alcume familiar (previsiblemente de orixe toponímica) 'do Pino':

— **Os Pinos**, **As Presas dos Pinos** ou **Pozas dos Pinos** e **O Camiño dos Pinos** (en Erminde). No Catastro de Ensenada aparece citada no mesmo lugar unha «Coutada dos Pinos».
— **A Coutada dos Pinos** (na Freiría).
— Como alcume familiar: **A Casa de Paula do Pino** (A Poba), **A Casa de Eugenio do Pino** (Maceiras) e **A Casa de María do Pino** (A Poba).

No Catastro de Ensenada conviven as formas *pinos* («Coutada dos Pinos», «Parachán dos Pinos») e *piñeiro*. É precisamente no século XVIII cando se realizan as primeiras plantacións de piñeiro bravo *(Pinus pinaster)* en Galiza. Quizais o cambio de nome que experimentou esta especie fora consecuencia do novo carácter que adquiriu o piñeiro como árbore cultivada, así como da procedencia exterior das sementes utilizadas nas plantacións. O uso do plural *pinos* en vez da forma singular *pino* podería reforzar ademais a idea dunha evolución na presenza do piñeiro nesta zona, desde a existencia de exemplares illados á formación de pequenas masas puras, denominadas localmente *pinales*.

A forma patrimonial galega *piñeiro*, así como a castelán «pino», derivan do latín PINUS 'piñeiro'.

Véxase *O Piñeiro*.

▶ Piñeiro, O

A forma galega *piñeiro* deriva do latín PINARIU, que á súa vez procede de PINUS 'piñeiro'. As análises do pole sedimentado en depósitos de turba de varios miles de anos de antigüidade, formada en antigas zonas húmidas, revelan que no noroeste ibérico xa existían tres especies distintas de piñeiros antes da aparición da agricultura: o piñeiro silvestre *(Pinus sylvestris)*, o piñeiro manso *(Pinus pinea)* e o piñeiro bravo *(Pinus pinaster)*. Antes da introdución dos piñeiros de

repoboación, os piñeiros bravo e manso deberon ser dúas especies moi escasas, minoritarias fronte a carballos e outras árbores caducifolias, que estaban confinados en zonas litorais. O piñeiro silvestre, pola súa parte, refuxiouse en zonas de montaña, onde as condicións ambientais aínda eran semellantes ás que existían durante os períodos glaciares.

Non é de estrañar, pois, que séculos atrás un exemplar illado ou un pequeno rodal de piñeiros constituíran un punto de referencia na paisaxe, incorporándose á toponimia local. As repoboacións de piñeiros bravos que se realizaron a partir do século XVIII, con semente procedente posiblemente do norte de Portugal, estenderon os piñeirais máis alá da súa área de distribución natural, contribuíndo á regresión das masas de árbores frondosas autóctonas. As primeiras plantacións realizáronse no Baixo Miño e na Alta Limia por parte dos mesmos propietarios e espalláronse a continuación a través das zonas litorais. Naquel entón a madeira de piñeiro tiña moita demanda na industria da salgadura, xa que se utilizaba na elaboración de caixas para o peixe.

Pero foi sobre todo nos anos cincuenta do século XX cando, baixo un réxime ditatorial, as autoridades transformaron os montes comunais en extensos monocultivos de piñeiro e eucalipto. Isto provocou a crise do sistema agrogandeiro tradicional, que tiña no monte un complemento imprescindible.

O Piñeiro é un topónimo que aparece nun único punto da parroquia de Candeán, situado sobre A Freiría, e cítase no Catastro de Ensenada. Deu pé a varios topónimos relacionados, como **O Piñeiro** (ou **Os Piñeiros**), **As Coutadas do Piñeiro**, **As Pozas do Piñeiro**, **A Fonte do Piñeiro** e **A Casa de María do Piñeiro**.

▶ Salgueiriño, O

Segundo algúns informantes, este sería o nome dun pequeno agrupamento de vivendas que existe na parte superior do camiño de Gondomar, composto inicialmente por tres casas antigas. Este poboamento é recoñecible na imaxe aérea do voo americano dos anos 1956 e 1957, pero, no entanto, non aparece mencionado no Catastro de Ensenada. É posible que naquela altura eses terreos non foran aínda edificados, ou que as vivendas existentes estiveran incluídas nalgún topónimo que caeu en desuso co paso do tempo, como podería ser *Tras do Pazo* ou *Candeán de Abaixo*. Como topónimo derivado de

Salgueiriño temos, na mesma zona, **A Fonte do Salgueiriño**. **O Salgueiriño** é tamén o nome dunhas terras de labrado situadas baixo A Poba.

Salgueiriño é diminutivo de *salgueiro*. Refírese a un salgueiro de pequeno tamaño que deu nome a esta zona.

Véxase *O Salgueiro*.

▶ Salgueiro, O

É o nome dun pequeno núcleo de Candeán, que no século XVIII aínda permanecía deshabitado. O Catastro de Ensenada rexistra neste lugar terras de regadío e de secaño, así como superficies de monte e devesa. Vinculados co topónimo **O Salgueiro** encontramos tamén **A Fonte do Salgueiro**, **Os Campos do Salgueiro** (ou simplemente **Os Campos**) e **O Camiño do Salgueiro**.

Volvemos encontrar este topónimo na banda intermedia de coutadas, que se sitúa entre o núcleo de Erminde e o monte comunal do Vixiador, onde recollemos as formas **O Salgueiro** e **As Coutadas do Salgueiro**.

Salgueiro é o nome que reciben en Galiza diversas árbores e arbustos do xénero *Salix*, e está presente en Candeán a especie *Salix atrocinerea*, común en zonas húmidas e beiras de ríos. A gran capacidade de dispersión desta árbore (os exemplares femininos producen numerosas sementes voadoras) e o seu carácter de especie pioneira fan que conquiste con asombrosa facilidade terreos alterados, como poden ser os noiros das autoestradas e as vías de ferrocarril. Do mesmo xénero é a especie *Salix viminalis*, enxertada con frecuencia sobre un patrón autóctono de salgueiro; mais esta ten nome de seu: *vime* ou *vimbio*.

A voz orixinal galega SALICARIU componse dunha raíz latina SALIX (denominación xenérica deste grupo de especies) mais o sufixo -ARIU. Este tipo de terminacións en *-eiro* e *-eira* para as palabras de raíz latina que designan unha planta son características do galego, que a diferenza doutras linguas romances non conserva a forma simple da que proceden (Navaza Blanco, 2006: 559). Neste topónimo, ademais, vemos que o nome da árbore figura como substantivo, non como adxectivo. Pensamos polo tanto que tivo a súa orixe nun salgueiro en particular que, por constituír naqueles tempos un fito paisaxístico, deu nome ao lugar.

▶ Sobreiro, O

Véxase *Subride*.

▶ Souto, O

É un topónimo moi frecuente en Galiza que encontramos na estrema de Candeán, no lugar de **O Souto** (O Canto, Cabral), pero tamén dentro da propia parroquia:

— **O Souto, O Camiño do Souto** (no posible núcleo orixinal da Fonte Escura).
— **O Souto** ou **Os Campos do Souto** (en Subride de Arriba).
— **O Río do Souto, A Presa do Río de Souto** e **O Camiño do Río do Souto** (sobre Os Cocheiros, na Rabadeira).
— **O Souto** (a carón do núcleo tradicional da Freiría).

Nalgún caso, vemos como este topónimo pasou a identificar unha persoa pola súa procedencia. É o caso da **Casa de Carmen do Souto**, no camiño de Gondomar.

O topónimo «Río do Souto» ou «Río de Souto» xa se recolle no Catastro de Ensenada. Se retrocedemos ata os documentos galegos medievais en latín, os *soutos* son mencionados con moita frecuencia, e aparecen baixo diversas formas intermedias como SALTO e SAUTO, e tamén como a forma actual SOUTO.

Souto deriva do latín SALTUS, 'terreo abrupto e boscoso', termo que se contrapón con frecuencia a AGER, 'área cultivada'. En galego, a forma *souto* designa polo xeral un bosque de castiñeiros. O castiñeiro *(Castanea sativa)* é unha especie de carácter autóctono que foi plantada con frecuencia no pasado, polo gran valor que tivo para a supervivencia das comunidades rurais. Ademais de leña, madeira e outros produtos, o castiñeiro proporcionaba abondosas colleitas de castañas, alimento fundamental no rural galego que (despois de secadas) podían ser consumidas durante a maior parte do ano. Como proba da súa importancia, cando chegou de América a planta da pataca, recibiu entre outros o nome de *castaña da terra*.

Chama a atención que entre os topónimos *O Souto* que recollemos en Candeán, dous deles estean situados practicamente dentro de dous núcleos rurais tradicionais, que xa estaban habitados a mediados do século XVIII: *A Freiría* e *A Fonte Escura*. Deducimos que, ou ben eses

asentamentos foron edificados pinchando previamente os soutos, ou ben naquel tempo existían formacións de castiñeiros a carón das propias casas, como aínda se pode ver hoxe en día en moitas aldeas situadas en zonas montañosas de Galiza, como o caso da serra do Courel.

▶ Suasálbares

Os topónimos que inclúen esta palabra vacilan entre as formas *Suasálbares* e *Suasálbarez*. **As Suasálbares** é o nome dunhas antigas terras de cultivo, onde agora se levantan varias vivendas. Xa aparecen citadas no Catastro de Ensenada, cando o lugar estaba ocupado por terras de regadío e monte. Sobre estes terreos encóntranse **A Presa de Suasálbares** e **A Fonte das Suasálbares**.

Podería pensarse que estes topónimos derivan do apelido Álvares ou Álvarez, 'fillo de Álvaro', do antropónimo de orixe xermánica ALVARUS (Boullón Agrelo, 1999). Malia que a expresión «Baixo as Álvarez» non semella ter moito sentido. Porén, temos a fortuna de conservar diversas transcricións deste topónimo no Catastro de Ensenada, do ano 1753, que nos pode achegar algunha luz sobre a súa orixe.

No histórico documento non aparece nunca a vogal 'a' da penúltima sílaba. A forma máis próxima é «Suasalbores» (ou «Suasalvores»). Pero, o que é máis importante, encontramos tamén as seguintes variantes: «Suas Arbores», «SuasArbores» e «Su as Arboles».

Cremos, polo tanto, que se produciu a evolución: Su As Árbores > Su As Álbores > Su As Álbares >, Su As Álvarez.

O significado deste topónimo sería, polo tanto, 'baixo as árbores', aludindo a un terreo que se localizaba baixo unhas árbores illadas ou nunha formación forestal. Nun primeiro momento o topónimo conservaría a forma latina (e galega) orixinal ARBORE. A mediados do século XX, tal como se pode observar na imaxe aérea do voo americano, aínda existía unha zona arborada próxima á fonte, nuns terreos que agora se encontran urbanizados.

▶ Subride

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Viña

É unha forma que encontramos en distintos lugares da parroquia. Ás veces estes topónimos conteñen o nome do propietario ou propietaria destas viñas: **A Viña do Sesiño, A Viña da Couca** ou **A Viña do Cabezas**. Outras veces, o do lugar onde se encontran: **A Viña do Rachote, A Viña da Roza** ou **A Viña da Maleitiña**. Noutros casos, incorporan algunha referencia á posición relativa dun viñedo **(A Viña de Abaixo)** ou a algún outro trazo, como pode ser a súa antigüidade. Temos así o topónimo **A Viña Nova** en Candeán, mentres na parroquia de Lavadores encontramos o seu complementario *A Viña Vella* (Sestay Martínez, 2010).

No século XVIII moitos núcleos rurais da parroquia de Candeán posuían viñas, que aparecen rexistradas no Catastro de Ensenada como «parras». No mesmo documento, aparecen tamén diversos topónimos que conteñen a palabra *viña*: «A Viña das Mozas», «A Viña de Candeán», «A Viña do Caeiro», «A Viña de Arriva», «A Leyra da Viña», «O Cocho da Viña» e «A Coutada da Viña».

A palabra *viña* procede do latín VINEA, que ten o mesmo significado (Navaza Blanco, 2007a). Este é o nome que recibe a planta chamada *vide* ou *videira (Vitis vinifera)*, mais tamén se denomina así o terreo onde está cultivada. O viño é unha bebida que xa era consumida por galaicos, ástures e cántabros na Idade de Ferro, tal e como deixou escrito o cronista romano Estrabón. Pero foi na Idade Media cando o cultivo da vide se estendeu pola Ribeira Sacra e outras áreas do territorio galego con influencia mediterránea, ou que presentan un clima suave con veráns relativamente secos e cálidos.

▶ Xestal, O

Un *xestal*, do latín GENESTALE (Navaza Blanco, 2006), é un conxunto de *xestas* ou *xiestas*, como tamén se coñece nalgunhas parroquias de Vigo estas plantas (forma análoga ao portugués «giesta»). Coa palabra *xesta* desígnase un conxunto de leguminosas leñosas de porte arbustivo sen espiñas, que presentan unha alta densidade de pólas moi flexibles e follas de pequeno tamaño. Están incluídas no xénero *Cytisus*, que conta con seis especies en Galiza. A de flores brancas, *xesta branca (Cytisus multiflorus)*, é difícil de encontrar no concello de Vigo, onde si

abundan non obstante dúas especies de flores amarelas: *Cytisus striatus* e *Cytisus scoparius*. Unha especie que recibe os nomes de *xesta mansa* e *xesta do mar* é *Oxiris alba*, pequeno arbusto moi abondoso nas illas Cíes. A forma desta planta lembra moito unha xesta verdadeira, aínda que taxonomicamente está moi arredada delas (pertence á familia das santaláceas).

A palabra *xesta* procede do latín vulgar GENESTA (do clásico GENISTA). A forma orixinal latina GENISTA aplícase na nomenclatura botánica a outro xénero de arbustos afíns ás xestas, onde están incluídos o *rañalobos (Genista triacanthos)* e unha das especies que reciben o nome popular de *piorno*, *Genista florida*, que podemos encontrar en zonas de montaña.

As xestas foron aproveitadas como leña. Enriquecen ademais os pasteiros que medran debaixo delas, debido á asociación que establecen con bacterias fixadoras de nitróxeno. A flexibilidade das súas pólas fixo que se utilizaran para atar os feixes no monte, a modo de cordas. Os seus ramos floridos son quizais o elemento máis característico do maio galego, malia que nas parroquias do concello de Vigo a tradición do *ramo de maio* ten escaso seguimento.

Encontramos o topónimo *Xestal* repetido en tres lugares distintos da parroquia de Candeán:

— **O Xestal** (antiga superficie de cultivo, hoxe abandonada, situada no límite dos campos coas coutadas de *A Verde*, no Monte Pequeno).
— **O Xestal** (zona forestal próxima a cultivos, na Freiría).
— **O Xestal** (terreo forestal próximo ao núcleo da Rabadeira. Aparece citado no Catastro de Ensenada como «Jiestal de Ravadeira»).

Os tres topónimos están situados en zonas de transición entre as terras agrícolas e as forestais, onde as xestas adoitan medrar. Os xestais ocupan con frecuencia campos de cultivo abandonados, e tamén zonas de bosque aclaradas por efecto de cortas ou lumes.

▶ Xestaliño, O

Xestaliño é un diminutivo de *Xestal*. En principio poderiamos pensar que se trata dun xestal pequeno ou de pouca extensión. Non obstante, vemos que *O Xestaliño* linda con *O Xestal* da Freiría. Estariamos, pois, diante dun caso semellante a *O Tellado/O Telladiño*, *A Maleita/A Maleitiña* etc. Cremos que este diminutivo non se refire aos vexetais en

si, senón á extensión relativa dun terreo en relación con outro de maior superficie, que recibiría o nome de *Xestal*.

Véxase *O Xestal*.

▶ Xestal Longo, O

Zona de cultivo situada sobre O Salgueiro. Recibe o nome de **O Xesta Longo** ou **Os Xesta Longos**, o que para nós é indicativo de que a forma orixinal (como sucede en moitos outros casos) era singular. Recollemos ademais a variante **Estaloncos**, e como topónimo derivado **As Presas do Xesta Longo** ou **Presas dos Estaloncos**.

Pensamos que o significado orixinal de Xestal Longose refire á forma que presentaba o xestal: *Xestal* + *Longo*.

Véxase *O Xestal*.

▶ Xunco Mariño, O

Este antigo topónimo aparece rexistrado no Catastro de Ensenada como «Junco Mariño». Encontramos esta forma nos seguintes nomes: **O Xunco Mariño**, **O Monte do Xunco Mariño**, **O Camiño do Xunco Mariño**, **O Xunco Mariño de Arriba**, **O Xunco Mariño de Abaixo**, **As Presas do Xunco Mariño** e **As Coutadas do Xunco Mariño**.

É unha extensa superficie de monte, integrada por coutadas particulares e monte comunal, que constitúe o extremo occidental do arco forestal que envolve polo norte a parroquia de Candeán.

A palabra *xunco* (do latín JUNCU, JUNCUM, 'xunco') designa en galego diversas plantas da familia das xuncáceas pertencentes ao xénero *Juncus*. Son moi parecidas a algunhas ciperáceas, pero para estas últimas existen outras variantes da palabra *xunco*, como a forma feminina *xunca*, presente en *xunca de algodón (Eriophorum angustifolium)*. Esta especie, propia de turbeiras, medra en *A Lagoa Grande* (O Vixiador) e posúe caules cilíndricos como os xuncos verdadeiros. Para as ciperáceas que pertencen ao xénero *Cyperus* temos ademais o nome popular de *xuncias*.

O topónimo *Xunco Mariño* resulta intrigante. Semella referirse a *Juncus maritimus*, xunco que medra sobre lameiras salobres que resultan alagadas pola preamar, en marismas e lagoas litorais. Estes xuncos forman con frecuencia extensas xunqueiras, como a que existe

na desembocadura do río Lagares, un lugar que recibe precisamente o nome de *A Xunqueira* (tamén chamado *As Saíñas*, pola existencia no pasado de antigas explotacións industriais de extracción de sal).

No entanto, a parroquia de Candeán non está situada na costa, senón na zona interior do Val de Fragoso, e as súas correntes de auga non entran en contacto en ningún caso coa auga do mar nin existen rochas de carácter salino. Quizais a conexión que deu orixe a este topónimo se encontre en aspectos máxicos do patrimonio inmaterial local, nalgunha lenda ou tradición popular hoxe desaparecida.

Así, algunhas plantas con propiedades medicinais vían incrementado o seu poder protector ou curativo cando estaban situadas nun lugar desde o cal se puidera ver o mar. Ou só medraban nestes sitios: en Candeán dicíase que o *trementelo (Thymus caespititius)*, unha das *herbas de San Xoán*, «nacía onde miraba o mar». No caso contrario, podíanse recoller igualmente e levar ata un promontorio orientado á ría. Así facía a mocidade de Candeán que, despois de arrincar esta planta aromática noutro lugar da parroquia, a subían ata un alto penedo desde o que se podía divisar o mar. Erguíana nas mans mentres pronunciaban estas palabras:

Trementelo, mira o mar
Que te van ir a levar
Os mociños de Candeán

En Calvos de Randín (Ourense), os tres xuncos que medraban a carón de certa fonte utilizábanse nun ritual de adiviñación. Quizais en Candeán tiveran algún valor análogo. O Xunco Mariño é un monte que está orientado ao suroeste, polo que ten vistas ao mar. Non podemos desbotar, polo tanto, a posibilidade de que os xuncos que saían neste lugar estiveran revestidos dalgún poder especial. Por outro lado, en Coruxo tamén se dicía que os xuncos que había nas ribeiras de *O Pozo da Lagoa*, poza que se sitúa na parte máis alta do monte (a 400 metros de altitude), eran xuncos de mar. Neste caso, a tradición oral consideraba esta charca como un *ollo do mar*. Estaba comunicada a través dunha canle subterránea co océano, do que recibía auga constantemente. De aí que nunca secara no verán (agora si o fai), e que os xuncos que alí medraban non fosen propios de lameiras ou augas doces, senón de augas salgadas.

▶ Xunqueira, A

Da palabra *xunco* deriva o colectivo *xunqueira*, 'terreo húmido onde medran en abundancia os xuncos'. As especies máis doadamente observables de xunco, perennes e de certo tamaño, forman masas compactas debido ao sistema de crecemento que presentan, e emiten extensos rizomas (caules subterráneos) dos que brotan numerosas follas. Estas xunqueiras desenvólvense sobre superficies húmidas de auga doce (marxes de ríos e charcas, lameiras, zonas de trasduna etc.) ou salobre (marismas, esteiros e lagoas litorais). Os xuncos son indicadores de humidade no chan, polo que os campos onde estes abundan proporcionan bos pastos a ovellas, vacas e cabalos, xa que conservan a herba verde durante moito tempo.

En Candeán existe un topónimo **A Xunqueira** (ou **As Xunqueiras**), xunto con outros relacionados como **O Camiño da Xunqueira**, **A Presa da Xunqueira** e **O Pilón da Xunqueira**. Como pode verse, a presenza de auga é unha constante neste lugar. O Catastro de Ensenada recolle este topónimo como «Junqueira».



Aspecto que ofrece na actualidade *O Pilón da Xunqueira*. As obras da autoestrada que atravesa Candeán afectaron gravemente os acuíferos da parroquia, e secaron os mananciais que alimentaban o lavadoiro.

A FAUNA

▶ Gatiñeira, A

Gatiñeiro e *Gatiñeira* son formas derivadas de *gato*, probablemente a través dos verbos *agatuñar* 'gabear como un gato' ou *gatiñar* 'andar *ás gatiñas*, apoiando mans e xeonllos'. Así, como derivado de *agatuñar* teriamos o nome do paxaro chamado *gatiñeiro (Dicionário Estraviz)* ou *gabeador* (*Certhia brachydactyla),* pequena ave insectívora que ascende os troncos das árbores en espiral mentres inspecciona as gretas da códea, onde se agachan os pequenos invertebrados dos que se alimenta. Un *gatañeiro*, pola súa parte, é un lugar de paso estreito *(Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)*. Referido a unha superficie agrícola, o topónimo *Gatiñeira* podería aludir quizais a unha parcela de difícil acceso. Para entrar nela habería que agatuñar por un valado ou socalco, ou ben anicarse por causa dalgún obstáculo existente.

Rexistramos dúas áreas distintas que presentan este nome, relativamente próximas entre si, en zonas de contacto de superficies agrícolas e forestais:

— **A Gatiñeira** ou **As Gatiñeiras** (na Poba, desde onde parte **O Camiño da Gatiñeira** cara a estes terreos).
— **A Gatiñeira** ou **As Gatiñeiras** (no sur do Salgueiro).

Véxase *A Pedra do Gato*.

▶ Martaraño, O

Martaraño e *martaraña* son os nomes que recibe na comarca a *fuíña* ou *garduña (Martes foina)*, mamífero carnívoro da familia dos mustélidos semellante á marta *(Martes martes)*, tamén de pelo castaño, pero que presenta na papada unha mancha branca en vez de amarela. É relativamente común nos montes que rodean a cidade de Vigo, a diferenza da marta verdadeira, que habita en bosques caducifolios do interior de Galiza. A palabra *martaraño* é un derivado de *marta*, presente na toponimia viguesa.

No entanto, *Martaraño* pode aparecer tamén como alcume persoal. É o caso dos seguintes topónimos de Candeán, que se encontran na

zona do Monte Pequeno: **A Casa de Pepe O Martaraño**, **O Lugar do Martaraño**, **O Monte do Martaraño** e **O Camiño do Martaraño**.

▶ Pedra da Cobra, A

Sitúase nas proximidades da Pedra Longa, no monte comunal da parroquia. É unha zona pedregosa e solleira, hábitat típico das serpes máis termófilas, como o cobregón *(Malpolon monspessulanus)* e a serpe riscada *(Elaphe scalaris)*, sen desbotar outras especies que tamén poderían estar presentes neste lugar.

Na **Pedra da Cobra** existía unha explotación tradicional de pedra, coñecida como **A Canteira da Pedra da Cobra**. No monte de Erminde encontramos outro topónimo que tamén inclúe o nome deste réptil: **O Coto da Cobra**.

O galego *cobra* provén do latín COLUBRA, 'serpe'. Cada vez resulta máis frecuente a confusión (por influencia do castelán «culebra») entre esta forma patrimonial galega e as *cobras* da familia *Elapidae*, que habitan en áreas desérticas e tropicais de Asia e África. A diferenza destas últimas, as cobras galegas resultan inofensivas, a excepción das dúas especies que temos de víboras: a víbora de Seoane *(Vipera seoanei)*, presente en escaso número no concello de Vigo, e a víbora *fuciñuda (Vipera latastei)*, que só habita nalgunhas serras do sur de Ourense. As víboras, a pesar da súa perigosidade, evitan sempre que poden o ser humano, fuxindo en canto é posible da nosa presenza.

▶ Pedra do Gato, A

A Pedra do Gato ou **Penedo do Gato** é o nome dunha rocha illada que sinala unha das estremas históricas da parroquia de Candeán con Cabral. Xa aparece mencionada no Catastro de Ensenada con este mesmo nome. Está enclavada nunha zona forestal moi deteriorada da Parachán, dentro da chamada **Coutada do Penedo do Gato**.

O único gato que reside actualmente na parroquia de Candeán é o gato doméstico *(Felis silvestris catus)*. Non obstante, cómpre sinalar que no pasado tamén habitaba aquí o gato bravo *(Felis silvestris silvestris)*, coñecido ademais con este nome. Noutras partes de Galiza recibe tamén as denominacións de *gato fero*, *gato montés* e *gato monteiro*.

Como resultado das entrevistas que realizamos, tivemos noticia da morte do que podería ser un dos últimos gatos bravos de Candeán hai pouco máis de trinta anos na Goleta, preto do río de San Cristovo.

En Galiza e Portugal encontramos numerosos topónimos que inclúen o nome deste animal, como *A Pedra do Gato*, *A Pena do Gato*, *O Penedo do Gato*, *O Salto do Gato* ou *A Corga do Gato*. Están situados normalmente en espazos fragosos, onde adoitan existir mestas devesas e accidentados penedos, lonxe dos núcleos de poboación; hábitat típico do gato bravo, onde no pasado resultaría moi difícil encontrar exemplares asilvestrados de gato doméstico.

O gato doméstico descende do gato salvaxe norteafricano *(Felis silvestris libyca)*, estreitamente emparentado co gato bravo europeo (en realidade, trátase no fondo dunha única especie). Por este motivo, os gatos caseiros e os monteses crúzanse con bastante frecuencia, e esta é unha das maiores ameazas para a conservación do gato bravo.

▶ Pedra do Lobo, A

No contorno da cidade de Vigo, así como noutras zonas próximas, aínda se conservan algúns topónimos que nos recordan á antiga presenza do lobo nestes terras, de onde desapareceu hai xa varias décadas. Nomes tan suxestivos como *A Boca do Lobo*, *A Cova do Lobo*, *O Outeiros dos Lobos*, *O Campo do Lobo* ou *A Fonte da Loba*. Ou **A Pedra do Lobo** de Candeán, lugar de xogo dos rapaces e rapazas da parroquia cando subían ao monte de *Pedras Negras* coas ovellas. No lugar da Devesa lémbrase aínda que este animal ouveaba sobre unha laxe no monte de Candeán, e que de cando en vez corría a voz de que baixaba do monte Saramagoso á parroquia de Louredo: «Cheghou o lobo a Louredo!».

O lobo continúa habitando na serra do Suído e nas súas contrafortes, e non é raro que apareza pola serra do Galleiro. A palabra *lobo* procede do latín LUPUM 'lobo', e designa en galego o lobo ibérico (*Canis lupus signatus*), mais tamén o extinto lobo cerval ou queixa (probablemente se tratase do lince boreal, *Lynx lynx*), que entraría en contacto no noso país co lince ibérico *(Lynx pardinus)*.



A Pedra do Lobo, situada nas inmediacións dos campos de entrenamento do R. C. Celta.

▶ Pedra do Moucho, A

Coñécese tamén como **O Penedo do Moucho.** É un fito xeográfico que sinala o límite entre as parroquias de Candeán e Cabral.

Puido recibir o seu nome por ser pousadeiro habitual do moucho. Popularmente, a palabra *moucho* úsase para designar diversas aves nocturnas da familia das estrixiformes, ás veces de forma demasiado xenérica. Non obstante, cando se utiliza de maneira específica, refírese a unha pequena rapaz de hábitos preferentemente nocturnos, de nome científico *Athene noctua*. Esta especie foi moi común décadas atrás nas parroquias do concello de Vigo, pero sufriu unha caída da súa poboación local paralela á perda do hábitat rural e dos cultivos e pradarías, hoxe urbanizados ou abandonados, que o levaron probablemente á súa extinción completa no concello. Destino semellante correu outra pequena ave nocturna, o *moucho de orellas (Otus scops)*, do que apenas sobreviven contadas parellas refuxiadas nos parques urbanos da cidade. A *curuxa (Tyto alba)* e en maior medida a *avelaiona* ou

cabra (Strix aluco) encóntranse afortunadamente nunha situación moito mellor.

Descoñécese a orixe da palabra *moucho*, que podería proceder do latín vulgar NOCTUOLUS, diminutivo de NOCTUA 'moucho' (Marqués Valea, 2004).



A Pedra do Moucho, no límite entre as parroquias de Candeán e Cabral

▶ Rabo de Asno

É un pequeno núcleo rural que podemos recoñecer na fotografía aérea do voo americano dos anos cincuenta do pasado século. No ano 1753, porén, estas terras aínda non acollían ningunha vivenda e foron rexistradas como superficies de monte e secaño. Ademais do nome do actual barrio de Rabodeasno, recollemos os topónimos **O Monte de Rabodeasno** e **O Camiño de Rabodeasno**, todos eles no mesmo lugar. No Catastro de Ensenada o lugar aparece inscrito como «Ravo do Asno» ou «Ravo de Asno».

Sinala Gonzalo Navaza que moitos topónimos que inclúen o substantivo *rabo* (como *Rabo do Porco* ou *Rabo de Galo*) poderían

referirse a propiedades que presentan unha forma alongada e estreita, ou a engadidos dunha parcela contigua de maior extensión (Navaza Blanco, 2007a: 145). Trataríase neste caso dun topónimo agrícola de carácter descritivo. Na mesma parroquia de Candeán encóntrase tamén o núcleo de *A Rabadeira* (probablemente *O Rabo da Eira* na súa forma orixinal), que podería presentar un significado semellante.

Agricultura e gandaría

▶ Barxa, A

É unha palabra que se repite en numerosos topónimos do concello de Vigo, pero que resulta pouco frecuente en Candeán. É dalgunha maneira un fósil vivinte pois, ao igual ca outras voces que tratamos tamén neste libro, ten a súa orixe na prehistoria, ao ser anterior, polo tanto, á chegada do latín (Navaza Blanco, 2011: 36). Está relacionada co étimo –tamén prerromano– BARCENA, presente en lingua castelá, que designa o mesmo tipo de terreos. A voz *barxa* aínda se conserva viva na fala do Val de Fragoso e zonas próximas, co significado de 'terra chá e moi húmida, situada na marxe dun río' (Sestay Martínez, 2010: 44).

Con frecuencia, estas terras sitúanse nas superficies de inundación dos ríos e resultan alagadas polas enchentes. Como ben apunta Iván Sestay no seu libro sobre a toponimia de Lavadores (2010), as barxas resérvanse normalmente para pradeiras de sega, que son cortadas no final do verán, ou ben son aproveitadas directamente polo gando como pasto. Neste caso medra con frecuencia vexetación herbácea natural adaptada ao enchoupamento, especialmente *feo*, nome común a diversas gramíneas de gran tamaño, que aquí se aplica á *herba das brañas (Molinia caerulea)*.

Noutras ocasións, terras denominadas como *barxas* poden estar dedicadas igualmente ao cultivo de millo, como puidemos comprobar noutras parroquias do concello de Vigo. Ademais de *barxa* existe tamén na comarca o xenérico *barxío*, cun significado equivalente. Pode aparecer como substantivo ou como adxectivo, e designa as terras profundas e húmidas próximas a unha corrente de auga, as denominadas *terras de barxío*. En galego contamos ademais con outras formas semellantes a barxa, como son *barcia* e *barciela*, co mesmo significado.

En Candeán, só recollemos esta forma nas marxes do pequeno regato que descende na Fonte do Seixo, no nacemento do río de san Cristovo. O lugar sitúase baixo unha antiga braña (hoxe desaparecida) que era coñecida como *A Lagoa da Fonte do Seixo*. Neste caso, o significado de *barxa* podería aproximarse ao de *lagoa* ou *fenal*. Os topónimos rexistrados foron **A Barxa** ou **As Barxas**, **As Coutadas da Barxa**, **Os Seguedos da Barxa** (prados), **A Barxa do Patria** e **A Barxa do Río**.

▶ Busto, O

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Cachada, A

Cachada, *Rozada*, *Cavada*, *Vesada*, *Rotea*…, son formas todas elas que aluden ao mesmo proceso histórico de corta e cavadura de antigas terras de monte para convertelas en novos cultivos agrícolas, proceso que resultou especialmente intenso nos séculos XVII e XVIII, e que recibiu nomes tales como *arroteamento* ou *desbravamento* (véxase *A Cavadiña*).

O topónimo *Cachada* localízase en tres zonas distintas da parroquia de Candeán:

— **A Cachada** (preto das Cales).
— **As Cachadas de Abaixo** e **As Cachadas de Arriba** (nos Cocheiros).
— **A Cachada de Benito** (en Erminde).

A palabra *cachar* é de uso común na comarca e deriva do latín tardío CAPPELARE 'cortar, dividir'. Designa a acción de cavar superficialmente a terra para desenraizar as herbas que medran entre os cultivos, e eliminar así a competencia das especies plantadas (millo, cebolas etc.). Tamén pode referirse á acción de rozar o mato a rente da raíz *(cachar o toxo)*. Pero no pasado, *cachar* foi sinónimo de *estivadar* 'cavar unha parcela de monte para sementala temporalmente de trigo ou centeo'. O proceso incluía rozar o terreo, arrincar as raíces de toxos e outras especies, amorealas, queimalas e estender as cinzas ou *borralleira* por toda a superficie. Así quedaría preparada a parcela para cultivar cereal.

Os topónimos antes mencionados localízanse en zonas de transición entre superficies agrícolas e forestais, polo que resulta bastante probable

que a orixe destas terras de cultivo fose a cavadura de áreas de bosque ou mato.

A palabra *cachada* é o participio do verbo *cachar*, derivado de *cacho* 'anaco, fragmento'.

▶ Cachadiña, A

O diminutivo de cachada, *cachadiña*, está presente tamén en diversos topónimos da parroquia de Candeán:

— **A Cachadiña** (no Cotobade).
— **A Cachadiña, O Camiño da Cachadiña, As Coutadas da Cachadiña** ou **das Cachadiñas, O Monte da Cachadiña** e **O Alto da Cachadiña** (sobre A Esqueiriña).

Véxase *A Cachada*.

▶ Cacharela, A

Este topónimo podería ser unha forma derivada do latín tardío CAPPELARE 'cortar, dividir' (Rivas Quintas, 1982: 250), que deu orixe ao verbo galego *cachar*. Unha segunda posibilidade sería que procedese da palabra polisémica *cacho*, que presenta significados moi diversos tales como 'anaco, recipiente' etc., e incorpora neste caso o sufixo átono -RA, a semellanza das formas *coto* > *cótaro* ou *nicho* > *nícharo*.

A Cacharela é unha antiga superficie agrícola, hoxe edificada, que linda coa antiga *Devesa do Rei* da Fonte da Barca.

Véxase *A Cachada*.

▶ Cacharola, A

Como *A Cacharela*, *A Cacharola* podería formar parte do grupo de topónimos derivados do verbo *cachar* 'cavar superficialmente a terra'. Encontramos a forma *Cacharola* nos seguintes lugares de Candeán:

— **A Cacharola** (baixo A Igrexa).
— **As Cacharolas** (na Goleta).

▶ Campelo, O

É unha parcela da Fonte Escura. *Campelo* é unha forma derivada de *campo*, que contén o sufixo diminutivo *-elo* (> latín ELLUM). Un *campelo* é, polo tanto, un campo de escasa superficie.

Véxase *Campo*.

▶ Campiño, O

É un terreo situado así mesmo na Fonte Escura. Un *campiño* (diminutivo tamén de campo) é un campo de pequenas dimensións.

Véxase *Campo*.

▶ Campo

A palabra *campo* é un xenérico de uso moi frecuente, que deixou unha pegada moi prolífica na toponimia local. Ás veces aparece soa, sen adxectivos que a modifiquen: **O Campo** ou **Os Campos** (A Goleta), **Os Campos** (A Freiría).

Non obstante, o máis habitual é que se trate de formas compostas, ao estar o substantivo *campo* acompañado por adxectivos descritivos que nos achegan algún tipo de información complementaria. Nalgúns casos, son topónimos referidos á posición relativa ou ás dimensións destes terreos: **O Campo de Arriba** (A Goleta), **O Campo de Abaixo** (A Goleta), **O Campo Grande** (Camiño do Cocho do Lago), **O Campo Longo** (A Rabadeira).

Outros conteñen elementos localizadores, que vinculan o campo a un núcleo de poboación próximo, ou a algún outro referente concreto, como pode ser unha fonte ou un muíño: **O Campo da Fonte** (A Fonte Escura), **O Campo da Fonte** (A Regueira, tamén na Fonte Escura), **O Campo da Fonte** (baixo a Fonte do Seixo), **O Campo da Mina** (Cotobade), **O Campo do Rego** (Cotobade), **Os Campos de Erminde**, **O Campo da Presa** (Erminde), **Os Campos do Muíño** (A Goleta), **Os Campos do Salgueiro**, **Os Campos do Rego do Morte** (A Parachán).

Moitos topónimos conteñen tamén o nome do propietario. Nestes casos é frecuente que exista unha contradición entre o nome co que coñecen os propietarios o seu campo (que se corresponde co topónimo xenérico do lugar) e a forma en que o denominan os veciños e veciñas

próximos, que vinculan cada terreo á familia ou persoa posuidora del: **Os Campos da María Rosa**, **Os Campos do Moxenas**, **O Campo do Meco**, **O Campo do Urbano**, **O Campo do Advogado** e **O Campo do Notario**, entre outros.

A palabra galega *campo* procede do latín CAMPUS 'chaira'. En galego (como nas outras linguas romances) o significado do termo orixinal derivou sobre todo en 'terra cultivada', como acontece cos topónimos anteriores (Marqués Valea, 2004: 592). Non obstante, aínda se conservan outras acepcións distintas do substantivo *campo*, que pode referirse tamén a unha superficie chá de uso común *(O Campo da Feira)*, ou a unha área montañosa de relevo suave que se aproveita como pasto leñoso e panasco para o gando. Abundan os topónimos desta última clase nas chairas elevadas das serras litorais próximas, como o caso do *Campo Redondo*, na serra do Galiñeiro, ou do *Campo do Lobo,* na da Groba.

▶ Campo do Cabo, O

A palabra *Cabo* é un substantivo que significa 'parte final ou extremidade dun obxecto'. Deriva do latín CAPUT 'cabeza, extremo'. Referido a un campo, sinala que se encontra ao final dun camiño ou nas aforas dunha poboación (Navaza Blanco, 2007b: 7). Rexistramos o topónimo *Campo do Cabo* en dous lugares distintos da parroquia de Candeán:

— **Campo do Cabo** (na Igrexa).
— **Campo do Cabo** ou **Os Campos do Cabo**, **O Rego do Cabo**, **O Camiño do Cabo**, **As Pozas do Cabo** ou **Pozas do Campo do Cabo** e **O Cabo da Porta** (na Freiría).

Os dous enclaves aparecen recollidos no Catastro de Ensenada. O primeiro localízase a carón do actual cemiterio. Non obstante, o antigo núcleo habitado da Igrexa posiblemente se reducía ao actual lugar do Calvario (topónimo que non aparece rexistrado no Interrogatorio do Marqués de Ensenada). Quizais naquel entón, *O Campo do Cabo* ocupaba unha posición periférica ao respecto das vivendas. De feito, a carón da superficie cultivada do Campo do Cabo existía «una dehesa» de dous ferrados de superficie.

O Campo do Cabo da Freiría, pola súa parte, aínda hoxe se sitúa na zona exterior deste antigo casal, na parte final (ou *cabo*) do camiño

do mesmo nome, onde os campos de cultivo entran en contacto coa superficie forestal, dividida en coutadas particulares.

▶ Cavada, A

O topónimo *Cavada* prodígase na parroquia de Candeán:

— **A Cavada** (na Fonte Escura).
— **A Fonte da Cavada**, **O Lugar da Cavada** e **O Lavadeiro da Cavada** (na Goleta).
— **A Cavada** ou **As Coutadas da Cavada** (sobre a Fonte da Rabadeira).
— **As Cavadas** (no Salgueiro).
— **As Cavadas**, **A Cavada de Arriba**, **A Cavada de Abaixo** e **A Cavada Nova** (na Vesada).

Co diminutivo *-iña* existe ademais unha **Cavadiña** fronte ao castro de Codeside, aínda que esta xa pertence á parroquia veciña de Cabral. O Catastro da Ensenada rexistra á súa vez a forma «Cavada Vella». *Cavada* deriva do latín CAVARE 'cavar', de CAVUS-A-UM 'oco'.

Xuntamente cos topónimos *A Cachada*, *A Vesada*, *A Roza* e *A Rotea*, *A Cavada* designa as novas terras de cultivo que foron creadas pola cavadura de antigas superficies forestais, dentro dun proceso de expansión das terras agrícolas que se intensificou nos séculos XVII e XVIII pola chegada de novos cultivos procedentes de América.

Véxase *A Cavadiña*.

▶ Cavadiña, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Cocheiros, Os

É un pequeno poboamento que no ano 1753 apenas contaba cunha única casa terreña. No voo americano dos anos 1956 e 1957, **Os Cocheiros** xa aparecen como un núcleo disposto linealmente en forma de rueiro ao longo do **Camiño dos Cocheiros**, entre *O Río Vello* e *O Lugar da Castiñeira*, baixo A Esqueiriña.

Este topónimo é un derivado de *cocho* 'pequena parcela agrícola protexida, que se dedicaba polo xeral a cultivos de horta'. Ademais,

a palabra *cocho* presenta un significado xenérico de 'abrigo, refuxio', mesmo en contextos mariños. É o caso do *Cocho das Dornas*, situado na praia de Samil.

Véxase *O Cocho*.

Cochiño, O

Rexistramos o topónimo *Cochiño* en dous lugares distintos da parroquia:

— **O Cochiño** (no Lugar da Felisa, na Fonte Escura).
— **O Cochiño** ou **O Cuchiño** (no Caeiro, antiga estrema parroquial).

Cochiño é diminutivo de Cocho referido a unha parcela agrícola ou *cocho* de pequeno tamaño.

Véxase *O Cocho*.

Cocho, O

O topónimo *Cocho* repítese con frecuencia en Candeán asociado sempre a zonas agrícolas e a núcleos de poboamento:

— **O Cocho**, **O Cocho de Abaixo** e **O Cocho de Arriba** (nos Currás, A Fonte Escura).
— **O Cocho do Río** ou **Chan do Río** (nas Pereiras).
— **O Cocho** (na avenida do Aeroporto).
— **O Cocho do Lago** ou **Os Cochos do Lago** (baixo Erminde).
— **As Coutadas do Cocho do Lago**, **O Camiño do Cocho do Lago** e **O Cocho do Lago** (no Lago, baixo A Torre).
— **O Cocho do Estevo**.
— **O Cocho do Pauto** (preto da Torre dos Mouros).
— **O Cocho da Fonte** (a carón do Cebiñeiro).
— **O Cocho** e **O Carreiro do Cocho** (a carón dos Muíños da Goleta).
— **O Carreiro do Cocho** e **O Cocho** (en Erminde, baixo o Lugar da Tía Hermosinda).
— **O Cocho** (na Rabadeira, onde residían Tía Rosa do Cocho e Tía Cándida do Cocho).
— **O Cocho** e **O Rego do Cocho** (na Rabadeira, veigas próximas ás Coutadas dos Quintiáns).
— **O Cocho** e **As Veigas do Cocho** (en Cabral, a carón da Lomba).
— **O Cocho** (no Busto).

— **Os Campos do Cocho** (nas Regadas, na estrema de Cabral).
— **O Rego do Cocho** (nas Regas, baixo Os Muíños do Crasto).

Algúns veciños e veciñas da parroquia eran identificados con estes topónimos por viviren en lugares que recibían este nome: *A Celia do Cocho*, *Tía Rosa do Cocho*, *Tía Cándida do Cocho* etc.

A palabra *cocho* é de uso frecuente na fala suroccidental de Galiza. Designa unha parcela agrícola de pequeno tamaño. Mais tamén se refire a un agocho, lugar pequeno e protexido, como pode ser 'o cocho do can'. Deriva do latín tardío COCCULU 'cuncha, cunca', procedente á súa vez do latín CONCHA (Rivas Quintas, 1982: 220). Presenta a variante *acocho*, que está relacionada cos verbos *acochar* e *agochar* 'arroupar, abrigar, ocultar'.

Iván Sestay sinala que a palabra *cocho* significa, na fala local do Val de Fragoso, 'pequena peza de labradío dedicada a horta' (2010: 74).

▶ Coutada

Coutada é unha palabra viva na fala local, que designa os terreos de natureza forestal de propiedade particular, en contraposición co *monte baldío*, superficie forestal de carácter comunal, propiedade do conxunto de comuneiros/as da parroquia. Empregamos aquí o termo *forestal* en sentido amplo, incluíndo todo tipo de comunidades vexetais que medran (de maneira natural ou plantadas) nos montes, e non só as formacións arborizadas.

Cada coutada está perfectamente delimitada por varios marcos de pedra, e en moitas ocasións adoita estar rodeada ademais por unha parede de pedra, ou ben por valos de terra (algo habitual en Candeán, onde o terreo é pouco pedrallento), denominados na parroquia *corcovas* ou *gorgozas*.

Coutada é unha palabra que deriva do verbo *coutar*, procedente da voz galega *couto*. A orixe desta forma está no participio do verbo latino CAVERE 'defender, protexer, gardar' (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014: 22). É moi posible que, inicialmente, moitas destas superficies fosen montes comunais, que nalgún momento de expansión demográfica e ampliación das terras agrícolas serían ocupados directamente polas familias para se garantiren a provisión de toxo, batume, pastos, leña e outros recursos. Estas parcelas serían coutadas, protexidas fisicamente para impedir a entrada de gando alleo ou simplemente para delimitar

a propiedade. Este tipo de topónimos aparece sobre todo a partir do século XVI, cando comeza un período de forte crecemento das terras de cultivo (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014: 22).

Tamén nos encontramos co topónimo *Coutada Nova*, que aparece en tres localizacións distintas da parroquia. Non está incluído no Catastro de Ensenada, o que nos fai pensar que quizais xurdiu nunha fase recente de acoutamento dos montes. As apropiacións de parcelas de montes comunais por parte dos propios veciños e veciñas rexístranse en datas tan tardías como as primeiras décadas do século XX, como sucedeu no concello de Oia (Barros Alfaro, 2014).

A maioría dos topónimos que inclúen a palabra *coutada* están situados no antigo territorio da diocese de Tui. Noutras partes de Galiza estas parcelas reciben denominacións distintas, como *chousa*, *cerrada*, *tapada* ou *tomada* (forma empregada en parroquias do sur do concello de Vigo, como Oia e Coruxo). A palabra *coutada* (que aparece rexistrada con frecuencia no Catastro de Ensenada) xerou un gran número de topónimos na parroquia de Candeán, debido precisamente ao seu carácter de voz viva na fala popular. A continuación presentamos estes topónimos clasificados por grupos.

Coutadas novas e vellas: **A Coutada Nova** (O Cotobade), **A Coutada Nova** (A Freiría), **A Coutada Nova** (A Vesada) e **A Coutada Vella** (A Vesada).

Polo seu tamaño, situación, forma e outras características: **A Coutada de Fóra** (baixo A Pedra do Valo), **A Coutada de Fóra** (A Devesa), **A Coutada da Esquina**, **A Coutada Grande**, **A Coutada Longa** e **A Coutadiña**.

Pola súa localización: **A Coutada do Gato** (onde A Pedra do Gato, As Pereiras), **A Coutada da Veiga Aberta** (a carón dos campos da Veiga Aberta), **As Coutadas das Laxes** (nas Laxes), **A Coutada dos Mouros** (onde se localiza a mámoa da Casa dos Mouros), **A Coutada do Xunco Mariño** (no Xunco Mariño), **A Coutada da Fonte da Maleita**, **A Coutada do Monte** (preto do monte comunal da Facha), **A Coutada da Mina**, **As Coutadas do Muíño** (na Goleta), **A Coutada da Barxa** (A Barxa, baixo A Lagoa da Fonte do Seixo), **As Coutadas das Regueiras**, **As Coutadas do Salgueiro**, **As Coutadas das Cachadiñas**, **As Coutadas de Xocín**, **As Coutadas do Busto** (sobre o núcleo do Busto), **As Coutadas do Olleiro** (no lugar do Olleiro), **A Coutada do Penedo** (O Penedo, Erminde), **As Coutadas do Cocho do Lago**, **As Coutadas da Pedra Longa**,

As Coutadas das Rapadas, **As Coutadas das Travesas**, **As Coutadas da Mina**, **As Coutadas da Pedra do Valo**, **As Coutadas da Esqueiriña** (sobre o núcleo da Esqueiriña) e **A Coutada do Pozo** (preto do camiño da Marquesa).

Coutadas propiedade da igrexa católica: **A Coutada do Abade** (tamén chamada **A Coutada do Crego**, **A Coutada do Cura** ou **A Coutada de Nosa Señora**) e **As Coutadas de San Fausto** (Chapela, no límite con Candeán).

Formas que inclúen o nome ou alcume familiar dun posesor ou posesora da coutada: **A Coutada do Ferreiro**, **A Coutada de Vigo** (da familia dos Vigos posiblemente; chamada tamén **A Coutada do Cobre**), **A Coutada dos Marciales**, **A Coutada de Pesca**, **As Coutadas do Xastre, As Coutadas do Perillán**, **A Coutada do León**, **A Coutada do Bicho**, **A Coutada de Don Benito**, **A Coutada do Mequiques**, **A Coutada do Urbano**, **A Coutada dos Frebes**, **A Coutada do Graña**, **A Coutada do Moreu** ou **Mureu** (coñecida tamén como **O Pinal do Moreu**), **As Coutadas do Cocó**, **A Coutada da Cascarexa**, **A Coutada da Maruca**, **A Coutada do Costas**, **A Coutada do Miguel**, **As Coutadas do Xinela**, **A Coutada do Escurrega**, **As Coutadas do Amante**, **A Coutada do Lapán**, **As Coutadas do Sito**, **A Coutada do Miguel**, **A Coutada do Pichón**, **A Coutada do Larán**, **A Coutada da Chiña da Goleta**, **A Coutada do Secundino**, **A Coutada do Jesús**, **A Coutada da Juana**, **A Coutada do Sidro**, **As Coutadas de Benito**, **A Coutada do Moxenas, A Coutada da Cancalleira**, **As Coutadas da Mona**, **A Coutada da Pepiña**, **A Coutada de Faginas, A Coutada de Xan Panas** (ou **Pinal de Xan Panas**), **As Coutadas de Padín**, **A Coutada do Pentella**, **A Coutada do Chasco** e **A Coutada do Foliadas**.

Outras coutadas: **A Coutada** (A Vesada), **As Coutadas** (baixo o Camiño da Marquesa), **A Coutada do Trigo** (A Parachán), **As Coutadas** (A Freiría) e **A Coutada de Ríos**.

▶ Coutado, O

É unha zona agrícola situada baixo o pequeno núcleo rural das Cales, practicamente no límite coas coutadas particulares das Pedriñas. Aparece mencionado no Catastro de Ensenada co nome de «Campo do Coutado». No entanto, no ano 1753 incluía campos de regadío e «un

ferrado de dehesa», polo que non temos claro se a 'terra coutada' que lle deu nome a esta zona era de carácter agrícola ou forestal.

Véxase *Coutada*.

▶ Eido, O

Eido é xenérico de uso común na parroquia, que se refire ao terreo engadido á casa que quedou comprendido dentro da parede que circunda a propiedade. Un *eido* tamén pode ser a horta que existe polo xeral dentro do lugar da casa ou ao seu carón. Esta palabra procede do latín ADITUM, participio do verbo ADIRE 'engadir'.

Temos rexistrado o topónimo **O Eido** no Salgueiro, O Valado, Subride e As Cales. Ás veces, un eido quedaba dividido por causa da pendente do terreo (que se salvaba por medio dun socalco) no *Eido de Arriba* e o *Eido de Abaixo*:

— **Eido de Abaixo** (O Salgueiriño, O Monte Pequeno, A Goleta e Subride).
— **Eido de Arriba** (no Monte Pequeno).

O Catastro de Ensenada recolle a forma «Eydo de Arriba» como o nome dun pequeno núcleo habitado.

Véxase *O Eido de Arriba*.

▶ Eido de Arriba, O

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Eira de Dentro, A

Eira (e o diminutivo *eiriña*) é unha palabra de uso común en Candeán, onde existe tamén unha variante *eirado*. Designa unha superficie de terreo chan, situada a carón da vivenda, destinada a mallar os cereais, debullar os froitos e realizar diversos labores agrícolas. O seu firme podía estar calzado de pedra ou ben ser de terra. Neste segundo caso era habitual someter os eirados a un tratamento previo á malla, estendendo unha capa de bosta que, unha vez seca, impedía que o gran se manchase de po e pequenas pedras. Procurábase que as eiras estivesen despexadas de árbores e outros obstáculos que impedisen a libre circulación do vento, necesario para aventar o cereal e separar

así o gran da palla (Rodríguez González, 1958-1961). Achegado á eira estaba o *canastro* (como se coñece o hórreo en Candeán), onde se almacenaba o gran.

Semella que a maioría das eiras de Candeán eran de propiedade particular, como resultaba frecuente na comarca (a diferenza doutras zonas do país, onde predominaban as eiras ou airas comunais). Temos constancia, non obstante, da existencia dunha eira colectiva que daba servizo a tres casas, no centro do antigo núcleo rural da Vesada. Recibía o nome de **A Eira de Dentro**. O Catastro de Ensenada rexistra ademais diversos topónimos que inclúen o substantivo *eira*, como «A Eyra», «Campo da Eyra», «Cocho da Eyra» e «Chan da Eyra».

A palabra *eira* procede do latín AREAM, que nomeaba tanto o espazo central da granxa ou vila romana coma calquera outra superficie aberta de terra firme (Marqués Valea, 2004).

▶ Eirado, O

Rexistramos este topónimo na *Casa dos Soles* (O Cotobade). Existe ademais unha fonte chamada **A Fonte do Eirado**, no lugar da Devesa.

A palabra *eirado* (ou *eirada*) pode designar cada unha das camadas de cereal que se estenden sobre a eira para seren malladas. Falariamos entón dunha *eirada* de trigo ou de centeo, por exemplo. Non obstante, tamén pode utilizarse cun valor análogo a *eira*.

▶ Enxido, O

Este xenérico continúase utilizando na parroquia de Candeán, co sigificado de 'horta contigua ao lugar da casa, plantada de árbores froiteiras'. Como topónimo, encontrámolo no Monte Pequeno, na Parachán e en Erminde. Aparece como **Inxido** no Pío (A Igrexa) e tamén o rexistramos en plural **(Os Enxidos)** no exterior do núcleo do Busto. En Sárdoma, non obstante, dise *Eixido*, forma orixinal non nasalizada que conserva o ditongo decrecente *ei (Eixido > Enxido)*.

A palabra *enxido* procede do latín EXITUM, derivado do verbo EXIRE 'saír' (Navaza Blanco, 2007b). Refírese posiblemente á posición que ocupaban estes terreos na saída das casas e dos núcleos rurais, fóra dos lugares das vivendas, aínda que sempre se situaban preto delas.

Véxase *O Eido*.

▶ Esqueiriña, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Horta, A

As *hortas* eran cultivos que non podían faltar no interior dos pequenos núcleos rurais e nas súas inmediacións, así como en casas illadas, como se pode comprobar no Catastro de Ensenada. Mesmo nos tempos actuais, rara é a vivenda en Candeán que non conserva unha pequena horta familiar. Tamén na toponimia da parroquia quedou reflectido este uso da terra:

— **A Horta** (ou **As Hortas**) e **O Camiño da Horta** (na Rabadeira). Tiña sona de dar moi bo froito *no cedo*. No Catastro de Ensenada aparece como «Hortas de Ravadeira».
— **A Hortiña** (na Lagoa, A Rabadeira).

Coa preposición *sub-*: **A Suahorta** ou **A Suhorta**, na Igrexa.

No Catastro de Ensenada existen evidencias de que no lugar da Igrexa existía un topónimo *A Horta* ou *Horta da Igrexa*, que aparece rexistrado con estes nomes. Ademais, neste documento abundan as referencias ao topónimo *A Suahorta*, terras de secaño que se atoparían baixo a citada horta, e aparecen nomeadas como «Sub a Horta», «Suba Borta», «Su Horta de Yglesia», «Suba Borta da Yglesia», «Subahorta» e «Subahorta».

Este libro histórico recolle ademais un «Cocho da horta» en Erminde.

O xenérico *horta*, de uso común, designa un terreo de regadío achegado á casa, onde se cultivan diversos legumes, verduras e hortalizas, e por veces tamén árbores froiteiras, en réxime de policultivo. A súa finalidade inicial era garantir o abastecemento de alimentos da unidade familiar, complementando o cultivo de cereal, a recolección de froitos secos etc. Na actualidade, as hortas continúan a xogar un papel importante como complemento económico da poboación que habita en áreas rurais e periurbanas.

Horta deriva do latín HORTUM (Marqués Valea, 2004) 'terreo pechado de cultivo' ou 'casa de campo'. Nalgunhas comarcas de Galiza tense rexistrado a forma masculina *horto*, aínda que o máis frecuente é que se empregue a feminina.

▶ Hortiña, A

Véxase *A Horta*.

▶ Lamas

Topónimo que dá nome a unhas terras agrícolas próximas a Erminde. Rexistrámolo coas seguintes formas: **Lamas** ou **Os Campos de Lamas**, **As Presas de Lamas**, **O Seguedo de Lamas** e **As Coutadas de Lamas**.

Na zona, a palabra *lama* emprégase sobre todo como xenérico, co significado de 'terra solta empapada en auga'. Nalgunhas partes de Galiza, o seu derivado *lameiro* úsase como sinónimo de *prado* (Navaza Blanco, 2007a: 120). Pero en Candeán os prados de rega reciben outro nome distinto: *seguedos*. En Parada (Cabral), no Río das Pereiras (a carón do límite parroquial), existe un topónimo *A Lameira* derivado tamén de *lama*. *Lameira* é unha forma popular que se utiliza para designar as terras ou superficies enchoupadas. A palabra *lama* é anterior á introdución do latín.

▶ Leira, A

Leira é un xenérico vivo na parroquia de Candeán, que designa unha herdade ou parcela individual de cultivo. En moitos casos, as leiras preséntanse en forma de superficies agrícolas paralelas, estreitas e alongadas con distintos propietarios, que se dispoñen entre dous valados, socalcos, ou entre estes e un camiño ou regato. Un conxunto de leiras acoutadas por algún tipo de barreira física ou separación identifícase con frecuencia cun determinado topónimo.

Inclúen a palabra *leira* os seguintes topónimos:

— **A Leira Longa**, **As Leiras das Taboadas** (na Fonte Escura).
— **As Leiras** e **O Camiño das Leiras** (na Fonte Escura).
— **A Leira** (na Igrexa).
— **A Leira** (en Erminde).
— **A Presa das Leiras** (na Freiría).
— **A Leira**, **As Pozas da Leira** e **As Coutadas da Leira** (na Vesada).

Aínda que en principio se refiren ás superficies de cultivo, tamén se denominaban *leiras* as parcelas de monte que o garda forestal asignaba de maneira temporal aos veciños ou veciñas que as solicitaban. A

finalidade desta división da superficie forestal era garantir a provisión de batume que os veciños e veciñas precisaban para estrar as cortes dos seus animais.

Leira é unha palabra prerromana, posiblemente de orixe céltica, que en documentos galegos medievais aparece rexistrada como *larea* (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014). No Catastro de Ensenada aparecen varios topónimos con este nome, transcrito como «Leira» ou «Leyra».



Leiras nunha superficie agrícola de A Goleta

▶ Leiriña, A

Diminutivo de *leira*, leira de pequeno tamaño (na Parachán). Véxase *A Leira*.

▶ Mariñeira, A

Resulta enigmático este topónimo, que dá nome a unha superficie forestal dividida en coutadas particulares, coñecida como **A Mariñeira**

ou **As Mariñeiras**. Sitúase a carón da Rabadeira, desde onde se accede a través do **Camiño das Mariñeiras**.

Ocórrensenos dúas posibles explicacións para esta forma. Unha delas é que tomara este nome do alcume dalgunha antiga propietaria, oriúnda dalgunha parroquia costeira (da *Mariña*). Sería nese caso un sobrenome bastante antigo, pois o topónimo xa aparece rexistrado no Catastro de Ensenada, aínda que non se corresponde con ningún dos *apoios* ou alcumes recollidos por nós en Candeán.

Outra posibilidade é que o topónimo se refira a unha *mariñeira* (palabra recollida na parroquia de Zamáns): carro cargado de batume que se apañaba no monte comunal e se vendía despois nas parroquias do litoral, que tiñan máis dificultades para conseguiren esterco para os seus cultivos.

▶ Mouteira, A

A palabra *mouteira* presenta numerosas acepcións en galego, como 'marco de pedra que divide as herdades', 'mata de herbas ou plantas de pouca altura' ou 'conxunto de árbores ou plantas que destacan sobre as demais'. Nas parroquias da contorna de Candeán, esta forma úsase con frecuencia para referirse a unha mata de herbas. Da mesma raíz deriva a voz *mouta*, presente na fala do *val* de Fragoso, que designa unha pequena lomba ou elevación do terreo. Procede probablemente do preindoeuropeo MOT- ou MOUT- 'montículo' (Rivas Quintas, 1982). En Prado (Gondomar) unha *mouta* é unha mámoa, e en Coruxo (Vigo) a palabra *moutillón* é sinónimo de duna.

Rexistramos este topónimo en dous lugares ben distantes entre si da parroquia de Candeán:

— **A Mouteira** ou **O Campo da Mouteira** (nos Currás, A Fonte Escura).
— **As Mouteiras** (no Busto).

▶ Panasca, A

A forma feminina *panasca* resulta menos frecuente ca o masculino *panasco*. Segundo Eligio Rivas, unha *panasca* é un 'prado natural, que se vai cortando ou pacendo en fresco' (1978).

A Panasca é un pequeno campo da Parachán, que se encontra parcialmente edificado. Coñecemos un topónimo *As Panasqueiras* na serra do Galiñeiro, que dá nome a uns pasteiros naturais que son aproveitados pola gandaría extensiva e os cabalos galegos de monte. Pero os topónimos *Panasco* e *Panasca* poden localizarse tamén en terreos agrícolas (como ocorre neste caso), que designan quizais parcelas marxinais de secaño destinadas á produción de pasteiros naturais.

Véxase *O Panasco*.

▶ Panasco, O

Panasco é o nome que reciben na comarca os pasteiros naturais de gramíneas que medran de maneira natural nos montes. Xuntamente cos pastos leñosos de toxos, carrascos e outras especies, alimentaban a cabana gandeira que pastaba no pasado estas matogueiras mixtas en réxime extensivo. Nos montes periurbanos de Vigo, estas pequenas pradeiras e mouteiras de herba, intercaladas con pequenos arbustos, están formadas maioritariamente por especies do xénero *Agrostis* (*Agrostis* gr. *capillaris*, *Agrostis curtisii*), así como por *Pseudarrhenatherum longifolium*. Concretamente, en Gondomar puidemos identificar unha superficie de *panasco* coa axuda de informantes, e trátase da especie *Agrostis capillaris*. Non é exclusiva de terreos forestais, pois pode aparecer tamén en terras de secaño.

Nas depresións máis húmidas, abunda outra especie de gramínea que recibe o nome de *feo (Molinia caerulea)*, nome que tamén se aplica a outras herbas robustas de talle alto. Da forma *feo* deriva o colectivo *Fenal*, nome duns campos húmidos que se encontran baixo *A Casa da Madeiras*, en Subride. *Feo* procede do latín FENUM 'feo, forraxe para o gando'.

A palabra *panasco*, pola súa parte, podería derivar do latín PANNUS 'pano, farrapo' (Navaza Blanco, 2007a).

O Panasco é unha superficie agrícola de Erminde que linda co camiño do Cocho do Lago. Ocupa unha posición intermedia entre as veigas do Cocho do Lago e as leiras superiores dos Pinos. Podería deber o seu nome á súa vocación de pradeira de secaño. É coñecido tamén por algúns veciños e veciñas como **O Penasco**, variante da forma anterior.

▶ Pouleira, A

Topónimo presente en dúas zonas distintas de Candeán:

— **A Pouleira** ou **As Pouleiras** (na Valadiña).

— **A Pouleira**, **O Camiño da Pouleira** e **O Carreiro da Pouleira** (na Igrexa).

Poulo é un xenérico que designa as terras de cultivo que se deixan de traballar e quedan abandonadas ou *a poulo*. Noutras parroquias de Vigo (como Coruxo ou Bembrive), o substantivo *poulo* significa 'prado de regadío destinado á produción de forraxe para os animais, ou pastado directamente polo gando'. En Candeán este significado está cuberto por outra forma distinta: *seguedo*. Unha parroquia de Vigo inclúe a palabra *poulo* na súa denominación: San Xoán Poulo ou San Xoán do Monte.

A palabra *poulo*, da cal deriva o topónimo *Pouleira*, procede do latín PABULUM 'pasto, forraxe, alimento para o gando' (Marqués Valea, 2004).

▶ Queimada, A

É o nome duns terreos que se encontran na zona de contacto entre *As Coutadas do Ferro Vello* e as veigas de *Os Sileiros*, en Erminde. Son coñecidas como **A Queimada** ou **As Queimadas**, aínda que tamén rexistramos a variante masculina **O Queimado**. Unha das leiras que existen neste lugar é denominada **A Queimada Larga**.

A forma *queimada* deriva do participio latín CREMATA 'queimada, reducida a cinzas'. Está relacionada semanticamente co topónimo *Cernada*, que procede á súa vez de CINERATAS, do verbo latino CINERARE 'incinerar, queimar' (Navaza Blanco, 2007a).

As *queimadas*, en galego e portugués, eran superficies de monte que se queimaban periodicamente para sementar nelas trigo ou centeo, en ciclos de varios anos rotando co mato. Tamén eran chamadas *estivadas*. As queimas forestais poderían estar na orixe doutro topónimo que tratamos así mesmo neste libro: *O Busto*. Aludiría neste caso a queimas de rexeneración de pastos.

Véxase *A Cachada*.

▶ Rabadeira, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (Capítulo 3).

▶ Rapada, A

A Rapada (nomeada tamén en plural **As Rapadas**) é un topónimo que se sitúa na zona de transición entre o espazo agrícola e o forestal. Inclúe terras de cultivo **(Os Campos da Rapada)** e parcelas de monte de propiedade particular **(As Coutadas das Rapadas)**, situados baixo o camiño do Cocho do Lago. Esta situación do topónimo, na superficie de contacto entre os dous medios, sería semellante á que había no ano 1753, pois o Catastro de Ensenada recolle a existencia dunha devesa, terras de secaño e regadío no lugar de «A Rapada».

Rapado/a é o participio do verbo *rapar* 'cortar a rente, raspar, pelar ou arrancar'. En realidade, pode presentar significados moi variados, como afeitar a barba ou a cabeza, segar a herba polo pé, arrancar algo con violencia, mondar un froito etc. Non obstante, no ámbito agrícola, un pasteiro ou unha coutada *rapada* ten o significado de 'pacida ata a raíz polo gando' ou 'cortada a rente' (con sacha ou coa gadaña de toxo, por exemplo, para obter o *batume* destinado ás cortes dos animais).

Nesta acepción, a forma *rapado/a* estaría relacionada co topónimo *Rapadouro*, que aparece recollido en Saiáns (Vigo) (Navaza Blanco, 2011: 91), Chandebrito (Nigrán) etc. No caso concreto de Chandebrito, *O Rapadouro* é unha chaira que alternaba zonas de carrasqueira con panasqueiras nos claros herbosos, onde tamén existía unha poza temporal de gran tamaño. Aínda que hoxe en día se encontra moi alterado, no Rapadouro cortábase periodicamente o monte baixo (toxo gateño, carrascos, gramíneas…) para estrume do gando. Por outro lado, o pasto tamén era aproveitado directamente polos animais.

▶ Roza, A

A nomenclatura viaria oficial de Candeán rexistra a forma *Camiño da Rosa*, pero en realidade o nome deste camiño sen saída, que serve de acceso á *Casa do Torea*, está vinculado aos campos de *A Roza*; palabra pronunciada con seseo, de aí a confusión. *A Roza* é unha pequena superficie agrícola composta por varias leiras paralelas, situada entre *A de Peña* e *A Quinta*, nas proximidades do barrio do Salgueiro. Deu nome a diversos topónimos:

A Roza ou **As Rozas** (lembremos que esta zona está dividida en varias parcelas individuais) ou **Os Campos da Roza**, **A Coutada da Roza**, **A Roza das Pedras**, **O Cornello da Roza**, **O Río da Roza**, **A Presa da Roza**, **O Camiño da Roza** ou **Camiño do Pontillón** e **A Viña da Roza**.

O *Camiño da Roza* é o nome dun carreiro que discorre a carón do *Río da Roza*, distinto do camiño asfaltado. Este último recibe da veciñanza da zona o nome de *Camiño do Lago* ou *Camiño do Torea*.

No Catastro de Ensenada están recollidas as formas «Rosa de Avajo» (ou «Roza de Avajo»), «Cocho da Rosa», «Campo da Rosa Pequeno», «A Rosa de Arriba» e «Campo da Rrosa de Arriva». Vemos como nalgún caso o topónimo rexístrase con 'z': «A Roza».

A palabra *rozar* deriva do latín vulgar RUPTIARE, relacionado á súa vez co clásico RUMPERE 'romper'. O significado antigo deste termo era 'romper, amansar o monte' (Marqués Valea, 2004), aínda que na actualidade *rozar* é sinónimo de desbravar, aplicado á corta de silveiras e vexetación leñosa. As rozas da antigüidade consistían na corta e roce de bosques e superficies de mato, que logo eran cavados e, ao cabo, transformados en novas terras de cultivo. As rozas e postas en cultivo de extensas superficies de monte sucedéronse ao longo da nosa historia, en especial desde a Alta Idade Media ata o século XIX (Navaza Blanco, 2007a).

Este proceso deixou abondosas pegadas na toponimia galega, onde as formas *Roza* e *Rozada* resultan frecuentes. Outros topónimos vinculados coa expansión das superficies de cultivo mediante a cavadura de montes son *A Rotea*, *A Vesada* e *A Cavada*.

▶ Seguedo

O substantivo *seguedo* é un xenérico local. Designa os campos que se destinan á produción de herba e pasto permanente. Mantéñense verdes durante todo o ano debido á achega de auga que reciben, conducida a través dun rego desde o *peirao* dun río ou regato ata a súa cabeceira. Aínda que en menor medida, en Candeán reciben tamén o nome de *herbais*, aínda que algúns e algunhas informantes sinalan que esta denominación é máis propia da parroquia redondelá de Cabeiro. Noutros lugares de Vigo son coñecidos como *poulos*, *poulas* ou *pouleiras*.

O nome de *seguedo* non está rexistrado nos dicionarios de galego consultados, pois trátase posiblemente dunha forma local de ámbito

moi reducido. En Galiza estes terreos denomínanse normalmente *prados* ou *lameiros*.

A orixe deste topónimo podería estar no verbo *segar*, do latín SECARE 'cortar', mais o sufixo abundancial *-edo*. A recollida de toponimia na parroquia de Candeán deparou diversos topónimos que inclúen a palabra *seguedo*: **O Seguedo do Pontillón** ou **Seguedo do Muíño**, **Os Seguedos do Campo do Muíño**, **O Seguedo** (na Fonte Escura), **Os Seguedos dos Canquelos**, **Os Seguedos de Sorrego**, **O Seguedo de Lamas**, **Os Seguedos das Regueiras** (Erminde), **Os Seguedos dos Amieiros, O Seguedo da Fonte do Seixo**, **Os Seguedos da Barxa**, **Os Seguedos dos Carrasqueiros**, **Os Seguedos das Chans**, **O Seguedo Novo** e **Os Seguedos das Capitainas**.

▶ Serodio, O

Terra de cultivo situada na Parachán. *Serodio* é un adxectivo referido, polo xeral, a un produto ou froito do campo que se sementa ou recolle tardiamente, en relación cos demais da súa especie. Trátase en moitos casos de variedades que xa teñen este carácter e que presentan denominacións tales como *millo serodio*, *castaña serodia*, *mazá serodia* etc. É o termo oposto a *temperán* ou *do cedo*.

Tamén se aplica a animais ou mesmo a persoas que naceron tardiamente. Así, un neno *serodio* é o que foi concibido por uns proxenitores xa maiores, ou que naceu a finais do inverno. Esta podería ser a orixe do apelido galego *Serodio*. Descoñecemos se o topónimo **O Serodio** da Parachán ten a súa orixe nun propietario que se apelidaba deste modo, ou ben se se trata dunha terra na que se recollía o froito tardiamente. A palabra serodio deriva do latín SEROTINUS 'tardío'.

▶ Suahorta, A

Véxase *A Horta*.

▶ Sueira, A

A Sueira ou **Sueiras** é o nome dunha pequena superficie agrícola situada baixo O Penedo (Erminde). Encontramos ademais un segundo topónimo **As Sueiras** baixo A Rabadeira. Esta última é unha área de

cultivo limitada por socalcos, composta por varias leiras individuais. Na nosa opinión, trátase novamente dun plural derivado da existencia de varias parcelas distintas, polo que o topónimo orixinal ben puido ser *A Sueira*. No Catastro de Ensenada este topónimo aparece rexistrado como «Soeiras» ou «Soeyras».

Entendemos que a forma *sueira* ou *soeira* está composta pola palabra *eira* mais un prefixo *so-* (> *sub-*), que significa polo tanto 'baixo a eira'. En moitos casos, ao pé das eiras situadas nos lindeiros dos núcleos rurais existen terras de cultivo dedicadas a horta, que nalgúns casos poderían tomar o nome de *Soeira* ou *Sueira* (Sestay Martínez, 2010). Analizando a localización dos dous topónimos que presentan esta forma en Candeán, vemos como efectivamente os dous se sitúan aos pés de antigos asentamentos que se poden observar no voo americano dos anos 1956 e 1957, como O Penedo e A Rabadeira. Pero que xa existían como núcleos rurais no século XVIII, con seguridade no caso da Rabadeira e de modo non tan claro no Penedo.

Véxase *A Eira de Dentro*.

▶ Travesas, As

As Travesas (ou **As Coutadas das Travesas**) son unhas parcelas forestais de propiedade particular situadas baixo A Fonte do Seixo.

Travesa e *traveso* son dous adxectivos que se aplican a obxectos ou terreos dispostos de maneira perpendicular ou transversal ao respecto dalgún elemento que se toma como referencia (Navaza Blanco, 2007a). Quizais estas coutadas daban a impresión de estaren 'atravesadas' con relación con algún camiño ou coutada próxima.

As dúas formas derivan do latín TRAVERSU, TRAVERSA 'transversal, oblícuo'.

▶ Valadiña, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Valado, O

Do latín VALLATUM (de VALLUM 'estacada') deriva o galego *valado*: 'construción vertical non moi alta, de pedra, arame, terróns ou outro

material coa que se cerra ou delimita un espazo' *(Dicionario da Real Academia Galega)*. Nas parroquias de Vigo, o xenérico *valado* refírese ademais ás paredes de pedra que serven de contención ás terras de cultivo que se dispoñen a modo de socalcos, técnica tradicional de conservación dos solos de grande antigüidade, que permite a labrada dos campos en ladeiras de certa pendente. Este significado aparece na definición de Marcial Valladares Núñez (1884): 'Dícese comunmente de los muros hechos de toda clase de piedra, sin cal, ni barro y cuya altura suele ser de ocho ó diez cuartas. Sirven para el cerramiento y resguardo de terrenos, ó bien para el sostenimiento de tierras'.

Do substantivo *valado* procede o topónimo Valadares, que lle dá nome a unha das parroquias que integran o concello de Vigo, desde a anexión do desaparecido concello de Lavadores. A forma patrimonial Valadares encóntrase actualmente en perigo, desprazada polo forma castelanizada 'Valladares'.

O Valado (en plural **Os Valados**) é unha superficie de cultivo situada a carón do *Salgueiro*, que no século XVIII estaba ocupada por terras de secaño e monte. Naquel tempo, O Salgueiro aínda non estaba habitado.

Derivado de valado é o topónimo *Saltavalados*, que aparece en dúas zonas distintas da parroquia:

— **O Saltavalados** (sobre Os Quintiáns, na Rabadeira).
— **Os Saltavalados** (sobre a Presa da Regueira, na Fonte Escura).

Descoñecemos a orixe deste topónimo. *Saltasebes* é o nome de varias plantas de hábitos gabeadores, como as *uvas de can (Tamus communis)*. Non obstante, os valados de pedra ou terra (como os que abundan na parroquia) difiren moito dos valados vexetais nos que gabean estas especies.

▶ Valo

O substantivo *valo* é sinónimo de *valado (Dicionario da Real Academia Galega)*. No entanto, en lugares onde conviven as dúas formas, un *valo* é un muro máis baixo e rústico ca o valado, que pode ser de pedra ou de terra. Esta diferenciación semántica foi observada no concello de Aranga (Couceiro, 1967). Descoñecemos o significado deste termo na parroquia de Candeán, de conservarse como xenérico.

Recollemos a forma *valo* nos topónimos seguintes:

— **A Pedra do Valo** ou **As Pedras do Valo**, **O Camiño da Pedra do Valo**, **As Lagoas da Pedra do Valo**, **As Coutadas da Pedra do Valo**, **As Pozas do Valo** e **A Presa do Canto do Valo**. A Pedra do Valo é unha zona forestal integrada por propiedades particulares ou coutadas, situadas baixo o monte da Pedra Longa. Este nome xa aparece mencionado no Catastro de Ensenada.

— **A Presa do Canto do Valo** e **O Rego da Presa do Canto do Valo** (na Poba).

Véxase *O Valado*.

▶ Veiga

A palabra *veiga* é de orixe prerromana (Navaza Blanco, 2011: 36) e aínda se conserva como xenérico na fala local. Designa un terreo chan e fértil, que normalmente está situado nas marxes dun río ou regato. O significado de *veiga* aseméllase bastante ao de *barxa* ou barcia; terreos estes últimos que comparten moitas características coas veigas, pero que presentan a particularidade de que resultan alagados con frecuencia polas enchentes dos ríos, pois ocupan en moitas ocasións as propias chás de inundación.

É unha forma presente en numerosos topónimos de Candeán. Estes non se sitúan sempre en zonas húmidas e poden referirse, en xeral, a calquera superficie de labradío. Topónimos que incorporan algún atributo destes campos, como a súa forma ou dimensións, son **A Veiga Grande** (preto do camiño de Gondomar), **A Veiga Grande** (A Vesada), **A Veiga Aberta** (As Maceiras), **A Veiga Longa** ou **Veigha Lonca** (baixo O Rial de Leiros).

Noutros casos, refírense á súa localización ou posición relativa: **A Veiga do Carreiro** (avenida do Aeroporto), **A Veiga de Arriba** (no camiño da Trepia), **As Veigas da Presa** (a carón das Presas de Erminde), **As Veigas da Fonte** (A Rabadeira), **As Veigas da Mancoña** (A Lomba), **As Veigas de Bosende** (A Rabadeira), **As Veigas do Cocho** (O Busto), **As Veigas de Xistros** ou **de Xisto** (Erminde).

Tamén se poden referir a un antigo propietario ou propietaria, como o caso de **As Veigas da Coxa** (A Lomba).

▶ Vesada, A

O topónimo *Vesada* aparece recollido en dúas zonas da parroquia:

— **A Vesada** ou **As Vesadas**, **A Vesada de Arriba** e **A Vesada de Abaixo** (está situada baixo a avenida do Aeroporto, entre Rabodeasno —Candeán— e O Outeiro —Cabral).

— **A Vesada**. Núcleo tradicional de poboamento, que nos tempos do Catastro de Ensenada contaba cunha única casa terreña. Ademais do lugar da Vesada, rexistramos tamén os topónimos **Os Campos da Vesada**, **A Fonte da Vesada** e **O Camiño da Vesada** (sitúanse sobre O Caeiro).

A Vesada podería formar parte do numeroso grupo de topónimos que aluden ao proceso de expansión das terras agrícolas, a custa da cavadura de moitas superficies forestais. Proceso que consistía basicamente na corta e eliminación de bosques e matogueiras, e na súa transformación en novas terras de labor. Estas cavaduras viviron o seu momento culminante entre a Alta Idade Media e o século XIX. Outros topónimos que integran tamén este fértil grupo son *A Cavada*, *A Cachada*, *A Rotea* e *A Roza*.

A palabra *Vesada* procede do latín VERSATA, participio do verbo VERSARE 'abrir sulcos de terra volteada co arado' (Navaza Blanco, 2011: 102). Segundo outros autores, o termo *Vesada* aludiría a terras labradas, independentemente da súa orixe (Sestay Martínez, 2010: 182).

En sentido figurado, a sucesión de sucos ou liñas que o arado vai abrindo na terra expresa a cadencia dos *versos* das composicións poéticas. A etimoloxía da palabra *verso* deriva precisamente do mesmo verbo latino que lle deu lugar a este topónimo: VERSARE.

O MEDIO SOCIAL

▶ Alvariza, A

É o nome dunha pequena parcela que linda coa *Casa da Tía Pilar da Castiñeira*, na Lagoa (A Rabadeira).

A palabra galega *alvariza* significa 'apiario, grupo de colmeas', pero tamén pode designar unha colmea individual. Son moi coñecidas as alvarizas monumentais de altas paredes circulares que existen

nalgunhas comarcas galegas de montaña, como O Incio, O Courel e O Candán, destinadas a protexer os *trobos* das incursións dos osos, grandes afeccionados ao mel. Eran construídas lonxe das aldeas, en ladeiras solleiras e con frecuencia de forte pendente. No caso deste topónimo de Candeán, trataríase posiblemente dun pequeno conxunto de colmeas, situadas a pouca distancia dalgunha casa antiga da zona da Lagoa-Os Cocheiros.

A apicultura é unha modalidade de gandaría de raíces prehistóricas, que se basea no manexo da abella melífera *(Apis mellifera)*, para a produción de mel e de cera. A palabra *alvariza* procede posiblemente de ALVEARICEA (Ares Vázquez, 2007), do latín ALVEARIUM 'panal, conxunto de celas —ou alvéolos— onde as abellas depositan os ovos e o alimento'.

▶ Barreira, A

Conteñen esta forma dous topónimos da parroquia de Candeán:

— **A Barreira** (no camiño de Gondomar).

— **A Casa da Barreira** (sobre O Salgueiro).

Unha *barreira* é un lugar onde abunda o barro, ou ben onde este se extrae como materia prima para elaborar obxectos cerámicos ou material de construción. A palabra *barro*, de orixe prerromana, é sinónimo de *arxila* 'material que se encontra na camada profunda do solo composto por silicatos de aluminio, formado pola descomposición e reorganización interna de granitos e outras rochas'. Puidemos comprobar como no lugar de *A Barreira* existe efectivamente un depósito deste mineral de nova formación. Por outra parte, a mestura de terra con auga recibe nesta comarca o nome de *lama*, que presenta un carácter distinto ao barro.

O segundo topónimo ten a súa orixe no alcume *A Barreira*, derivado quizais do apelido *Barreiro*. O Val de Fragoso (en concreto a parroquia de Lavadores) é un foco de irradiación deste apelido toponímico, debido á presenza do barrio de *O Barreiro* (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014).

▶ Campo da Porta, O

É outro topónimo que se mantén inalterado desde o ano 1753 ata os nosos días. Dá nome a unha superficie agrícola que nos tempos do

Catastro de Ensenada estaba ocupada por hortas e regadíos. A presenza de hortas, en particular, apunta á actual encrucillada da Freiría (situada sobre O Campo da Porta) como parte do posible núcleo fundacional deste poboamento, integrado polas sete casas terreñas que aparecen citadas no histórico documento.

O topónimo *Porta* deriva do latín PORTAM 'portón, porta grande'. O seu significado vai máis alá da coñecida 'abertura feita nunha parede, moble, cerca etc., para permitir o acceso' *(Dicionario da Real Academia Galega)*. Pode designar tamén un 'paso aberto nun muro ou nun valado que franquea o acceso a un terreo, presentando unha largura tal que permite o paso dun carro'. Unha forma semellante a porta é *portelo*; este en cambio é máis estreito e só pode ser atravesado por persoas e animais.

Non obstante, quizais a *porta* orixinal que deu lugar a este topónimo non servise de acceso a ningunha parcela agrícola. O límite norte do *Campo da Porta* coincide precisamente co punto de entrada no núcleo antigo da Freiría desde a poboación máis próxima. Como se observa no mapa de pendentes (Centro de Descargas de Información Xeográfica. Instituto de Estudos do Territorio. Pendentes_0223A-0605), neste lugar concreto existe ademais un paso natural que permite a entrada de persoas e vehículos no núcleo da Freiría, unha abertura *(porta)* entre terrapléns, aparentemente de orixe artificial. Podería tratarse dun caso análogo á «Porta» que o Catastro de Ensenada rexistra na parroquia de Beade, e podería aludir ao lugar de acceso ao antigo núcleo altomedieval de *Saa* (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014: 31).

Pensamos que pagaría a pena examinar con detalle o relevo que presenta esta poboación e o terreo que a circunda, pois existe un complexo sistema de socalcos agrícolas e terrapléns de maiores dimensións (quizais de carácter defensivo) que envolven o castro e o núcleo orixinal da Freiría. Un estudo en profundidade desta área permitiría datar estas estruturas, así como establecer posibles relacións entre o poboamento castrexo e o asentamento posterior. O propio topónimo *A Freiría* semella suxerir ademais a existencia dun desaparecido edificio relixioso neste lugar.

▶ Canexa, A

Canexa é un xenérico que rexistramos na fala local de Candeán, co significado de 'camiño de paso estreito'. Existe ademais unha forma aumentativa *canexón*. *Canexa* semella ser unha variante da normativa *canella* ou *calella* 'camiño estreito e fondo entre elevacións do terreo, paso entre montañas, rúa ou camiño moi estreito entre valos ou casas' *(Dicionario da Real Academia Galega)*. Deriva do latín CANALICULA 'pequena condución ou tubaxe'. Incorporando esta mesma raíz están rexistradas en diversas parroquias viguesas as formas *canicosta* (camiño moi costaneiro, relacionado coas variantes *quirincosta* ou *caringosta*) e *canicouba* (camiño escuro e profundo, polo xeral enlamado).

O topónimo *Canexa* repítese en varios lugares da parroquia:

— **A Canexa**, tamén chamada **Camiño da Gaiteira** (na Devesa).
— **A Canexa** (na Maleita).
— **A Canexa** (en Erminde).
— **A Canexa** (no Monte Pequeno).
— **A Canexa** e **A Coutada da Canexa** (sobre A Coutada do Abade).
— **A Costa da Canexa** ou **Camiño da Ramploia** (na Maceira).

▶ Cardadeira, A

O topónimo **A Cardadeira** localízase no norte da Igrexa, a carón da Coutada de Fóra. No Catastro de Ensenada está rexistrada como monte, aínda que nas súas proximidades se encontraba o regadío do Fabal. Ao pé deste lugar existe unha presa coñecida como **A Presa das Cardadeiras**.

A palabra *cardadeira* está relacionada con *cardo* (latín CARDUS) (Marqués Valea, 2004: 800), nome xenérico dun grupo de plantas da familia das compostas que teñen en común a presenza de abondosas espiñas en follas, caules, e nas follas modificadas que protexen flores e froitos. Non obstante, o topónimo *Cardadeira* deriva de *carda*, peite cardador que consiste nunha táboa de madeira cuberta de puntas metálicas (a semellanza das espiñas defensivas dos cardos).

A carda empregábase para cardar ou peitear a la despois de lavala e limpala, para poder fiala despois con facilidade. Unha carda de dentes máis longos era usada así mesmo para asedar o liño espadelado (Rivas Quintas, 1978).

A terminación *-eira* que presenta este topónimo fainos pensar que podería aludir ao alcume dunha muller que cardaba la ou liño. De ser así, trataríase probablemente dun alcume ou *apoio* perdido na actualidade, pois non aparece rexistrado no traballo de campo. As «Respostas xerais ao interrogatorio» do Catastro de Ensenada dan conta da importancia dos recursos citados na economía do Candeán do século XVIII.

▶ Casa, A

Tras da Casa (A Fonte Escura) e **O Lugar da Casa Vella** (A Lomba) son dous topónimos que conteñen a palabra *casa*. O máis frecuente, porén, é que a propia casa se erixa en topónimo independente, pois constitúe a unidade básica de poboamento, ademais dun referente espacial fundamental para o conxunto da comunidade. A carón de cada unha das vivendas existía un eido, unha horta, un canastro coa súa eira, unha cabana ou alpendre (antigamente eran chozas con teito de colmo) e outras construcións accesorias, como currais independentes para o gando. A casa e todos os elementos complementarios estaban circundados por unha parede que rodeaba toda a propiedade familiar ou *lugar*.

Cada casa tiña un nome propio, que era o do seu propietario ou propietaria (xeralmente, o patrón ou patroa), acompañado do seu alcume familiar, do nome dalgún proxenitor ou proxenitora ou do topónimo do lugar; características estas que permitían individualizar a vivenda, nun tempo en que os nomes de muller e de home tendían a repetirse con moita frecuencia.

A listaxe de topónimos sería interminable, pois practicamente son tantos como o número de vivendas habitadas por veciños e veciñas nados na parroquia. Pero o seu coñecemento resulta, non obstante, de grande interese, pois os nomes das primeiras casas permítennos ter unha radiografía do Candeán histórico, enraizado aínda na sociedade labrega anterior. A modo de exemplo, no antigo núcleo rural da Goleta rexistramos os seguintes topónimos coas denominacións da casas antigas: **A Casa da Tía Argentina da Coxa**, **A Casa da Tía Manuela da Cavada**, **A Casa da Xinela**, **A Casa da Tía Isolina do Moxenas**, **A Casa de Pepe o Goletas**, **A Casa de Margarita da Cañoteira**, **A Casa de Xan do Rato**, **A Casa da Tía Pepa**, **A Casa do Panoias**, **A Casa do Chiño**, **A Casa da Lebrisca**, ademais da **Taberna da Tía Rosa da Coxa**.

A palabra *casa* procede do latín CASAM 'choza, palloza' (Marqués Valea, 2004).



Casa antiga con forno no lugar do Salgueiro

▶ Casarella, A

Son os restos dunha casa antiga que existía na Fonte Escura, coñecida tamén como **A Casa da Coquisa**.

Casarella é un xenérico vivo na parroquia de Candeán, co significado de 'casa vella'. Esta forma podería derivar do diminutivo de casa CASARICULA, que hoxe en día pode ter un certo sentido despectivo (Marqués Valea, 2004). En galego, unha *casarella* (ou un *casarello*) é unha casa 'vella e arruinada'. Ás veces tamén se incorporan os significados de 'casa pequena' e 'casa pobre'.

▶ Costa, A

A palabra *costa*, de uso común, alude a un terreo de pendente pronunciada. Pero tamén se aplica a un tramo de camiño *costaneiro,* que debe vencer un desnivel. Deriva do latín COSTA 'costela, lombo, lado ou ladeira'.

A parroquia de Candeán está asentada sobre ladeiras e terreos de relevo irregular, polo que a maioría das actuais vías de comunicación (moitas das cales teñen a súa orixe en antigas corredoiras) presentan con frecuencia tramos de forte pendente. Estas *costas* recibían, polo xeral, o nome dalgún veciño ou veciña que vivía a carón delas: **A Costa da Taboada**, **A Costa da Gaiteira**, **A Costa da Covela**, **A Costa do Xastre**, **A Costa do Piojito**, **A Costa de Mariños**, **A Costa do Cañón** ou **A Costa do Salgado**.

Non segue esta tendencia **A Costa da Canexa**, que adoptou o nome do propio camiño.

▶ Cuarto, O

Superficie de cultivo que se encontra baixo A Lomba. No Catastro de Ensenada aparece rexistrada co nome de «Carto do Tellado». Non existe confusión posible coa correspondencia destes dous topónimos, pois o actual *Cuarto* linda efectivamente cos campos de *O Tellado*.

A semellanza doutros topónimos análogos, como *Tercias* e *Quintas*, as formas *Carto*, *Cuarto* e *Cuarta* designan a fracción de cultivo destinada ao pagamento de tributos ao propietario dunhas terras, por parte dos labregos e labregas que as traballaban. Serían neste caso o

que se denominaban «terras aforadas á quarta», polas cales debían pagar a cuarta parte do producido (Navaza Blanco, 2007a). Este é un topónimo que nos remite ao réxime foral, que dominou o sistema agrario galego desde o século XIII ata comezos do XX. Neste réxime, os labregos estaban sometidos a contratos de orixe medieval de longa duración, que lles permitían cultivar unhas terras que non posuían en propiedade, a cambio de entregaren unha renda fixa ou (neste caso) proporcional á produción delas, en especie, a un señor feudal ou a unha institución relixiosa ou militar.

A palabra *cuarto* procede do ordinal latino QUARTUS 'cuarto'. A parcela de **O Cuarto** podería estar reservada, quizais, á produción agrícola destinada a pagar os foros correspondentes aos campos do Tellado.

Cun significado análogo a este topónimo encontramos no Catastro de Ensenada a forma *Tercio* en «Leyras do Tercio» (non rexistrada no traballo de campo). Deriva do latín TERTIUM 'terceira', neste caso o pagamento correspondería á terceira parte da produción.

▶ Currás, Os

A palabra *curral* pode presentar diversos significados en galego, como 'corte para os animais que non se localiza no andar inferior da vivenda, senón nunha estrutura independente' ou 'espazo descuberto e pechado situado fronte á casa, onde se garda o estrume e a leña'.

Do singular *curral* (forma orixinada no latín vulgar CURRALE) deriva o plural *Currás* (Navaza Blanco, 2007a). Este topónimo dá nome a un núcleo habitado próximo á Fonte Escura, que non figura no Catastro de Ensenada, e que décadas atrás podería estar composto por dúas únicas vivendas.

▶ Ferreira, A

Superficie agrícola contigua á Rabadeira, que aparece citada no Catastro de Ensenada co nome de «Ferreiras». O topónimo *Ferreira* semella derivar do latín FERRARIA 'mina de ferro'. A morfoloxía do lugar non nos permite apreciar, porén, ningún tipo de anomalía superficial ou movementos de terra, asociados a antigas actividades extractivas. O nome poderíase deber, quizais, a unha concentración de óxidos de

ferro nos horizontes profundos do solo, ou a algún fenómeno xeolóxico semellante. Outra posibilidade é que *Ferreira* fose o alcume familiar da muller, filla ou descendente dun *ferreiro* 'persoa que traballa o ferro'.

▶ Largo

O substantivo e xenérico local *largo* designa un espazo aberto e amplo de uso común, situado nunha encrucillada no centro dun antigo núcleo rural, a modo de praza. Esta forma procede do adxectivo *largo*, derivado do latín LARGUM 'amplo, extenso' (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014).

En Candeán existe o chamado **Largo da Rabadeira**, no cruzamento entre os camiños da Rabadeira e O Solombo. Arredor deste espazo dispúñanse moitas casas antigas do lugar. A escasa distancia da estrema histórica coa parroquia de Cabral encóntrase ademais **O Largo do Caeiro**, espazosa encrucillada de catro camiños no núcleo antigo do barrio.

▶ Lugar

A palabra *lugar* procede do latín LOCALEM 'local, propio do lugar', derivado de LOCUS 'lugar'. Pode presentar diversos significados en galego: 'pequeno núcleo rural composto por unhas poucas casas, que sumado a outros semellantes compoñen unha parroquia', 'conxunto formado por unha vivenda e as súas terras de cultivo' ou 'terras contiguas a unha casa, que xunto con ela forman unha única superficie separada do exterior por medio dunha parede'. Este último é o sentido que adopta o termo *lugar* en Candeán, onde practicamente existen tantos lugares coma vivendas, aínda que esta denominación se vai perdendo pouco a pouco na actualidade. Ademais de usarse como xenérico para referirse ao eido propio, a palabra *lugar* foi quedando fixada na toponimia local, pois identifica a ollos dos veciños e veciñas unha gran cantidade de parcelas, que as vincula cos seus propietarios e cos seus alcumes familiares. Así, a cartografía toponímica de Candeán rexistra formas como **O Lugar do Mantido**, **O Lugar dos Frebes**, **O Lugar das de Outeiro**, **O Lugar de Tía Aurora a Fandunga**, **O Lugar da Carmela**, **O Lugar da Tía Hermosinda**, **O Lugar do Xastre**, **O Lugar da Castiñeira**, **O Lugar das Coceicións, O Lugar do Pito**, **O Lugar da Sileira**, **O Lugar**

do Serafín, **O Lugar do Zapateiro**, **O Lugar do Cantarelo** ou **O Lugar da Taboada**.

Tamén encontramos o topónimo *Lugar* acompañado dalgunha indicación sobre a súa posición relativa. Así, cando existe un lugar de certas dimensións situado a diferentes niveis, podemos encontrar un **Lugar de Arriba** (na Fonte Escura e na Fonte Branca) en oposición a un **Lugar de Abaixo** (A Fonte Escura); ou en relación á antigüidade deste un **Lugar Vello** (no Cerqueiro) e un **Lugar Novo** (coñecido tamén como **Lugar do Salvador**). Baixo o monte comunal de Pedras Negras temos ademais **O Lugar do Monte**, onde se encontran *As Casas dos Canquelos*.

▶ Maleita, A

A Maleita comprende campos de cultivo e coutadas, aínda que estas últimas sufriron unha intensa urbanización nas últimas décadas. Está situada entre O Cotobade e O Monte Pequeno. No Catastro de Ensenada aparece mencionada nunha única ocasión como «Coutada das Maleytas». Naquel tempo, é posible que a zona enteira estivese ocupada por coutadas. O mesmo Monte Pequeno semella ser un barrio relativamente recente, que no século XVIII posiblemente non contaba aínda con ningunha vivenda. O mapa toponímico de Candeán rexistra os seguintes topónimos coa palabra *Maleita*: **A Maleita** (ou **As Maleitas**), **A Fonte da Maleita**, **A Poza da Maleita**, **As Coutadas da Maleita**, **O Camiño da Maleita** e **Os Campos da Maleita**.

Maleita é o nome que recibían as febres palúdicas ou febres *tercianas* (de tres días), de carácter intermitente (Carré Alvarellos, 1928-1931). A palabra *maleita* deriva do latín MALEDICTA 'maldita'. As distintas variantes do paludismo, causado por protozoos do xénero *Plasmodium*, foron moi frecuentes na península ibérica ata mediados do século XX.

▶ Maleitiña, A

Como sucede noutros casos, **A Maleitiña** (derivado de *Maleita*) está situada nas proximidades do mesmo topónimo en forma non diminutiva. Posiblemente, en orixe referiríase a unha propiedade ou leira de pequeno tamaño situada na *Maleita*, que para distinguirse doutros predios de maior superficie adoptou esta forma.

No Catastro de Ensenada aparece o topónimo «Malertiñas», que se refire a unha zona de monte situada nesta zona. Cremos que se trata dunha transcrición errada de *As Maleitiñas*.

Véxase *A Maleita*.

▶ Meladas, As

Nome dunha zona agrícola que se localiza sobre A Valadiña. No Catastro de Ensenada aparece rexistrada como «Meladas», «Madalas» e «Meladas de Arriba».

Como substantivo, unha *melada* é o conxunto do mel producido nun determinado período *(Dicionário Eletrónico Estraviz)*. Porén, pode tratarse dun adxectivo derivado do verbo *melar* 'rillar algo polas esquinas' (figuradamente, podería referirse a unha parcela agrícola) ou 'romper o bordo ou fío dun instrumento de corte, fanar'. Na ría de Vigo téñense recollido ademais outras acepcións distintas da palabra *melar*, como son 'apodrecer unha froita' ou 'murchar unha planta por exceso de *auga' (Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués)*.

Por último, a forma «Madalas», unha das variantes incluídas no Catastro de Ensenada (descoñecemos se se trata simplemente dun erro de transcrición), lévanos a non desbotar a posibilidade de que o topónimo orixinal puidese ter sido *A(s) Malada(s)*. Neste caso o seu significado sería o de 'persoa suxeita a *maladía*', ou ben 'persoa enferma' (Boullón Agrelo, 1999: 292). A *maladía* foi un 'servizo obrigado, mais retribuído, que se debía prestar ao señor de certos dominios' (Carré Alvarellos, 1928-1931), e constitúe un modo de relación histórica que existiu durante o período medieval.

▶ Mellora, A

Terra de cultivo situada na Fonte Escura, que recibe os nomes de **A Mellora** ou **A Millora**.

A mellora é a parte da herdanza que os ascendentes deixan a un descendente a maiores da que lle correspondería nun reparto a partes iguais ou *lexítima*. A súa finalidade é evitar a fragmentación excesiva dos bens familiares, favorecendo normalmente o fillo ou descendente que queda na casa familiar. A contía desta parte extraordinaria adoita ser dun terzo ou un quinto do valor total.

▶ Palleiro, O

O *palleiro* era a meda de palla que se facía preto da eira sobre un pau vertical, de forma cónica, onde se gardaba o feo despois da malla. Separábase do chan mediante unhas táboas para impedir que entrase a humidade desde abaixo. A palla e o colmo dispúñanse con coidado recubrindo a superficie exterior, e formaban unha camada practicamente impermeable á choiva. Deste modo conservábase a forraxe dos animais, coa que eran alimentados ao longo do ano. En Candeán recibía tamén o nome de *bardeiro*. A palabra *palleiro* provén do latín PALEA 'palla'.

Encontramos esta forma en dous topónimos da parroquia de Candeán:

— **O Palleiro** (na Poba).
— **Detrás do Palleiro** (na Vesada).

Localízanse a carón de antigas vivendas ou núcleos rurais. Así, *O Palleiro* está situado sobre *A Casa da Tía María do Oveira*, a poucos metros da *Casa da Conceución* (hoxe en ruínas). Detrás do Palleiro, pola súa parte, é un campo que se encontra baixo *A Eira de Dentro*, no núcleo antigo da Vesada.

▶ Pardiñeiro, O

A palabra *pardiñeiro* continúa viva nalgunhas parroquias do concello de Vigo, co significado de 'edificación arruinada'. O Catastro de Ensenada non recolle ningunha localización en Candeán con este nome, polo que quizais se trate de topónimos relativamente recentes. Algúns destes pardiñeiros poderían ser os restos de antigos asentamentos históricos abandonados que aparecen mencionados neste documento do século XVIII.

Encontramos este topónimo en dous lugares da parroquia de Candeán:

— **O Pardiñeiro** ou **Os Campos dos Pardiñeiros**, **A Presa dos Pardiñeiros**, **Os Pardiñeiros de Arriba** e **Os Pardiñeiros de Abaixo** (en Subride de Arriba).
— **As Pardiñeiras** (no camiño de Gondomar).

Esta forma ten a súa orixe no latín vulgar PARIETINARIU (Navaza Blanco, 2007a), derivado de PARIES, PARIETES 'parede dunha casa, muralla' ou tamén 'sebe arbustiva'.

▶ Pío, O

A palabra *pío* designa en galego diversos tipos de recipientes (xeralmente labrados en pedra) que poden servir para distintos usos, como encascar as redes de pesca, salgar o peixe, lavar etc. No entanto, nas parroquias do concello de Vigo *pío* ten o significado de *cunco* 'recipiente de pedra usado como bebedoiro para os animais domésticos'. Resulta menos frecuente en galego ca a forma feminina *pía*, ao ser característico da área suroccidental da provincia de Pontevedra (Navaza Blanco, 2007b). Deriva do latín PILUM 'pilón'.

O Pío é un pequeno lugar situado sobre o barrio da Igrexa, onde están rexistrados os topónimos **O Camiño do Pío**, **A Fonte do Pío**, **A Presa do Pío** e **Os Campos do Pío**.

▶ Pombal, O

Pombeiro ou *Pombeiras* son topónimos que aluden á presenza de *pombas*, palabra galega derivada do latín PALUMBA 'pomba'. Algúns destes lugares sitúanse en paraxes accidentadas e de difícil acceso, onde existen *fraguedos* nos que aniña (ou aniñaba) a pomba brava *(Columba livia)*, antepasada silvestre da pomba doméstica. A forma *pombal* refírese porén a estruturas artificiais concibidas para a cría de pombas domésticas en condicións controladas.

Segundo Eladio Rodríguez González (1958-1961) en Galiza existen dous tipos de construcións para pombas: un pequeno e caseiro (onde apenas crían unhas poucas parellas), chamado *pombeiro*, e outro de carácter monumental, que aparece como construción illada de forma circular con tellado propio, que recibiría o nome de *pombal*. Afirma que estes últimos estarían ocupados por pombas zuras e semisalvaxes. En realidade, as inquilinas dos pombais son as mesmas pombas domésticas que ocupan tamén os *pombeiros*.

O topónimo *O Pombal* localízase no cabo do **Camiño do Pombal** (rebautizado en tempos recentes como *Camiño de San Francisco*, sen base toponímica ou histórica ningunha). Dá nome a unhas antigas terras de cultivo que hoxe están edificadas na súa maior parte, situadas sobre a Fonte do Salgueiriño. Alude posiblemente a un pombal histórico hoxe desaparecido. Pensamos que a antiga construción estaría situada fóra

da superficie de cultivo; quizais no seu bordo oriental, onde existen uns socalcos de pendente moi pronunciada.

Sospeitamos que se trataba dunha construción independente, vinculada a algunha casa forte ou pazo que tampouco se conserva na actualidade. O rexistro dos topónimos «Pazo da Torre» e «Tras do Pazo» no Catastro de Ensenada (o segundo recollémolo nas proximidades do Pombal) apuntarían a esta posibilidade, pois é ben coñecida a vinculación dos pombais coas casas fidalgas. Por outro lado, a existencia nas proximidades do Pombal dos topónimos *As Pardiñeiras* (construción en ruínas), *A Torre* e *A Poba* (estes dous últimos relacionados con poboamentos medievais) reforzan esta idea. O Catastro de Ensenada sinala ademais a existencia no lugar do Pombal dunha casa terreña e unha horta, no ano 1753.

Outra forma relacionada, que rexistramos tamén na parroquia de Candeán, é o topónimo **Río da Pomba** (O Salgueiro). Este é un dos moitos nomes que vai presentando o río de San Cristovo ao longo do seu curso. A inmediata proximidade a este lugar da **Casa do Pomba** revélanos que deriva en realidade dun alcume familiar.

▶ Portal, O

Un portal pode ser unha abertura nunha parede ou finca que permite o paso do carro (véxase *Portela*), pero tamén unha porta grande (ás veces monumental) que serve de acceso a unha corte, un lugar, ou unha casa grande ou pazo.

En Candeán rexistramos dous topónimos que conteñen a palabra *portal*, que franquean o acceso a dous terreos grandes da parroquia:

— **O Portal da Escola**, na *Finca de Dona Amalia* ou *Quinta de Dona Amalia* (na Fonte Escura).
— **O Portal da Cruz** ou **Portal do Inglés**, no *Lugar do Pete* ou *A do Inglés* (en Subride).

Véxase *O Campo da Porta*.



O Portal da Cruz, en Subride

▶ Portela

O topónimo *Portela* pode presentar distintos significados. En espazos montañosos designa un paso natural entre dous montes ou montañas, que permite atravesar unha lomba ou unha serra polo lugar máis

accesible. Pero en zonas habitadas é unha 'porta pequena' (como a do forno) ou ben un 'acceso a un terreo coa largura suficiente para permitir o paso dos carros'. A palabra *portela* deriva do latín PORTELLA 'pequena porta'.

É un topónimo que está presente no nome dunha vivenda: **A Casa da Rita da Portela** (nacida quizais nun lugar chamado A Portela). Tamén está incluído no campo denominado **A de Portela**, que neste caso podería tomar o seu nome do apelido dun antigo propietario.

Volvendo ao primeiro significado que sinalamos para este topónimo, no Catastro de Ensenada aparece tamén o nome «Porto da Fraga» (non localizado), onde encontramos a forma *porto*, que aquí é sinónimo de *portela*. Aludiría quizais a un paso natural que existiría antigamente entre Candeán e as parroquias do veciño concello de Redondela, subindo por Erminde ata as cotas superiores do monte. O elemento *Fraga* deste topónimo suxire que se trataba posiblemente dunha zona moi pedrenta (véxase *A Fragana*).

Véxase *O Portelo*.

▶ Portelo, O

Abertura nunha parede ou valado que permite o acceso de persoas e animais a un terreo, delimitada ás veces por dúas pedras fincadas. Presenta un significado distinto a *portela* e *portal*, que son de maior largura e permiten o paso de carros. A forma *portelo* deriva do latín PORTA ('porta', 'abertura practicada nun muro'), mais o sufixo diminutivo *-elo* (do latín -ELLU).

O Portelo é un terreo agrícola situado na Poba.

Véxase *A Portela*.

▶ Quinta, A

Zona que comprende campos e coutadas, situada entre Os Saltavalados e O Quintián (A Rabadeira). Debido a que está dividida en varias parcelas, recibe indistintamente o nome singular **A Quinta** ou o plural **As Quintas**.

Este topónimo podería derivar do adxectivo numeral latino QUINTAM 'quinta'. O seu significado non está claro, aínda que na Idade Media designaba «uma sub-unidade agraria dentro de uma villa (rústica)

provida de casa de habitação, água, terra lavradia, pomares, vinhas, soutos etc.» (Machado, 1989: 23).

Segundo Marcial Valladares Núñez (1884) unha quinta é un «caserío, o sitio de recreo, en el campo (...) porque el poseedor de cada una solía pagar la quinta parte de sus frutos al dueño».

Como *A Quinta* da Rabadeira non está situada en zona urbanizada, nin existen que nós saibamos restos de edificacións nesta superficie, entendemos que este topónimo estaría relacionado con outros recollidos na parroquia, que conteñen tamén unha forma ordinal, como *O Cuarto*, *A Tercia* e *As Quintas*. Aludiría á fracción do cultivo producido por un terreo que os labregos lle debían pagar ao propietario dentro dun réxime foral.

▶ Quirincosta, A

A Quirincosta ou **Camiño da Quirincosta** é o nome dun antigo camiño empedrado, hoxe asfaltado, que descende ata os campos da Caeira, na Poba.

Para Lorena Carrasco e Gonzalo Navaza (2014), *quirincosta* (ou *quiringosta*) é unha variante de *congostra*, que está presente no galego suroccidental. Deriva do latín CO-ANGUSTAM 'estreito'. As *quirincostas* son camiños de carro angostos que discorren entre valados, ou ben afundidos no terreo, por efecto do paso dos carros durante centos (quizais nalgún caso miles) de anos.

No Val de Fragoso, non obstante, unha *canicosta* (variante de quirincosta) é un camiño que presenta unha forte pendente. Os camiños ou corredoiras profundos e escuros reciben a denominación de *canicoubas*.

▶ Tellado, O

Superficie agrícola próxima á Freiría que xa aparece mencionada no Catastro de Ensenada con este nome, incluída tamén no topónimo «Carto de Tellado». No interrogatorio aparece rexistrada neste lugar unha casa terreña, que sospeitamos que podería estar situada no lugar de *O Telladiño*, pequeno promontorio que se eleva sobre os cultivos, no límite dunha masa forestal chamada actualmente *A Devesa*.

O documento cita precisamente unha «dehesa» de máis de oito «ferrados» vinculada ao Tellado.

Na recollida de campo puidemos rexistrar as formas **O Tellado** e **Os Tellados**, así como o diminutivo **O Telladiño**. Este último designa un terreo de cultivo que se encontra nun nivel superior ao *Tellado*, separado apenas por un socalco intermedio. Pensamos que o uso da forma diminutiva en *O Telladiño* se debe ao menor tamaño deste en relación con *O Tellado*.

Tellado é o participio do verbo *tellar*, derivado do latín TEGULARE. Este topónimo semella referirse a construcións que presentaban unha cuberta de tella. Visto desde a perspectiva actual, pode parecer obvio que vivendas, cortellos e outras estruturas semellantes teñen e tiveron tellado, pero no pasado non foi así (Navaza Blanco, 2007a: 126).

En Candeán e nas parroquias próximas non existen no seu substrato xeolóxico xistos e lousas, senón rochas de granito e gneis. Non sería de esperar, polo tanto, que as construcións antigas da parroquia presentasen cubertas de tipo lousado. Non obstante, tal e como lembra aínda a memoria popular das parroquias de Vigo, si existían cubertas vexetais de colmo ou palla centea, que non protexerían só alboios e cortellos, senón probablemente tamén numerosas vivendas de fasquía primitiva, como eran as *casas terreñas*, pequenas casas dunha soa planta con piso de terra.

Quizais o topónimo *O Tellado* quixera distinguir unha vivenda ou calquera outra construción que presentaba unha cuberta de tella a diferenza das restantes, que poderían ser de palla. Lembremos que no Catastro de Ensenada, redactado no ano 1753, a maior parte das casas rexistradas en Candeán eran de tipo terreño, e existían moi poucas vivendas con andar superior. Posiblemente moitas destas casas primitivas presentaban un teitume forrado exteriormente con material vexetal.

▶ Trepia

O Camiño da Trepia e **A Calle da Trepia** son dous topónimos que se localizan sobre o barrio da Igrexa.

Unha *trepia* é un utensilio metálico de tres pés (de aí o seu nome) que se pousaba na lareira, sobre o cal se puñan ao lume potas e outros recipientes.

▶ Xinela, A

Topónimos como **A Coutada do Xinelas** e **O Campo do Xinela** semellan ter a súa orixe no alcume familiar Os Xinelas, presente tamén na **Casa do Xinela** (edificación en ruínas situada no Cotobade), **A Casa do Xinelas** (A Igrexa) e **O Lugar** e **Casa das Xinelas** (A Goleta).

Non obstante, a forma *Xinela* xa aparece documentada no Catastro de Ensenada como «A Xinela» ou «A Guinela». Isto fainos pensar que posiblemente o topónimo sexa anterior ao propio alcume.

Xinela é unha variante de *xanela* 'abertura nunha parede que permite o paso da luz e do aire ao interior dunha construción'. Aplícase por exemplo ás xaneliñas que presentan os muíños de auga nun muro lateral. A palabra *xanela* deriva do latín JANUA 'porta de entrada', mais un sufixo diminutivo medieval -ELLA, e desta fusión resulta a forma JANUELLA 'pequena ventá'.

▶ Zoques, Os

Os Zoques ou **O Monte dos Zoques** é unha zona forestal próxima á Rabadeira que se sitúa no límite entre as parroquias de Candeán e Cabral, sobre A Pedra do Moucho. É coñecido tamén como **O Monte dos Zocos**.

Zoque é unha variante de *zoco* 'calzado rústico coa sola de madeira e empeña de coiro, que se amalloa e cobre o nocello' *(Dicionario da Real Academia Galega)*. Nas parroquias do concello de Vigo este tipo de calzado coñécese sobre todo co nome de *zamancas*. A orixe desta palabra podería estar no latín SOCCU 'especie de zapato'.

POSESORES

▶ Bosende, O

Ao pé do pequeno núcleo do Busto encóntranse os campos de **O Bosende** ou **Os Bosendes**, coñecidos tamén como **As Veigas de Bosende**. No Catastro de Ensenada aparece en forma singular, como «Bosende» ou «Vosende», e figura ademais un «Cocho de Bosende».

Bosende semella ser un antropónimo, que conservaría a memoria dun antigo *possesor* destas terras de nome xermánico *Bado-sindus* (Ares Vázquez, 1994). Mosende, parroquia do concello do Porriño, podería ser unha variante do mesmo topónimo, resultado dun troco de consoantes bilabiais: *-b-* por *-m-*.

▶ Calloas

Os Campos das Calloas e **O Campo do Calloas** son dous topónimos que conteñen o alcume ou *apoio* familiar de *Calloas*.

Na fala gremial dos *cabaqueiros* (traballadores que se dedicaban á elaboración manual de tellas e ladrillos), unha *calloa* é unha muller maior. No entanto, a área de influencia cabaqueira sitúase no Baixo Miño e non aquí. Eligio Rivas Quintas (1978) sinala que unha calloa é unha 'holgazana, desidiosa'.

▶ Candeán

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Erminde

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Ferreiro

Do latín FERRARIUS 'persoa que traballa no ferro' deriva o galego *ferreiro*. Os oficios deron pé a numerosos alcumes familiares e persoais en Candeán, como *O Xastre*, *O Canteiro, O Barbeiro, A Peixeira, O Sereno* e *A Oveira* (vendedora de ovos). É o caso tamén do *Ferreiro*, nome que quedou fixado na toponimia da parroquia en formas como **A Coutada do Ferreiro** e **O Campo do Ferreiro** (no Cotobade), ou **A Casa de Agapito o Ferreiro** (A Poba).



A elaboración comercial de pan foi outra actividade de especial importancia no Candeán do século pasado, e orixinal diversos topónimos e alcumes familiares como *Hipólito do Forno*, *Os do Forno* ou *O Forneiro*. Na imaxe, antigo forno no *camiño da Igrexa*.

▶ Fregana, A

A Fregana (forma esta máis frecuente) ou *Fragana* é un sobrenome de Erminde moi usado entre as persoas que habitan noutros lugares da parroquia, que, non obstante, non é aceptado pola veciñanza deste barrio, pois considérano pexorativo.

A terminación *-ana* suxire que posiblemente nos encontremos perante un topónimo de formación recente, non mencionado no Catastro de Ensenada. O máis probable é que se trate do alcume dunha muller que residía neste lugar, que traballaba fregando. Na recollida de campo puidemos rexistrar unha referencia a un veciño alcumado *O Freganas*.

▶ Gondomar

O topónimo *Gondomar* localízase ao sur da Torre. Dá nome a unha superficie de cultivo **(Gondomar)**, a un camiño **(O Camiño de Gondomar)** e a un lavadoiro **(O Pilón de Gondomar)**. No Catastro de Ensenada denomínanse «Gondomar» unhas terras de cultivo con propietarios en «Candeán de Avajo» e «Tras do Pazo».

Deriva do nome medieval de orixe xermánica *Gundemaro*, que se mantivo vivo ata comezos do século XII (Navaza Blanco, 2007a). Gondomar puido ser o nome dun antigo *possesor* residente na zona ou con terras ou foros neste lugar.

▶ Leandro, O

O actual topónimo **O Leandro** (en plural **Os Leandros**), pronunciado tamén como **O Liandro/Os Liandros**, chamábase anteriormente «O Cocho de Leandro» (Catastro de Ensenada). Tratábase, polo tanto, dun terreo do que era propietario en tempos pasados un home de nome Leandro.

O Leandro é unha superficie de regadío dividida en leiras individuais, situada aos pés do pequeno núcleo rural do Busto.

▶ Quintián, O

Superficie que se localiza entre os núcleos da Rabadeira e da Freiría. Inclúe unha parte agrícola inferior e unha zona superior arborada, dividida en coutadas particulares **(As Coutadas do Quintián)**. Os campos tamén se encontran parcelados, de maneira que o topónimo presenta unha variante en plural **Os Quintiáns**. É unha área dunha certa extensión que está dividida á súa vez en topónimos menores, como **O Quintián Pequeno** e **O Quintián do Tellado**. Este último está próximo a outro topónimo histórico, que tamén aparece rexistrado no Catastro de Ensenada: *O Tellado*. Na parte superior das coutadas existían ademais unhas pozas de regadío que resultaron afectadas pola estrada, **Os Pozos do Quintián**. No século XVIII, *O Quintián* situábase (como aínda o fai hoxe en día) na zona transición entre o espazo agrícola e o forestal, e documentouse entón a existencia de cultivos de secaño, monte e «20 ferrados de dehesa», unha superficie de aproximadamente

unha hectárea, semellante á que ocupan na actualidade as *Coutadas do Quintián*. A forma *devesa* aínda se conserva como topónimo nas proximidades do Quintián.

A palabra *Quintián* procede do nome dun antigo *possesor* destas terras chamado Quíntila ou Quintilanis, antropónimo de orixe xermánica (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014: 34). A perda do *-L-* intervocálico (que acompañou a evolución ao galego das formas latinas orixinais) transformou «Quintilanis» en «Quintianis», que se convertería despois en *Quintián*. Quíntila, Quintilanis foi un nome masculino relativamente frecuente en Galiza a finais do primeiro milenio amplamente documentado nos séculos IX e X. A partir deste último século o seu uso foi en declive, ata desaparecer finalmente no século XII.

Ao observar a situación destas terras e a proximidade dos cultivos á Rabadeira, non sería de estrañar que o propietario residise neste núcleo histórico da parroquia de Candeán, un dos máis poboados no século XVIII, tal e como reflicte o Catastro de Ensenada.

▶ Regoufe

Conteñen a palabra *Regoufe* os topónimos **O Regoufe** (ou **O Regoufo**), **O Camiño do Regoufe**, **As Coutadas de Regoufe** e **O Río de Regoufe.**

É unha zona predominantemente forestal, que consta no Catastro de Ensenada co nome de «Regoufe» ou «Regoufee», e que está ocupada entón por monte, devesa e cultivos de secaño. Existe unha certa vacilación na fala local no uso do artigo, que pode aparecer ou non. Podemos escoitar, así, as formas *Camiño do Regoufe* ou ben *Camiño de Regoufe*.

Na parroquia de Candeán recollemos un xenérico cunha aparencia semellante: *regoufa*. Unha *regoufa* é aquí un amoreamento lineal de pedras que separa o monte comunal das propiedades particulares. Esta palabra podería estar relacionada coas voces *regoza* e *rega*, escoitadas tamén en Candeán, aínda que estas últimas se refiren a depresións do terreo ou foxos *(Dicionário Eletrónico Estraviz)*.

No entanto, decantámonos máis por unha segunda posibilidade: que a forma *Regoufe* sexa un topónimo derivado do nome xermánico dun antigo *possesor* destas terras, chamado Recaulfus (Piel e Kremer,

1976: 225). Esta forma estaría próxima deste modo aos antropónimos «Regulfe» ou «Regufe».

▶ Verde, A

É o nome de dúas superficies forestais distintas que se encontran no monte de Candeán:

— **A Verde**, **As Verdes**, **As de Verde** ou **A Coutada das Verdes** (no Monte Pequeno).

— **A Verde** (tamén chamada **As Verdes**, **A de Verde**, **O Verde** ou **O Monte da Verde**), **A Fonte do Verde** e **As Pozas da Verde** (zona situada baixo o Vixiador, que comprende monte comunal e coutadas particulares).

Na maioría destes casos o topónimo *Verde* presenta xénero feminino, aínda que nalgunhas ocasións tamén o rexistramos como masculino. *Verde* é un adxectivo derivado do latín VIRIDE, que normalmente aparece acompañando un substantivo: *Monteverde*, *Penaverde*, *Valverde* etc. Non obstante, aquí aparece en forma de substantivo.

A interpretación popular do topónimo *A Verde* do Monte Vixiador é que neste lugar existía un pasto moi bo, que «estaba sempre verde». *Verde* sería aquí sinónimo de fértil e vizoso, reflectido na cor verde dos panascos ou pasteiros naturais, que estarían situados posiblemente en depresións ou ladeiras húmidas.

Pero existe outra posibilidade: durante a Idade Media, *Verde* usouse como apelido ou sobrenome persoal. Ese sería o caso do topónimo *A Eira de Verde*, situado en Catoira (Navaza Blanco, 2007a). Xustamente, os dous topónimos *A Verde* que rexistramos en Candeán presentan entre as súas variantes a forma *A de Verde*. A existencia dun antigo propietario medieval alcumado *O Verde*, dono de dúas parcelas de monte que herdarían o seu nome, podería explicar a orixe deste topónimo.

▶ Xan

Xan é unha variante popular de *Xoán*, moi prolífica na toponimia da parroquia de Candeán:

— ***Xan Carreira*** (terras de cultivo na Freiría) e ***A Casa do Xan Carreira*** (na Rabadeira).

— **Xan de Vilar** (campo situado na Vesada).
— **Xan do Outeiro** (antiga superficie de cultivo, nos Currás).
— **Xan da Vila** (coutadas e *seguedos* situados en Erminde).
— **O Carballo de Xan Méndez.**
— **A Casa do Xan Méndez**[6] (dun veciño chamado Juan Méndez), **O Camiño do Xan Méndez**, **A Presa do Xan Méndez**, **A Fonte do Xan Méndez** e **O Campo de Xan Méndez** (na Fonte Escura).
— **A Casa do Tío Xan Manel** (en Maceiras) e **A Casa do Xan Manel** (en Subride de Arriba).
— **A Casa de Xan da Burra** (na Devesa).
— **A Casa de Xan do Campo** (na Freiría).
— **A Casa de Tía María de Xan Pintos** (na Igrexa).
— **A Casa do Xan do Rato** (na Goleta).
— **As Xampanas**, **A Ribeira de Xan Panas** e **O Pinal de Xan Panas** (en Erminde).

A HISTORIA

▶ Castro

O topónimo *Castro* procede do latín CASTRUM 'fortificación, campamento militar' (Moralejo Álvarez, 2008). Esta palabra designaba en principio os campamentos do exército romano, pero os romanos usaron tamén este nome para referirse aos poboados das culturas da Idade de Ferro, coas que se toparon no seu proceso de expansión territorial cara ao norte e conquista. Con estes pobos (aos que coñecían como «celtae») negociaban as condicións da súa incorporación forzosa ao Imperio romano ou ben entraban directamente en combate con eles cando non aceptaban someterse aos invasores. Os poboados castrexos que existían no noroeste ibérico recibiron nese momento a denominación de *castros*, aínda que con anterioridade presentaban denominacións distintas, nas que aparecía con frecuencia a forma BRIGA (e outras derivadas, como *-brix*) como segundo elemento en topónimos compostos.

[6] Na maioría das ocasións, as informantes pronuncian estes topónimos xuntando o nome e o primeiro apelido: A Casa do Xaméndez, A Fonte do Xaméndez etc.

A palabra *castro* —que a maior parte das persoas entrevistadas pronuncia na súa forma metatizada *crasto*— aparece en numerosos topónimos da Freiría, en relación cos restos dun poboamento castrexo que se localiza sobre este núcleo: **O Castro** ou **O Crasto**, **As Coutadas do Crasto**, **Os Crastos**, **Os Muíños do Crasto**, **A Chan do Crasto**, **As Pozas do Crasto**, **O Río do Crasto**, **As Lagoas do Crasto**, **As Coutadas de Tras do Crasto** e **O Camiño de Tras do Crasto**.

No Catastro de Ensenada o *r* de *Castro* mantén a súa posición orixinal, e tamén se conserva na maior parte dos casos a forma completa do poboado prehistórico: «O Castro da Freiría».

Na parroquia de Candeán existe ademais un segundo castro na marxe dereita do río de San Cristovo: *O Monte de Codeside*. Neste caso, a toponimia actual non conserva a forma *castro*, como tampouco aparece recollida no Catastro de Ensenada. Este poboamento castrexo está moi deteriorado pola urbanización da súa *coroa*, que ademais resultou partida en dúas pola apertura dunha estrada. O topónimo *Monte de Codeside* refírese precisamente á topografía local, que foi elevada e moldeada polo levantamento dos noiros defensivos do poboado. A zona superior do castro, de relevo chan, recibe o suxestivo nome de *Praza dos Mouros*.

Nas proximidades do monte do Vixiador, o deslinde municipal do ano 1939 menciona ademais, como punto de referencia, o denominado *Castro Ferreiro*. Non existe constancia que nós saibamos da existencia de ningún castro nesta elevación.



Monte de Codeside, onde se localizan os restos dun castro

▶ Celeirós

Topónimo pronunciado con distintos graos de seseo e de acentuación, que ademais inclúe a variante *Soleirós*. As formas máis comúns son *Celeirós* e *Celeiros*. Non aparece rexistrado no Catastro de Ensenada. Celeirós é unha zona de cultivo formada por varias leiras, que se encontra entre *A Gatiñeira* e *O Muíño Vello*, e que linda polo sur cos noiros do castro de Codeside.

Celeiró deriva posiblemente de CELLARIOLUM, diminutivo de CELLARIUM 'celeiro' (Ares Vázquez, 2004). A palabra *celeiro* ten diversos significados en galego: adega, compartimento da vivenda, tulla, depósito onde se almacenan diversos produtos do campo (en especial cereais) etc. Quizais estas acepcións teñan a súa orixe nos *celeiros* históricos, silos onde se gardaban as rendas agrícolas que cobraban os facendados e a igrexa. Esta podería ser a orixe do topónimo *Celeirós*, que se localiza nuns terreos de cultivo, no exterior dos núcleos habitados da parroquia de Candeán. Consideramos que esta situación, demasiado exposta a posibles espolios e distante das vivendas, apunta a que non se trataba quizais de depósitos de tipo doméstico pertencentes aos veciños da zona, senón posiblemente de silos pertencentes a algún antigo *possesor* medieval ou institución relixiosa. Por outro lado, a situación que semella máis probable para os posibles silos non é a propia superficie do campo de cultivo, senón o seu extremo sur, na mesma base das estruturas defensivas do castro de Codeside.

Como resulta habitual nestes casos, a tradición oral sinala que o poboado castrexo estaba habitado polo mítico pobo dos *mouros*, que neste caso adoitaban asaltar os canastros e regadíos da veciña parroquia de Cabral para facerse co seu millo, co cal alimentaban os seus cabalos. Na coroa do castro, ademais, celebraban os mouros os seus mercados. O simbolismo deste espazo era tal que non foi habitado ata tempos recentes, e rompeuse un tabú que se mantivo vivo durante moitos anos. Outra posible interpretación deste topónimo sería, polo tanto, que o silo que lle deu nome non fose propiedade de persoa ou institución ningunha, senón que se tratase dun depósito ou cova oculto no castro de Codeside, onde os mouros gardarían o seu cereal (ou o cereal que lles roubaban aos humanos). Quizais a tradición oral nos poida achegar algunha luz sobre este tema.

▶ Facha, A

Promontorio que se alza sobre Erminde, que recibe os nomes de **A Facha**, **O Alto da Facha** ou **O Monte da Facha**. Baixo este monte comunal sitúanse **As Coutadas da Facha**, así como unha antiga propiedade particular de grande extensión: **A Facha do Caramuxo** ou **Finca da Facha**, onde se localizaba a chamada **Casa da Facha**.

Existe unha relación semántica moi reveladora entre a *facha* galega e a do norte de Portugal. Así, mentres en Galiza unha *facha* é polo xeral un feixe de palla atado nun pau, que se levaba prendido de noite para alumearse polos camiños, no norte de Portugal unha *facha* é un mollo de palla, ou un brazado de millo que se colgaba a secar para alimentar os animais. A orixe da palabra *facha* podería estar, polo tanto, na forma latina FASCIS 'feixe de pólas', combinada con FACULA 'fachuco'.

Ademais, a palabra *facha* pode ser sinónimo de *facho*. Existen en Galiza numerosos montes e cumes que reciben este nome: *O Facho de* Donón (Cangas), *O Facho de Brandariz* (Mougás, Oia) e outros moitos. Unha das acepcións que presenta esta voz é a de promontorio que se utilizaba como punto de vixilancia en tempos de guerra. Para comunicárense entre si as distintas atalaias que existían nun determinado territorio, prendíanse fogueiras nestes altos que eran visibles a considerable distancia. Estas esculcas recibían nomes tales como *Atalaia, Faro, Vela, Sentinela* etc. Existiron desde a Idade Media ata o século XVII, cando se utilizaron profusamente durante a guerra de Independencia de Portugal, no territorio da diocese de Tui (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014).

▶ Poba, A

Esta é a forma máis común do topónimo en Candeán, aínda que se conserva a variante **Póboa**. A Poba é un núcleo habitado que se sitúa entre A Torre dos Mouros e O Cotobade. A pesar da antigüidade deste topónimo e do seu carácter de lugar habitado, non aparece recollido no Catastro de Ensenada. Posiblemente naquel tempo recibiría algún outro nome de carácter oficial que ocultaba o primeiro, como podería ser *Candeán de Arriba*.

A palabra *Poba* pertence a un grupo de topónimos que presentan formas semellantes, como *Pobla*, *Pobra*, *Proba* ou *Póboa*. Desta

última derivaría o topónimo *A Poba* de Candeán. *Pobla* procede do latín POPULA 'pequena poboación'. *A Pobla* é un clásico topónimo de repoboación medieval (Moralejo Lasso, 1977), que nace dun proceso de promoción urbana que se denominaba «fazer pobla». Mediante unha carta de poboamento, que os documentos medievais galegos denominan como «carta-proba» ou «carta-pobra», unha autoridade señorial ou eclesiástica (o rei, a igrexa, un señor, unha orde militar etc.) establecía as normas de carácter xurídico e administrativo que debían seguir os novos ou actuais *poboadores*: obrigas, foros, privilexios etc. Tratábase así de impulsar a repoboación de zonas deshabitadas, ou ben de promover pequenas vilas baixo o control da monarquía ou dalgún outro poder da época. Este proceso desenvolveuse durante a Idade media, a partir do século XI.

A Poba de Candeán sitúase a menos de 200 metros da torre medieval coñecida como *A Torre dos Mouros*, da que deriva algún topónimo que aparece no Catastro de Ensenada, como «O Pazo da Thorre». Pensamos, polo tanto, que este é un topónimo de orixe histórica vinculado co Candeán medieval, do que quizais constituíse o seu núcleo fundacional. Na memoria da parroquia aínda perdura o recordo do *fielato* que existía neste lugar.

Un *fielato* era unha caseta que se levantaba na entrada dunha poboación, onde se cobraban as peaxes que debían pagar as mercadorías que a atravesaban. O termo *fielato* deriva de *fiel* 'agulla da balanza que sinalaba o peso dunha peaxe'. No fielato da Poba, lembran aínda algúns veciños, os carros eran obrigados a parar e pagar unha peaxe para poder continuar a marcha.

▶ Torre

Topónimo que se repite en dous lugares da parroquia de Candeán:

— **A Torre**. Descoñecemos que estrutura puido orixinal a este topónimo. Sitúase a carón da Goleta, núcleo histórico de Candeán que aparece citado no Catastro da Ensenada. Baixo este lugar existe un valado moi pronunciado.

A palabra *torre* procede do latín TURRIS 'torre', común nas linguas romances occidentais (Marqués Valea, 2004).

— **A Torre dos Mouros** ou **A Torre**, **O Camiño da Torre** e **A Torre** (campos de cultivo). Neste caso, si se conservan no lugar os

restos dunha torre medieval, que se sitúa sobre un promontorio do terreo. Aínda se poden apreciar as ruínas da torre principal, as escaleiras de acceso e os elevados socalcos defensivos que se dispoñen de arredor. Nas inmediacións téñense atopado numerosos fragmentos cerámicos, comprendidos nun período que abarca a Idade de Ferro, etapa de dominación romana e Idade Media. No Catastro de Ensenada aparecen incluídos os topónimos: «A Thorre», «Tras dos Paso da Thorre», «Paso da Thorre» (ou «Pazo de Thorre») e «Cocho da Thorre».



Restos da fortificación medieval da *Torre dos Mouros*

▶ Torreón, O

Está enclavado en pleno centro de Erminde, un dos núcleos máis importantes de Candeán no século XVIII. A súa posición é estratéxica e dominante, xa que se alza sobre unha ladeira de forte pendente. Non temos noticias sobre a existencia neste lugar de vestixios históricos, pero o topónimo semella moi revelador. O emprego do sufixo aumentativo *-on* destaca as dimensións deste elemento, para nós descoñecido.

Véxase *A Torre*.

▶ Tras do Pazo

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Vixiador, O

O monte máis alto da parroquia de Candeán recibe o nome de **O Vixiador**, malia que algúns veciños e veciñas usan as variantes **Vixiadore**, **Veixiador** e **Veixador**.

Un *vixiador* é 'aquel que vixía'. A posición dominante deste lugar, que previsiblemente no pasado presentaba unhas vistas excelentes, remítenos ao grupo de topónimos relacionados co labor de vixilancia fronte a posibles incursións inimigas en tempos de guerra (véxase *A Facha*), grupo este que inclúe formas como *O Facho*, *O Faro*, *A Esculca*, *A Atalaia* e *A Sentinela* (Carrasco Joaquín e Navaza Blanco, 2014).

Pero tamén aparece en ocasións a palabra *vixía* (do latín VIGILARE 'observar'), como no caso da *Pedra Vixía* (Zas) ou da *Vixía Herbeira*, na Serra da Capelada.

A RELIXIÓN

▶ Calvario, O

Recibe este nome a parte baixa do núcleo da Igrexa, debido á existencia no pasado do chamado *Calvario Vello*, que estaba composto por tres cruces. Na Semana Santa, unha procesión recreaba o *Vía Crucis* ou a ascensión de Cristo ao monte Calvario ou Gólgota, onde sería crucificado en Xerusalén. O nome latín desta elevación era CALVARIAE LOCUS 'lugar da calivera', polas formas (semellantes a cranios) que presentaban as rochas nunha das súas ladeiras.

Consérvase en Candeán o nome de **Calvario Vello**, que se refire a unha volta do **Camiño do Calvario** onde estaba situada posiblemente unha das cruces que integraban o trío. Baixo A Fonte do Tardo existían ademais os chamados **Campos do Calvario**, hoxe desaparecidos pola construción do túnel da autoestrada.



Unha das cruces que integraba o antigo Calvario, na súa localización actual

▶ Cotobade, O

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Coutada do Abade, A

Chamada tamén **A Coutada do Crego**, **A Coutada do Cura**, **A Coutada de Nosa Señora**, **O Pinal da Iglesia** ou **O Pinal do Cura**.

É unha extensa superficie forestal propiedade da Igrexa. A forma abade foi utilizada popularmente en Candeán (como aínda lembran algúns veciños e veciñas) para referirse ao párroco da parroquia. Pero esta palabra foi perdendo forza fronte a *cura*, única forma que se utiliza na actualidade. Ademais de párroco, a palabra *abade* pode referirse tamén ao superior dun mosteiro.

Abade procede do latín ABBATE 'superior dunha abadía', 'título concedido a certos monxes'.

Véxase *O Cotobade*.

▶ Frade, A do

A do Frade e **A Presa do Frade** son dous topónimos que se encontran en Subride de Arriba.

Un *frade* (> latín FRATRE) é unha persoa que pertence a unha orde relixiosa. Esta forma non aparece rexistrada no Catastro de Ensenada. Tampouco coñecemos ningún alcume familiar *os frades* en Candeán. Non sabemos se existe algunha vinculación entre o *frade* que deu nome a este terreo e o topónimo *A Freiría*, ou se se trataba dun propietario alleo á parroquia.

Véxase *A Freiría*.

▶ Freiría, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).

▶ Igrexa, A

Véxase o apartado *Os primeiros núcleos de poboamento* (capítulo 3).



Imaxe de San Cristovo no retablo da igrexa parroquial

▶ Presa da Abadesa, A

Tamén se coñece como **A Presa da María da Perfeuta**. Está situada a escasos metros da *Fonte Branca* ou *Fonte do Sileiro*, ao sur da Devesa.

Unha *abadesa* é unha superiora dun convento. Esta voz deriva do latín ABBATISSA (que presenta o mesmo significado). Na parroquia de Candeán non temos constancia da presenza histórica de ningún mosteiro ou convento, de modo que poderiamos interpretar este topónimo como un marco de propiedade dunha posesión dun convento rexentado por unha abadesa.

Cabería unha segunda posibilidade: que a dona do terreo no cal estaba situada a presa fora a *querida* do abade, nalgún momento do pasado.

Véxase *A Coutada do Abade*.

▶ Suaigrexa, A

É un topónimo recollido como **A Suaiglesia** (en plural **As Suasiglesias**). Non se trata evidentemente de que existan ou existisen varias igrexas neste lugar. Como resulta habitual, a división en varias leiras individuais dunha mesma superficie fai que, para referirse a esta, a veciñanza utilice con frecuencia a forma en plural do topónimo. No Catastro de Ensenada estes terreos figuran como «So a Iglesia» e «Campo de Soyglesia».

A primeira sílaba *su-* (de *so-*) deriva da preposición latina SUB- 'baixo de'. Neste caso, refírese a uns campos que están situados baixo a igrexa parroquial de San Cristovo de Candeán.

Véxase *A Igrexa*.

▶ Terra Santa, A

Intrigante o nome desta antiga superficie de cultivo que resultou varrida polas obras da autoestrada, nomeada como **A Terra Santa** ou **As Terras Santas** (a forma en plural débese igualmente a que estaba dividida en varias parcelas), coñecida tamén como **Os Campos da Terra Santa**.

Segundo a tradición oral de Candeán, neste lugar situábase a antiga igrexa parroquial, antes de edificarse a actual uns 150 metros máis arriba. Cando se abandonou o antigo santuario, a superficie na que se asentaba pasou a denominarse *A Terra Santa*. Durante un tempo ninguén se atreveu a tocala, pero finalmente foi poxada, e pasou a mans da familia Echevarría. Polo que sabemos, foi vendida posteriormente a veciños de Candeán.

Na actualidade resultaría moi difícil encontrar restos da posible edificación histórica, pois a maior parte desta zona desapareceu polo trazado da AP-9 en Candeán.

As lendas

▶ Fonte do Tardo, A

O *tardo* formou parte da tradición oral da parroquia de Candeán e foi protagonista con seguridade de multitude de relatos. Hoxe en día, no entanto, a súa memoria está cada vez máis esvaída. Varios veciños e veciñas da parroquia foron interrogados sobre a orixe deste topónimo e só puidemos investigar que o tardo facía a súa aparición neste lugar pola noite.

Tardo, *trasno*, *demo burlón* ou *tártalo* eran nomes que recibía este personaxe máxico de hábitos nocturnos e pequeno tamaño, que aparecía con frecuencia nos muíños de auga e nos camiños. Vestía farrapos, tiña pezuños en vez de pés, nariz de gato e ás veces presentaba dous corniños na testa, que abrigaba cun pucho vermello. Recibe o nome de *tardo* nas parroquias do norte de Vigo, pero no sur do termo municipal era coñecido como o *tártalo*. Cambiaba de forma e de tamaño a vontade, e transformábase nun animal calquera: nun cabalo, nun burro, nun can, nunha galiña seguida polos seus pitiños, nun porco…, ou en animais salvaxes coma o *rabisaco* (xeneta). Buscaba mil maneiras de confundir a/o camiñante e atraer a súa atención; pero tamén podía collelo polas bravas ao lombo e deixalo abandonado no alto dun monte ou nunha brañeira. Ás veces introducíase na casa, onde gastaba todo tipo de bromas, como ocultar obxectos, causar ruídos que semellaban romper a louza na cociña ou deitarse sobre o corpo dunha persoa que está durmindo e deixala sen alento. Intentar relatar

aquí as infinitas estratexias que discorría para rirse a conta da xente resultaría interminable. Non obstante, o seu carácter era burlesco pero non maléfico.

No ano 1933, Xaquín Lourenzo recollía en Lobeira (Ourense) unha lenda que explicaba a orixe deste ser (2004):

> Cando Deus rematou de criar o mundo, convocou os anxos para que entrasen con el no ceo. No momento en que considerou que xa todos estarían dentro, pronunciou a frase: «sursum corda». As portas do ceo pecháronse entón para sempre. Pero un anxo demorouse polo camiño, e cando chegou ás portas do paraíso encontrouse con que a entrada estaba pechada. O anxo *tardón* (ou *tardo*) tivo que ficar neste mundo por causa da súa preguiza, converténdose nun demiño de carácter non maligno que se divirte polas noites facéndolle trasnadas á xente. Como o seu pecado foi leve non está permitido facerlle mal ningún, de modo que para defenderse das súas trasnadas só se pode recorrer a certas fórmulas e esconxuros.



Lugar onde se situaba *A Fonte do Tardo*, destruída polas obras de construción da autoestrada. Á desaparición física da fonte temos que sumar a perda da tradición oral asociada. O topónimo alude á aparición habitual neste lugar do personaxe máxico do tardo

▶ Mouros, Os

O substantivo *mouro* podería referirse aos habitantes do norte de África, pero na tradición popular galega os *mouros* eran os habitantes dos poboados e enterramentos prehistóricos (castros e mámoas), nas fortalezas altomedievais ou en formacións xeolóxicas singulares, que semellan ser obra do ser humano. Vivían ocultos da vista dos labregos e labregas en fastosos pazos subterráneos, e levaban unha existencia paralela á das antigas comunidades labregas, coas que raras veces entraban en contacto. Son protagonistas de multitude de lendas populares, tamén na parroquia de Candeán.

Segundo a información recollida, vivían baixo *A Torre dos Mouros*, que estaba comunicada a través dun túnel co castro de Codeside. Na coroa do castro encontrábase *A Praza dos Mouros*, que usaban como lugar de reunión. As mouras utilizaban a condución subterránea para baixar ata o río de San Cristovo, onde lavaban e peiteaban os cabelos. Tamén a través do mesmo túnel os mouros baixaban a alimentar os seus cabalos a Parada (Cabral). Alí abrían os canastros dos veciños e veciñas para darlles de comer as mazarocas de millo ás súas monturas.

Mouro procede da palabra latina MAURUS 'mouro, habitante da Mauritania ou de África en xeral'. Quizais se produciu unha certa asimilación entre o pobo mítico dos mouros e os árabes que ocuparon a península entre os séculos VIII e XV. Tiñan en común o seu carácter de pobos estraños que non profesaban a fe cristiá, ben por abrazaren outras relixións distintas, ben por estaren relacionados con antigas culturas ou vestixios arqueolóxicos precristiáns, como as que habitaron Galiza durante o Neolítico ou as idades do bronce e do ferro.

A toponimia relacionada con estes seres máxicos está localizada noutros tantos restos arqueolóxicos e históricos da parroquia de Candeán:

— **A Praza dos Mouros** (na coroa do castro de Codeside).
— **A Torre dos Mouros** (na fortaleza medieval do mesmo nome).
— **A Casa dos Mouros**, tamén chamada **Cortello dos Mouros**, **Pedras do Mouro** ou **Pedras dos Mouros**, enclavada na **Coutada dos Mouros**. É a mámoa mellor conservada da parroquia de Candeán (está situada sobre o barrio da Devesa).

4 Índice de topónimos

Abade, A Coutada do 177
Abadesa, A Presa da 179
Abeleiral O 75
Alvariza, A 145
Ameixeira, A 76
Amieira, A 77
Amieiros, Os 77
Balanciña, A 16
Barreira, A 78, 146
Barxa 121
Bosende, O 163
Bosque, O 78
Busto, O 17,122
Cabo, O Campo do 125
Cachada, A 122
Cachadiña, A 123
Cacharela, A 123
Cacharola, A 123
Caeira, A 35
Caeiro, O 35
Cales, As 50
Calvario, O 175
Calloas 164
Campelo, O 124
Campiño, O 124
Campo 124
Candea, A 78

Candeán 164
Canexa, A 148
Canto, O 36
Cañoteira, A 79
Carballeira, A 80
Carballiño, A Fonte do 81
Carballo de Xan Méndez, O 81
Carballos, A Coutada dos 90
Cardadeira A 148
Carrasqueiro, O 82
Casa 149
Casarella, A 151
Castañal, O 82
Castiñeira, A 83
Cavada, A 126
Cavadiña, A 19, 126
Celeirós 171
Centeeira, A 83
Cerdeira, A 85
Cerqueiro, O 85
Ceviñeiro, O 87
Chan 36
Cobra, A Pedra da 117
Cocheiros, Os 126
Cochiño, O 127
Cocho, O 127
Codeside 88
Corguiña, A 37
Costa 151
Costeira, A 39
Costal, O 38
Costiña, A 39
Cotarro, O 40
Cotela, A 40
Cotiño, O 40
Coto, O 41
Cotobade 20, 177
Coutada 90,128

Coutado, O 130
Covas, As 42
Cuarto, O 151
Cudosal, O 90
Currás, Os 152
Devesa, A 91
Eido, O 131
Eido de Arriba, O 21, 131
Eirado, O 132
Eira de Dentro, A 131
Enxido, O 132
Erminde 164
Escorregada, A 43
Espadanal, O 92
Esqueiriña, A 22, 133
Estripeiro, O 94
Fabal, O 95
Facha, A 172
Ferreira, A 152
Ferreiro, O 164
Ferreiro, O Coto 42
Ferro Vello, A Fonte do 52
Figueiras, As 96
Folgada, A 96
Fonte 51
Fonte Branca, A 23
Fonte da Barca, A 24
Fonte Escura, A 26, 52
Fontiña, A 53
Frade, A do 173
Fregana, A 165
Freiría, A 26, 177
Gatiñeira, A 116
Gato, A Pedra do 117
Goleta, A 27
Gondomar 166
Gorgullón, O 53
Horta 133

Hortiña, A 134
Igrexa, A 28, 177
Lago, O 53
Lagoa, A 54
Lagoeira, A 56
Lamas 134
Laranxeira, A 97
Lareiral, O 97
Largo 153
Laxe, A 44
Leandro, O 166
Leira 134
Leiriña, A 135
Leiros, Rial de 70
Lobo, A Pedra do 118
Lomba, A 45
Loureiro, O 98
Lugar 153
Maceira, A 99
Maceiriña, A 100
Maleita, A 154
Maleitiña, A 154
Mariñeira, A 135
Martaraño 116
Meladas, As 155
Mellora, A 155
Millada, A 100
Mina, A 57
Minada, A 57
Monte 45
Monte Pequeno, O 46
Mouros 182
Mouteira, A 136
Muíño 57
Nogueira, A 101
Olmos, Os 102
Olleiro, O 59
Outeiriño, O 46

Outeiro, O 47
Palleiro 156
Panasca, A 136
Panasco, O 137
Parachán, A 29, 47
Pardiñeiro, O 156
Pedra 47
Pedriñas, As 48
Penedo, O 48
Pereira, A 103
Pereiriña, A 104
Pereiro, O 104
Pinal 104
Pinos, Os 106
Piñeiro, O 106
Pío, O 157
Poba, A 172
Pombal, O 157
Ponte 60
Pontecela, A 61
Pontillón, O 62
Porta, O Campo da 146
Portal 158
Portela 159
Portelo, O 160
Poza 63
Pozo 63
Pouleira, A 138
Presa 64
Presote, O 65
Queimada, A 138
Quinta, A 160
Quintián, O 166
Quirincosta, A 161
Rabadeira, A 30
Rabo de Asno 120
Rapada, A 139
Rechán 49

Regada, A 66
Regas, As 66
Rego 67
Regoufe 167
Regueira, A 68
Regueiro, O 68
Regueiriño, O 68
Rexedouro, O 69
Rial 70
Rial de Leiros 70
Ribeira 70
Río 70
Río Vello 72
Rosío, O 73
Roza, A 139
Salgueiriño, O 107
Salgueiro, O 108
Seguedo 140
Seixo, A Fonte do 44
Serodio, O 138
Sobreiro, O 109
Solombo, O 50
Sorrego, O 74
Souto, O 109
Suahorta, A 141
Suaigrexa, A 179
Suasálbares, As 110
Subride 31
Tardo, A Fonte do 180
Tellado, O 161
Terra Santa, A 179
Tomadas, As 74
Torre, A 173
Torreón, O 174
Tras do Pazo 32, 175
Travesas, As 142
Trepia 162
Trigo, A Coutada do 90

Valadiña, A 33, 142
Valado, O 142
Veiga 144
Verde, A 168
Vesada, A 145
Viña 111
Vixiador, O 175
Xan 168
Xestal, O 111
Xestaliño, O 112
Xestal Longo, O 113
Xinela, A 163
Xunco Mariño, O 113
Xunqueira, A 115
Zoques, Os 163

5 Bibliografía e webgrafía

Alonso Estraviz, Isaac: *Dicionário Eletrónico Estraviz* [en liña]. Dispoñible en: http://www.estraviz.org/.

Álvarez Maurín, María del Pilar (1994): *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica*. León: Universidad de León.

Ares Vázquez, Nicandro (1994): «Toponimia do concello de Taboada», *Lucensia*, 8, 129-133.

— (1998): «Toponimia do concello de Silleda», *Lucensia*, 17, 303-331.

— (2001a): «Toponimia do concello da Fonsagrada», *Lucensia*, XI/23, 317-336.

— (2001b): «Toponimia do concello de Chantada», *Lucensia*, XI/22, 71-96.

— (2003): «Notas de toponimia da comarca de Deza (Beilás, Albarellos, Anduxao e Praduxao)», *Descubrindo Deza*, 5, 199-208.

— (2004): «Toponimia do concello de Pedrafita do Cebreiro», *Lucensia* 28, 77-88.

— (2005): «Toponimia do concello de Carballedo», *Lucensia*, 30, 59-80.

— (2006): «Toponimia do concello de Cervantes», *Lucensia*, 33, 253-272.

— (2007a) «Toponimia do concello de Pobra de Brollón», *Lucensia*, XVII/35, 241-262.

— (2007b): «Toponimia do concello do Corgo», *Lucensia*, 34, 37-62.

Arquivo Histórico Provincial (AHP): *Catastro del Marqués de la Ensenada*. Candeán, Pontevedra.

Barros Alfaro, M.ª Lara (2014): «Conflitividade campesiña ao redor da propiedade e dos usos do monte no Baixo Miño, 1910-1970. Unha ollada ambiental», *Revista de Estudos Miñoranos*, 12/13.

Bascuas López, Edelmiro (2002): «Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega», anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela [a numeración remite ao parágrafo].

— (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro.

Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.

Carrasco Joaquín, Lorena e Gonzalo Navaza Blanco (2014): *Toponimia do Val de Fragoso: Beade*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Carré Alvarellos, Leandro (1928-1931): *Diccionario galego-castelán*, 1.ª ed. A Coruña: Lar.

Comisión de Toponimia de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Cuveiro Piñol, Juan (1876): *Diccionario gallego*. Barcelona.

Dasairas Valsa, Xerardo (2000): *Candeán, memorias dunha parroquia*. Candeán: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Candeán.

Fernández González, Frutos (2007): *Nomes do Ribeiro* [Galicia]. O Carballiño: Instituto de Estudos Carballiñeses.

Franco Grande, Xosé Luís (1972): *Diccionario galego-castelán*, 2.ª ed. Vigo: Galaxia.

García González, Constantino (1985): «Glosario de voces galegas de hoxe», anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

García Martínez, Xosé Ramón (2008): *Guía das plantas de Galicia*. Vigo: Xerais.

González González, Manuel e Antón Santamarina Fernández (dirs.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega* [en liña]. Dispoñible en: http:// academia.gal/dicionario/.

Instituto da Lingua Galega (USC): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*[en liña]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/Tesouro/.

Losada Cortiñas, E. J. Castro González e E. Niño Ricoi (1992): *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Lourenzo Fernández, Xaquín (2004): *O tardo*. Vigo: A Nosa Terra.

Machado, José Pedro (1989). *Dicionário etimológico da língua portuguesa: com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*. Lisboa: Livros Horizonte, 5 vol., 5.ª ed.

Marqués Valea, Xulia (2004): *Toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Moralejo Álvarez, Juan José (2008): *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Moralejo Lasso, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Editorial Pico Sacro.

Navaza Blanco, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

— (2007a): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.

— (2007b): «Topónimos da parroquia», en *Rebordechán. A nosa memoria*. Rebordechán: Asociación Cultural Amistade.

— (2011): *O nome dos lugares. Saiáns*. Vigo: Instituto de Estudos Miñoráns.

Piel, Joseph M. e Dieter Kremer (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

Rionegro Fariña, Isolina (1999): «La producción agraria de la Galicia interior a finales del Antiguo Régimen: dos comarcas de Ourense», *Revista de Agricultura e Historia Rural*, 18, 181-199.

Rivas Quintas, Eligio (1978): *Frampas, contribución al diccionario gallego*. Salamanca: CEME.

Rivas Quintas, Eligio (1982): «Toponimia de Marín». Anexo 18 de Verba. Santiago de Compostela.

— (1982): «Toponimia de Marín», anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Secretariado de Publicacións.

Rodríguez Gil, Francisco Javier (1863): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Ed. de Antonio de la Iglesia González.

Rodríguez González, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Vigo: Galaxia.

Sacau Rodríguez, Gerardo (1996): *Os nomes da terra de Vigo. Estudio etimolóxico*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

Santamarina Fernández, Antón (dir.): *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega* [en liña]. Dispoñible en: http://sli.uvigo.es/ddd/index.html.

Sarmiento, Frei Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas* (ed. de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca.

Sestay Martínez, Iván (2008): *Toponimia do Val de Fragoso: Coia*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

— (2010): *Toponimia do Val de Fragoso: Lavadores*. Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

Silgo Gauche, Luis (2013): *Estudio de toponimia ibérica*. Ed. Vision Net.

Sobreira Salgado, Juan (1792-1797): *Papeletas de un diccionario gallego* (ed. de J. L. Pensado, 1979). Ourense: Instituto de Estudios Orensanos.

Torres Martínez, Jesús F. (2005): *A economía dos celtas da Hispania atlántica* I. Noia: Ed. Toxos Outos.

Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela.

Varela Barreiro, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [en liña]. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/tmilg/index.html.

Vázquez Varela, José Manuel (1993-1994): «El cultivo del mijo en la cultura castreña del noroeste de la península ibérica», *Cuaderno de Estudios gallegos*, 41, 106, 65-73.

Índice

INTRODUCIÓN **7**
ESTRUTURA DO LIBRO **11**
TOPÓNIMOS. **15**
OS PRIMEIROS NÚCLEOS DE POBOAMENTO 15
O RELEVO 35
OS NOMES DA AUGA 50
A FLORA. 75
A FAUNA 116
AGRICULTURA E GANDARÍA 121
O MEDIO SOCIAL 145
POSESORES 163
A HISTORIA 169
A RELIXIÓN 175
AS LENDAS. 180
ÍNDICE DE TOPÓNIMOS **183**
BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA **191**
ÍNDICE **195**

A elaboración do mapa toponímico de Candeán, nos anos 2012 e 2013, permitiunos rexistrar un elevado número de topónimos. Este rico material ofreceunos a posibilidade de introducirnos en diversos aspectos da vida de xeracións e xeracións de veciños e veciñas que moraron na parroquia: a topografía do territorio que habitaban, os nomes da auga (tanto os cursos de auga e zonas húmidas de tipo natural como as estruturas artificiais de acumulación, condución e aproveitamento das augas), os animais –salvaxes e domésticos– cos que convivían, os cultivos, a flora silvestre que medraba de maneira espontánea en campos, montes e ribeiras, as antigas arroteas dos bosques e matos que abriron novos espazos á agricultura e á gandaría, os lugares onde residían, os distintos elementos de arquitectura popular, as vías de comunicación polas que transitaban, a historia, a estrutura social e as relacións que existían entre os seus membros, os alcumes familiares e a información etnográfica que estes conteñen, a transformación das materias primas, as actividades económicas, a historia, a relixión, as lendas populares...

Agardamos que este traballo vos permita redescubrir a parroquia de Candeán a través da súa toponimia, parte imprescindible do seu patrimonio cultural inmaterial, e investigar sobre os distintos significados agochados detrás dos nomes da terra, non como unha obra rematada, senón como un convite a continuar pescudando.

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS

CONCELLO DE VIGO

Área de Normalización Lingüística
Universidade de Vigo